

infraestruturas

Avánzase na remodelación das actuais instalacións da Protectora de Animais. **Páx. 6**

cultura

O 52º Festival de Música celebrará tres concertos no Fuxan os Ventos. **Páx. 8**

sociedade

A cidade viviu o gran apagón do día 28 de abril sen incidencias. **Páx. 17**

economía

Impulsan as axudas para libros e material escolar con vales de cen euros. **Páx. 22**

deportes

Reportaxe sobre o Club de Pentanca Lugo, que segue atraendo afeccionados. **Páx. 31**

Primeiro paso para abrir os aparcadoiros



Análise do conflito da planta de Coeses

A veciñanza continúa loitando para evitar a construción desta transformadora de residuos. **Páx. 2**

Tomé seguirá liderando o PSOE provincial

Foi reelixido nas Primarias diante da candidatura que liderou o paradelés Iván Castro. **Páx. 17**

A Volta do Agro



O colectivo cumpre 30 anos de historia e o seu presidente cóntanolo. **Páx. 10**

Lucía Iglesias García



A cantante lucense de ópera de 25 anos quere actuar en Lugo. **Páx. 16**

Plataforma Feminista



Entrevista a Ana Torrón, voceira desta entidade. **Páx.20**

A Deputación amplía o Plan de Estradas

Investirá 3,5 millóns máis para acondicionar outros 12 quilómetros este ano. **Páx. 23**

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ▪ Festivales
Fiestas ▪ Infantil
Humor ▪ Gastronomía
Teatro ▪ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

A Planta de Biometano de Coeses: Un conflito de intereses en Lugo

A instalación da planta de biometano na parroquia de Coeses, no Concello de Lugo, converteuse nun tema de debate que preocupa á veciñanza das parroquias afectadas. Este proxecto, promovido pola empresa Bioenergía Lugo S.L. busca transformar residuos orgánicos en biometano, unha fonte de enerxía renovable. Con todo, malia os beneficios ambientais e económicos que promete a empresa, as persoas que viven na zona ven este proxecto como unha ameaza para a súa saúde e o seu entorno.

Desde o inicio da súa planificación, o proxecto atopou a oposición rotunda de diversos colectivos veciñais, sendo a Plataforma de Veciños contra a Planta de Biometano a voz principal de protesta. A plataforma, formada por residentes das parroquias limítrofes e afectadas polo proxecto, denuncia a falta de transparencia, a desinformación e a posible inxustiza ambiental que suporía a implantación desta planta. Ademais, denuncian que este proxecto conta co apoio da comunidade de montes de Coeses, que lle aluga desde hai dous anos os terreos á empresa para que poidan desenvolver o proxecto. A negativa á planta de biometano non só se limita á protesta dos veciños. O informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) de febreiro de 2025 foi en contra deste proxecto, xa que, tras estudar a información complementaria aportada pola empresa nos últimos meses, a CHMS mostrou unha preocupación profunda polo impacto ambiental da planta e advertiu que a instalación afectaría negativamente ás masas de auga subterránea da zona, unha área que xa se encontra próxima a zonas de protección hídrica e a áreas vulnerables á contaminación por nitratos. Esta advertencia subliña os riscos de contaminación das augas



superficiais e subterráneas, que son fundamentais para a vida rural das parroquias afectadas, onde moitos veciños dependen de pozos privados para o subministro de auga. Con este informe en contra da CHMS, a Dirección Xeral Calidade Ambiental e Sostibilidade da Xunta emitiu un primeiro fallo tendo en conta estes informes da CHMS e, polo tanto, deulle á empresa un prazo de 10 días para presentar un novo proxecto que resolvase as deficiencias detectadas ao verter as augas residuais a un regacho que desemboca no Miño. Así o fixo a empresa, pero foi denegado e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático tamén denegou

a solicitude de autorización ambiental integrada e avaliación de impacto ambiental ordinaria. A falta dunha avaliación ambiental exhaustiva, xunto coas deficiencias técnicas detectadas, a Xunta rexeitou o proxecto da planta. Porén, deulle á empresa un mes para presentar alegacións.

Con todo, a veciñanza critica que, malia estes informes desfavorables, a Xunta continúa a defender o proxecto. Dende o Bloque Nacionalista Galego (BNG), que desde que se soubo do proxecto estivo do lado dos veciños mostrando a súa oposición; critican que o proxecto fose cualificado como unha "Iniciativa Empresarial Prioritaria", sen ter

en conta os efectos que podería ter sobre o medio ambiente e a saúde das persoas. Rubén Arroxo, tenente alcalde de Lugo e portavoz do BNG, declarou o apoio total á loita veciñal, subliñando que o proxecto "foi rexeitado pola Autorización Ambiental Integrada, pero a Xunta insiste en respaldalo, priorizando os intereses privados por riba dos dereitos da veciñanza".

IMPACTO VECIÑAL. A veciñanza considera que o lugar escollido para a planta de biometano non é o máis adecuado. Trátase dunha zona de monte comunal e forestal, que tradicionalmente foi destinada a actividades de explotación forestal. Para os veciños, este proxecto non só afecta ao seu entorno natural, senón tamén ao seu estilo de vida e aos seus dereitos como cidadáns.

O principal temor dos veciños non só se centra nas posibles consecuencias medioambientais, senón tamén na súa calidade de vida. Un dos maiores temores é o aumento da contaminación atmosférica derivada dos olores que se xerarían na planta, especialmente cando se fagan os transportes de residuos e a súa descarga, que se realizaría a tan só 200 metros de

vivendas. Ademais, a proximidade da planta a núcleos residenciais levanta serias dúbidas sobre o benestar dos residentes, xa que a planta funcionaría as 24 horas, os sete días da semana, o que provocaría rúidos constantes.

Outro dos riscos que se destacan é a potencial contaminación das augas. Moitos veciños dependen de pozos para o abastecemento de auga, e a instalación dunha planta que xere residuos orgánicos e que requira unha gran cantidade de auga para o seu funcionamento pode poñer en perigo este recurso tan fundamental. A proximidade de áreas protexidas e a súa influencia nas masas de auga subterránea son factores que, segundo os informes técnicos, non foron correctamente avaliados no proxecto.

A veciñanza non se conforma coas respostas ofrecidas pola empresa, que se limita a asegurar que a planta estará suficientemente controlada e que as medidas ambientais serán adecuadas. O principal problema, afirman, é que as melloras prometidas non parecen suficiente garantía ante os riscos que se corren. Tamén denuncian que as empresas que levan a cabo este tipo de proxectos reciben máis apoios e beneficios que os cidadáns, que non reciben axudas ou compensacións por soportar os impactos desta instalación na súa vida diaria.

Por todo isto, desde a Plataforma de Veciños contra a Planta de Biometano informan de que seguirán levando a cabo mobilizacións e actividades para dar visibilidade á súa causa. Entre as accións previstas destacan concentracións e unha andaina por a muralla de Lugo, co obxectivo de sensibilizar á sociedade luguesa e á propia Xunta de Galicia sobre o impacto que este proxecto podería ter na súa vida diaria. En definitiva, seguir facendo presión co fin de que o proxecto sexa cancelado completamente para garantir que o futuro das parroquias de Lugo non quede hipotecado por unha planta de biometano que, segundo os veciños e veciñas, pode traer máis problemas que beneficios.

DEL 19 DE MAYO AL 2 DE JUNIO

CURSO INTENSIVO DE PAU

Antigua Selectividad

Profesorado Especializado para cada materia

Simulacros examen diarios adaptados al nuevo modelo competencial

Preparación de todas las materias comunes

Preparación de todas las materias específicas

Acceso on-line desde tu casa a todo el material en nuestra aula virtual

Atención individual personalizada

Nos adaptamos a tu ritmo

Premiamos con 1 Tablet Lenovo a la mejor nota de PAU

Sorteo de otra Tablet Lenovo entre todos los matriculados

Medinformática

NUEVA DIRECCIÓN

RUA SANTIAGO 1, BAJO C/ FRENTE AL COLEGIO - 27002 LUGO

T. 982 254 913 - 982 261 601 / www.medinformatica.es

C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22

jmrvivas.es Aula Virtual

A Deputación mellora a estrada que une Conturiz e O Páramo

A Deputación de Lugo está a traballar na estrada LU-P-2904, vía que conecta Conturiz, desde a N-VI ata O Páramo coa vía provincial LU-P-4304, e na que a Deputación leva investidos preto de medio millón de euros. As obras, que se iniciaron a pasada semana e contan cun prazo de execución de dous meses, afectan ao tramo que vai do punto quilométrico 3,717 ao 9 e contan cun investimento da Deputación de case 230.000 euros.

Os traballos que se están a realizar consisten na pavimentación con aglomerado en quente, tras a reapertura de cunetas. Posteriormente, procederase a pintar a sinalización horizontal mediante marcas

reflexivas brancas. O mandatario provincial, José Tomé, sinalou a importancia destas obras pois “trátase dunha vía que dá servizo directo aos concellos de Lugo, O Corgo e O Páramo, que é moi empregada pola veciñanza, e que ten moito desgaste polo tránsito de vehículos agrícolas”. A Deputación de Lugo adxudicou estas obras por algo máis de 200.000 euros, polo que José Tomé destacou “o firme compromiso que mantemos coa mellora das vías provinciais”. Nesta liña, recordou que “vimos de anunciar un segundo paquete de obras dotado con 3,5 millóns de euros para acondicionar outros 120 quilómetros de vías ao seu paso por 20 municipios”.

Tamén sinalou que “máis do 21% dos Orzamentos deste ano van destinados a conservar, manter e mellorar a rede viaria provincial, a máis extensa de toda España con 4.217 quilómetros de lonxitude”.

O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, pola súa banda, valorou a relevancia desta actuación para mellorar as comunicacións entre diferentes núcleos do rural de Lugo.

“Esta estrada conecta Conturiz co Páramo, pero sobre todo conecta persoas, parroquias e servizos”, subliñou Miguel Fernández, quen indicou en que “as 54 parroquias que forman parte do noso municipio son unha prioridade para o Goberno local”.

Máis de 400 veciños solicitaron un composteiro

O Concello continúa coa reciclaxe da materia orgánica mediante a distribución de composteiros individuais nas zonas rurais do municipio. A campaña está a rexistrar unha excelente acollida por parte da veciñanza, con máis de 400 solicitudes recibidas ata o momento. Esta iniciativa enmárcase dentro dun contexto máis amplo de mellora continua na xestión de residuos no municipio.

A campaña comezou cun encontro no Centro de Convivencia de Fingoi, onde preto de 40 representantes parroquiais participaron nunha reunión para reforzar a coordinación entre o Concello e o rural. Celebráronse sesións informativas en parroquias como Tirimol, Conturiz ou Bazar, e xa hai novos encontros en puntos como o barrio da Ponte, co obxectivo de seguir sumando adhesións.

Avánzase no transporte rural a demanda lugués

A Xunta de Goberno do Concello de Lugo iniciará o procedemento para actualizar a ordenanza do taxi de Lugo, un texto que permitirá “actualizar a ordenanza á normativa vixente, que contaba con máis de 20 anos de antigüidade, e avanzar na implantación do servizo de transporte a demanda para as zonas rurais do concello”, explicou o tenente de alcalde, Rubén Arroxo. A nova ordenanza, que será publicada nas vindeiras semanas, permitirá aos taxistas presentarse á licitación deste servizo unha vez se inicie o procedemento.

O texto actualizará a normativa de 2002 para adaptala á lexislación galega de 2018 e terá que ser aprobada inicialmente no pleno municipal,

posteriormente pola Xunta, e de novo polo Pleno.

Rubén Arroxo destacou que esta actualización se fixo “da man co sector do taxi, mantendo múltiples xuntanzas coa asociación de taxistas para avanzar nesta nova normativa”. O transporte rural a demanda requirirá da posta en marcha dunha plataforma de control que permita ao Concello coñecer a demanda do servizo e os percorridos realizados por cada vehículo.

O servizo funcionará de xeito similar ao bus urbano, conectando todas as parroquias con rutas predefinidas e mantendo o prezo do billete do bus urbano, sempre que a veciñanza dos núcleos rurais o solicite con antelación.

EN BREVE



NADELA. A veciñanza de Nadela vén de facer pública a súa fonda preocupación pola “grave e continuada contaminación ambiental” xerada pola fábrica de Tableros Hispanos. A pesar da recente instalación dun medidor de calidade do aire, consideran que “esta medida resulta insuficiente, xa que o dispositivo actual non cobre todas as áreas afectadas polas emisións”.



PENARRUBIA. As asociacións ecoloxista e patrimonial Adegas e Mariñas Patrimonio veñen de denunciar ante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural os graves danos sufridos polas mámoas Mogote de Penarrubia 1 e Mogote de Penarrubia 2, situadas na parroquia de Orbazai (San Miguel). Os feitos afectan a dous xacementos arqueolóxicos catalogados como bens patrimoniais.



O VERAL. O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, visitou o Centro de Recuperación da Fauna Silvestre do Veral, onde puxo en valor o labor desenvolvido neste espazo e reiterou o compromiso do Goberno coa conservación da biodiversidade e a recuperación de especies autóctonas. Destacou que o centro reflicte “o traballo incansable de profesionais que dedican a súa vida a coidar da fauna e que forma parte dos atractivos desta comunidade”.

HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com



Planifican varias melloras no local das asociacións

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, acompañado pola concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López e o edil de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, visitaron as instalacións da Asociación Cántigas e Frores na Casa das Asociacións para, segundo explicou a edil de Participación, “planificar unha serie de intervencións que nos permitan mellorar as instalacións dunha das asociacións con máis historia de Lugo”. Cristina López destacou a importancia de continuar a mellorar os espazos públicos destinados ás asociacións, “facilitando así o des-

envolvemento das súas actividades culturais e sociais”, e afirmou que “traballamos da man coas distintas asociacións para garantir que poidan realizar as súas actividades en espazos accesibles e adaptados ás súas necesidades”.

A Asociación Cultural Cántigas e Frores, con 77 anos de traxectoria, é unha entidade de referencia no mantemento e impulso do baile e da música tradicionais na cidade, cunha ampla masa social e unha actividade constante ao longo do ano. Desde o ano 1997 contan coas súas instalacións nunha das naves do Parque da Milagrosa.

Firman o convenio que permite abrir ao público os aparcadoiros

O Concello de Lugo vén de acordar coa Administración Xeral do Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo que a Policía Local poderá levar a cabo determinadas intervencións encamiñadas a garantir a seguridade e o correcto funcionamento do tráfico en dotacións que son de titularidade autonómica ou provincial.

Así, os axentes poderán actuar con totais garantías en todos os aparcadoiros do municipio que dependen da Deputación provincial, como o habilitado no Fogar de Santa María ou o do Pazo de San Marcos, e tamén nos aparcadoiros da Xunta de Galicia nos centros de secundaria de Ramón Ferreiro.

“Estamos realmente satisfeitos. Este concerto permítenos avanzar no constante traballo que desde o

Goberno local levamos a cabo para mellorar a seguridade cidadá á vez que melloramos a eficiencia policial. O acordo, que se materializará formalmente unha vez cumprimentado o proceso administrativo, é o resultado dun enorme traballo colaborativo levado a cabo tanto a nivel técnico como político entre as catro administracións implicadas”, destacou o alcalde de Lugo, Miguel Fernández.

“Tras o pactado o xunta de traballo de hoxe, o Goberno autonómico xa non ten escusa para non poñer de inmediato ao dispor da cidadanía os aparcadoiros dos institutos como levamos anos demandado xa que xa os termos sobre os que se asinará o convenio de forma inminente están pechados”, proseguíu o rexedor.

“Gustaríanos que hoxe se puidese acordar tamén o convenio para actuar no aparcadoiro do CIS ou o

Hula, pero os representantes autonómicos prefiren xestionalo de forma independente, polo que será necesario regresar para asinar outro novo convenio para esta zonas non canto antes. Instámoslles a avanzar neste asunto coa prisa para que se poida materializar nun curto espazo temporal”, apuntou o rexedor.

Pola súa parte, o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, lembrou que “a Xunta defendeu dende o primeiro momento a necesidade dun convenio que definise as competencias de cada administración e regulase o exercicio das accións en materia de tráfico e seguridade viaria dentro dos aparcamentos dos institutos permitindo, por exemplo, que a Policía Local se encargue da vixilancia e a denuncia das infraccións que se poidan rexistrar nestes espazos de titularidade autonómica”.

O PP pide explicacións por “20 anos de parálise en Paradaí”

A Federación de Asociacións de Veciños Lugo Rural Importa vén de facer pública a súa fonda preocupación polo estado actual do firme en múltiples rúas do Concello de Lugo, unha situación que cualifican de “lamentable” e que, segundo denuncian, compromete gravemente a seguridade viaria, a comodidade de peóns e ciclistas, e mesmo o mantemento dos vehículos particulares e do transporte público.

Desde a federación alertan de que fochancas, afundimentos, gretas e desperfectos son xa unha paisaxe habitual en moitos barrios da cidade. Exemplifican esta situación con vías como a Rúa Río Eo, a Rúa Poeta Noriega Varela ou a Rolda das Fontiñas, á altura do número 286, “onde os danos son visiblemente persistentes e dificultan unha circulación segura e fluída”. Ademais, critican a falta de actuacións eficaces e a ausencia de respostas claras por parte da área de Mobilidade e Infraestruturas do Concello.

A entidade veciñal subliña a paradoxa de que, mentres desde o goberno municipal se anuncian medidas de “calmado de tráfico”, como a instalación de pasos de peóns elevados, na práctica o deterioro do pavimento actúa xa como mecanismo involuntario de redución de velocidade, pero cun impacto moi negativo na seguridade viaria e no estado dos vehículos.



Inauguradas as novas instalacións do Colexio Oficial de Farmacéuticos

O Colexio Oficial de Farmacéuticos de Lugo celebrou este xoves un acto institucional para conmemorar a inauguración das súas novas instalacións, situadas na rúa Ramón e Cajal número 2.

A cerimonia tivo lugar no emblemático Salón Rexio do Círculo das Artes da cidade, onde tamén se fixo entrega das insignias aos profesionais que cumpren 25 e 50 anos de exercicio na profesión farmacéutica.

O evento congregou a un nutrido grupo de autoridades locais, provinciais e autonómicas. Entre os asistentes destacaron o deputado de Medio Ambiente, Carlos López López; o alcalde de Lugo, Miguel Fernández Méndez; a subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez López;

o delegado territorial da Xunta, Javier Arias; e o presidente do Consello Xeral de Colexios de Farmacéuticos de España, Jesús Aguilar Santamaría.

Durante o acto, púxose en valor o papel esencial da farmacia comunitaria como punto de referencia para a cidadanía e o compromiso dos profesionais farmacéuticos co coidado da saúde pública. As novas instalacións están deseñadas para ofrecer un servizo máis moderno e eficiente tanto aos colexiados como á sociedade lucense.

O recoñecemento aos profesionais con 25 e 50 anos de traxectoria foi un dos momentos máis emotivos da xornada, simbolizando a dedicación e a entrega continuada dunha profesión clave dentro do sistema sanitario.

Menús Grupales

Salones individuales para un mínimo de 18 comensales

Menús grupales para 5 o más comensales

Cumpleaños

Comidas familiares

Comidas de empresa

Reuniones

Aniversarios

Bodas

Comuniones

TORRE NUÑEZ Hotel

Impulsan diferentes melloras nos polígonos das Gándaras e O Ceao

O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, mantivo unha reunión con representantes da Asociación de Empresarios de O Ceao As Gándaras, para abordar novas melloras en ambos parques empresariais e facer balance das últimas melloras acometidas desde o Goberno Local, como foi a colocación de cámaras de control para mellorar a seguridade e o tráfico nestas dúas áreas industriais ou o inicio das obras da última fase do desdoblamento da avenida Infanta Elena. Miguel Fernández tomou nota das demandas dos representantes deste colectivo, entre elas a necesidade dun espazo multiusos que funcione como punto de formación para o desenvolvemento de cursos das empresas que integran a citada asociación e que operan nos polígonos das Gándaras e O Ceao. Neste sentido, o rexedor municipal trasladoulles a disposición do Concello para colaborar na procura dunha parcela que albergue ese futuro espazo multiusos, que os empresarios deste colectivo queren destinar a punto de formación, para que as empresas poidan realizar cursos e xornadas formativas coas que paliar a falta de profesionais á que se enfrontan en determinados sectores. No transcurso da reunión que o propio alcalde definiu como “moi cordial e beneficiosa para coñecer de primeira man as demandas reais e máis urxentes deste colectivo”, Miguel Fernández amosou o seu compromiso de seguir pedindo á Xunta de Galicia a construción desa escola infantil que dea resposta á conciliación das e dos traballadores de ambos parques empresariais. O alcalde se comprometeu a actuar de xeito urxente nalgunhas das necesidades apuntadas esta mañá como a retirada de escombros en



determinados puntos destes parques e na reposición de tapas de sumidoiros, ademais de garantir a colaboración institucional para a celebración da vindeira edición da feira Emprega-T Fest, que busca unir talento mozo con novas oportunidades de emprego na cidade de Lugo. Ademais, ambas partes acordaron a celebración trimestral de reunións a dúas bandas nas que facer balance das actuacións acometidas e para dar traslado a novas demandas e vías de colaboración.

COMUNICACIÓN. O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, mantivo o seu primeiro encontro coa directiva da Asociación de Veciños Gatos Roxos para abordar as principais necesidades para a zona de As Gándaras. Miguel Fernández comprometeuse a acometer de xeito inmediato

a limpeza integral do barrio, unha das principais necesidades trasladadas desde este colectivo ao rexedor, quen sinalou que “dentro da programación habitual do servizo de limpeza municipal, se procederá a esta intervención integral”. Así mesmo, abordaron fórmulas para mellorar a seguridade viaria e o tráfico peonil. Deste xeito, valorouse a construción dunha beirarrúa en Virxe da Solidade, desde a Calzada das Gándaras ata o colexio, co obxectivo de mellorar a seguridade. Así, Miguel Fernández explicou que se está a estudar a posibilidade de expropiar unha parcela para despois avanzar na creación da beirarrúa. O Concello comezou a retirada dos escombros dos polígonos industriais do Ceao e das Gándaras tal e como se comprometera cos representantes da Asociación de Empresarios.

O Concello renovará todos os puntos de luz da rúa Anxo López Pérez

O tenente Alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, anunciou que o Goberno de Lugo continúa a traballar no plan de renovación da rede de alumeadado público de Lugo, cunha nova actuación que mellorará o alumeadado da rúa Anxo López Pérez. Arroxo explicou que “seguimos traballando en distintas zonas da cidade para garantir un alumeadado público eficiente energeticamente e que garanta que non haxa zonas escuras nas rúas”. O Goberno de Lugo retira, con esta intervención, as antigas luminarias de Vapor de Sodio con potencias de 278W, instalando puntos Led de 130W, o que permitirá aforrar 3.182 kWh ao ano. O alumeadado permitirá unha maior harmonización da contorna, ao ser unha luz uniforme en toda a trama e ao unificarse a temperatura de cor. Con esta actuación mellorarase tamén

a uniformidade lumínica, eliminando zonas escuras, e renovaranse elementos da instalación como caixas de conexión e condutores e reducindo o risco de avarías na rede.

SAN ROQUE. A Asociación de Veciños Roque-Santo de Lugo denuncia o deficiente estado do alumeadado na rúa San Roque, unha situación que, segundo indican, xera unha sensación constante de inseguridade entre os residentes e comerciantes da zona. O colectivo veciñal expón que a escasa iluminación desta vía prexudica a vida diaria do barrio, tanto en termos de convivencia como de actividade. Ante esta situación, a asociación solicita que se inclúa nos orzamentos municipais de 2025 unha reforma integral do sistema de alumeadado do barrio.

CEIP AS GÁNDARAS



A concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buide, visitou o CEIP As Gándaras, onde afirmou que a Tenencia de Alcaldía continuará a manter “un diálogo permanente cos centros educativos de Lugo”. A edil de educación lembrou que o Concello é responsable “do mantemento dos distintos colexios da cidade” e destacou o compromiso co ensino público.

*Clinica dental
Mosquera Otero*

- CIRURÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL
- ORTODONCIA
- IMPLANTOLÓGIA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

**Te damos
una razón
PARA SONREIR**

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es



O Concello mellorou a iluminación na pista deportiva de Galegos

A Tenencia de Alcaldía do Concello de Lugo realizou unha intervención na pista deportiva de Galegos, onde Alexandre Penas afirmou que “esta é unha actuación na instalación deportiva da zona que permite práctica deporte en horas de pouca luz e mellorar a imaxe da zona garantindo a usabilidade desta instalación pública”. Os traballos consistiron na colocación de novo alumeadado, instalando puntos LED de baixo consumo, avanzando, ao mesmo tempo, na boa eficiencia do al

Alexandre Penas afirmou que

esta intervención “complementa outros traballos realizados pola concellería de Infraestruturas, entre os que se inclúen a repavimentación de varias rúas que se atopaban en mal estado, así como a renovación do alumeadado público a LED, que mellorou a eficiencia enerxética e a iluminación das vías”.

Trátase dunha das demandas que a Asociación de Veciños de Galegos lle trasladara a Rubén Arroxo nunha reunión. Por iso, animábase á veciñanza a facer chegar as súas solicitudes ao Concello.

Avánzase na remodelación das actuais instalacións da Protectora

O presidente da Protectora de Animais de Lugo, Alberto Losada, reuniuse co alcalde de Lugo, Miguel Fernández, e o presidente da Deputación, José Tomé, para avanzar na remodelación das actuais instalacións de Muxa.

O alcalde comprometeuse en colaborar no financiamento e estudar e analizar o proxecto de mellora do albergue, así como a avaliar o principal escollo, a viabilidade legal dunha proposta que a Protectora entregou esta semana ao alcalde.

Agora, sinala Fernández, “serán os técnicos municipais os que deberán analizar se esta solución cumpre coa lexislación, desde o punto de vista urbanístico.

En calquera caso, como xa dixemos, se se confirma esta viabilidade urbanística, dende o Concello abordaremos o proxecto, agardamos que en colaboración co resto das administracións implicadas”.

Desde a Deputación de Lugo, o seu presidente, José Tomé, xa

deixou claro que o apoio e respaldo da institución provincial será total. “A Deputación mantén o seu compromiso co Concello para a mellora das condicións da Protectora de Animais da cidade, para dar unha solución definitiva e eficaz a esta situación”.

Neste sentido, tanto o alcalde como o presidente provincial coincidiron ao sinalar que “este compromiso tradúcese nunha vontade clara de cofinanciar as actuacións necesarias para a remodelación das instalacións, sempre dentro do marco legal vixente e garantindo a protección e benestar dos animais”.

Para José Tomé “é fundamental que todas as administracións impliquemos os recursos e a responsabilidade que nos corresponde, polo que instamos tamén á Xunta de Galicia a sumarse a este esforzo compartido, cunha implicación real e efectiva que permita avanzar nun proxecto que non pode seguir agardando”.

Miguel Fernández lembrou que, ao igual que os técnicos municipais están a analizar a legalidade do proxecto, presentado ao Concello e valorado en preto de 700.000 euros, este debe contar co visto bo do resto de administracións implicadas, como é o caso da Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Polo de agora, estase a determinar que sexa viable desde o punto de vista urbanístico.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, celebra que o Concello e a Deputación Provincial se adhiran á proposta da Xunta para ampliar e mellorar as actuais instalacións da Sociedade Protectora de Animais e Plantas na capital.

Arias mantivo un encontro co presidente da entidade, Alberto Losada, no que destacou que a Xunta liderou este proxecto desde o primeiro momento, apostou sempre por acondicionar o recinto actual, e foi a primeira en ofrecer un terzo do financiamento necesario para as obras.

Deputación e Concello realizan traballos de plantación de árbores

A área de Medio Ambiente da Deputación de Lugo comezou os traballos de xestión do arborado do Pazo de San Marcos, o Museo Provincial e o Fogar de Santa María.

O obxectivo é aplicar as medidas necesarias nestes tres espazos provinciais que contan con zonas verdes para garantir tanto a súa conservación como a seguridade das persoas que transitan por eles.

O investimento para levar a cabo todos estes traballos é de preto de 18.000 euros e realizaranse de forma progresiva, priorizando os máis urxentes.

O estudo, elaborado polos técnicos do Servizo de Medio Ambiente, analizou preto de 50 exemplares e propón actuacións concretas segundo o seu estado. Están previstas podas de seguridade e saneamento, instalación de ancoraxes en árbores de gran porte, análises instrumentais en exemplares que presentan feridas ou anomalías, e tamén a tala dalgunhas árbores que supoñen un risco elevado.

Pola súa parte, o plan responde á necesidade de facer unha xestión responsable do arborado, combinando a seguridade das persoas coa preservación do patrimonio natural. No caso do Pazo de San Marcos, por exemplo, hai especies como magnolios e coníferas moi antigas, que precisan coidados especiais.



CONCELLO. O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, visitou as zonas peonalizadas do centro histórico nas que comezan os traballos de plantación de árbores e parterres, dentro do proxecto Lugo Corazón Verde, que ten como obxectivo transformar o espazo público nun lugar máis acolledor, funcional e sostible. Fernández subliñou tamén que se están a empregar as especies máis desenvolvidas dispoñibles nos viveiros galegos, co fin de acadar un impacto verde máis inmediato e contrarrestar a percepción de escaseza de vexetación que se produciu tras a renovación do pavimento.

Nesta nova fase do proxecto prevese a plantación de 39 árbores de diferentes especies ornamentais, entre elas freixos comúns (*Fraxinus excelsior*), ciruelos de folla púrpura (*Prunus cerasifera* ‘Pissardi’), olivos

de Bohemia (*Eleagnus angustifolia*) e un exemplar de ginkgo (*Ginkgo biloba*), de gran valor ornamental e simbólico, cuxa ubicación definitiva será consensuada coa veciñanza.

Ademais, colocaranse 15 parterres con camelias xapónicas e outras especies herbáceas ao longo das rúas Montevideo, Bolaño Rivadeneira e Quiroga Ballesteros, así como en puntos destacados como a esquina de Montevideo con Carril das Estangas ou a rúa Amor Meilán. Todas as plantacións estarán dotadas dun sistema de rega automatizado.

Pola súa banda, Adega vén de solicitar ao Concello a redacción dun Plan de Xestión do Arborado Urbano co obxectivo de asegurar unha adecuada preservación do patrimonio verde da cidade, diminuír riscos e mellorar a planificación das actuacións sobre as árbores.

Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

CRM, CONTABILIDAD, GESTIÓN, PRODUCCIÓN, E-COMMERCE, FIDELIZACIÓN, EXIT MOBILE, EXIT SGA

Si tu programa de facturación no es actualizable a la nueva Ley Crea y Crece (VERIFACTU), llámanos y te informamos. Puede salirte gratis a través de "KIT DIGITAL".

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

Remata a reconstrución integral do muro de Frai Plácido Rei Lemos

O Goberno acaba de rematar a reconstrución integral da estrutura do muro na rúa Frai Plácido Rei Lemos, un proxecto que mellora tanto a accesibilidade como a integración paisaxística da zona.

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, destacou a importancia desta intervención, que crea “un percorrido accesible para toda a veciñanza cunha rampla pola fronte do muro, na zona que parte do final do Paseo Vila de Foz e que remata na rúa Cidade de Viveiro”.

Arroxo subliñou que esta nova intervención proporciona unha nova conexión para o barrio de Recatelo co Parque, “sen barreiras arquitectónicas, avanzando nunha cidade máis accesible para



todas as persoas, con novas zonas verdes, mobiliario urbano e espazos de descanso e convivencia”. O tenente alcalde explicou que a actuación mellora a accesibilidade ao mesmo tempo que crea espazos máis agradables para a veci-

ñanza.

Esta intervención, ademais de mellorar a accesibilidade, tamén favorece a creación de novos espazos verdes e zonas de descanso, mellorando a calidade de vida dos veciños e veciñas da zona.

O BNG pediu á Xunta que repare as instalacións do Xulgado nº 4

O BNG pedirá trasladar á Cámara galega as demandas da xuíza decana de Lugo tras o peche do Xulgado de Instrución nº 4 da cidade, motivado polos riscos estruturais derivados de goteiras persistentes no edificio xudicial.

“Existe un problema de falta de mantemento estrutural nas instalacións, responsabilidade da Xunta de Galicia, polo que debe acometer con urxencia as medidas necesarias para garantir, en primeiro lugar, a seguridade das traballadoras e traballadores da administración de xustiza”, sinalou a parlamentaria Olalla Rodil.

O deterioro do edificio xudicial non é un feito illado, senón unha situación recorrente que leva anos sendo de-

nunciada por profesionais do ámbito da xustiza. “Lugo precisa con urxencia un plan serio de mantemento e renovación das súas infraestruturas xudiciais, que leve aparellada unha planificación a longo prazo e investimentos reais”, afirmou.

A deputada nacionalista fixo fincapé na necesidade de dispoñer de infraestruturas xudiciais “á altura das necesidades e dos dereitos da poboación deste partido xudicial”. Nese sentido, anunciou que desde o BNG se instará ao Goberno galego a realizar, con celeridade e coas máximas garantías, as actuacións precisas para restituír as condicións do edificio afectado.

“Non podemos permitir que se deteñan servizos públicos esenciais por

deixamento de funcións. Esixímoslle ao Goberno do PP que garanta o mantemento adecuado de todas as infraestruturas que son da súa competencia, especialmente cando falamos dun servizo tan sensible como a xustiza”, concluíu Olalla Rodil.

Ademais, denuncian que os xulgados de Lugo tamén sofren a falta de regulación nos sistemas de aire acondicionado e calefacción, o que agrava as condicións de traballo nas instalacións.

“Non é só un problema estrutural, senón tamén unha cuestión de habitabilidade e de dereitos laborais para o persoal xudicial, o que provoca que as condicións sexan inadecuadas, e isto tamén é responsabilidade da Xunta”, declarou a deputada.

EN BREVE



PASOS DE PEÓNS. A Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti vén de remitir unha solicitude formal ao titular da Concellería de Vías e Obras e de Mobilidade do Concello, esixindo a reparación urxente de numerosos pasos de peóns repartidos por toda a cidade, moitos dos cales presentan un estado “lamentable” que supón un elevado risco para a seguridade viaria.



AUTOBÚS. O concelleiro Alexandre Penas pediulle á Xunta que acondicione a marquesiña do transporte público no barrio de Castelo. Explicou que “foi instalada pola Xunta e o seu mantemento corresponde a esta administración, malia que sexa utilizada para o transporte urbano”, explicou Alexandre Penas.



HOSPITAL. A Asociación Veciñal Lugo en Pé... Na Defensa do Rural denunciou o “lamentable estado” no que se atopa o coñecido leirapáking do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA), onde, segundo sinalan, “todo está cheo de charcos”, xerando numerosas molestias ás persoas usuarias. Ante esta situación, o colectivo veciñal solicita que se drene o terreo e se aplique unha capa de grixo.

FORMACIÓN PROFESIONAL PARA LA INSERCIÓN LABORAL

CERTIFICADOS PROFESIONALES CON INICIO INMEDIATO

COMT0110 – Atención al cliente, consumidor y usuario

IFCT0110 - Operación de redes departamentales

SSCE0210- Promoción para la igualdad entre mujeres y hombres

estudios
rafer

¿FORMAS PARTE DE UNA ASOCIACIÓN?

OFRECE A TUS ASOCIADOS UNA FORMACIÓN GRATUITA EN COMPETENCIAS DIGITALES

INFÓRMATE EN:

formación@estudiosrafer.es

663 30 33 82

www.estudiosrafer.es formación@estudiosrafer.es 666 483 504 / 982 22 26 49

Asemblearias festexa dez anos de historia co vestiario do Arde Lucus

A Asociación Asemblearias Lucus Augusti inaugurou na Capela de Santa María unha exposición que recolle dez anos de historia a través do vestiario utilizado polos seus integrantes durante o Arde Lucus.

A mostra, titulada Unha década de Vestiario de Asemblearias, poderá visitarse ata o vindeiro 21 de maio e reúne arredor de 200 pezas de indumentaria empregadas nas recreacións históricas que a asociación levou a cabo ao longo da última década.

A entidade, pioneira ao ser a primeira asociación do Arde Lucus formada exclusivamente por mulleres, desenvolve unha destacada labor de divulgación histórica cun enfoque

de xénero. Segundo destacou o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, Asemblearias Lucus Augusti “aproveita a festa para realizar unha importante labor de pedagogía a prol da igualdade, rescatando a memoria de importantes figuras femininas que a historia esqueceu”.

Arias lembrou, ademais, o compromiso da Xunta de Galicia co Arde Lucus, subliñando que “colabora coas asociacións que fan posible esta celebración, porque son as que lle dan autenticidade e singularidade a esta cita cultural e turística”.

A exposición pretende ofrecer unha mirada retrospectiva ao traballo de investigación e coidado estético desenvolvido pola asociación.

Más Debate convoca o día 10 un Torneo de Oratoria

A Asociación Más Debate de Lugo celebra o vindeiro 10 de maio o I Torneo de Oratoria Letras Galegas, unha nova cita para dar voz ao talento novo, fomentar o pensamento crítico e poñer en valor a lingua galega. Este evento, que se enmarca na programación arredor do Día das Letras Galegas, destaca non só pola súa aposta pola comunicación e a reflexión en galego, senón tamén por un detalle moi especial: moitas das persoas que foron protagonistas do Torneo Lugo Debate 2025 regresan agora como parte do equipo organizador e do corpo de xuíces.

Oradores e oradoras que destacaron nos atrás darán agora os seus primeiros pasos no outro lado da competición, guiando e apoiando ás novas xeracións.

Desde Más Debate destacan que formar tamén é medrar, e que a mellor maneira de seguir aprendendo é compartir aquilo que un día che foi transmitido.

Con este espírito, o torneo non só servirá como plataforma para novos talentos, senón como espazo de aprendizaxe colectiva e de continuidade dentro da comunidade de debate lucense.



erika pilates center

Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpetuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

O 52º Festival de Música celebrará tres concertos no Fuxan os Ventos

Presentouse o 52º Festival de Música Cidade de Lugo, que volve en 2025 con oito concertos con carácter internacional e presenza galega.

Por primeira vez, o Auditorio Municipal Fuxan os Ventos será un dos escenarios principais deste festival, con tres dos oito concertos celebrándose nesta instalación. O Círculo das Artes e o Conservatorio Xoán Montes serán as outras dúas sedes do Festival de Música Cidade de Lugo 2025.

Arroxo destacou que este é “o festival de música máis antigo de Galicia, e un dos máis antigos do estado, que celebra este ano a súa 52ª edición”, e afirmou que o programa deste ano “inclúe a artistas e propostas musicais de gran calidade artística e prestixio internacional”.

O festival comezará o 17 de maio no auditorio Fuxan Os Ventos co conxunto galego Gallaecia Ensemble Barroco, que presenta un espectáculo escénico *Eu, Francesca*, sobre a primeira ópera composta por unha muller no 400 aniversario da súa creación: *La Liberazione di Ruggiero*, de Francesca Caccini.

O día 20, no Círculo das Artes, actuará *La Spagna*, xunto coa soprano chinesa Jiayu Jin, co espectáculo *Lamenti di donna*, seis lamentos de



mulleres a través de arias de ópera. O ciclo continuará o día 23 no Conservatorio de Música Xoán Montes con *La Ritirata*, un grupo moi mediático, que ofrecerá a súa actuación titulada *Il Spiritillo Brando* (músicas cortesás de Italia e España na transición do Renacemento ao Barroco). Este grupo é moi coñecido por poñer música á serie histórica de Netflix *La vida breve*. Ao día seguinte, no Círculo das Artes, o Cosmos Quartet presentará *Ecos Londinenses*, un concerto con catro obras de grandes da música de séculos diferentes: Haydn, Adès, Purcell e Britten.

O martes 27 de maio, no Conservatorio Xoán Montes, o pianista Eduardo Fernández, considerado un dos mellores do Estado, interpretará obras

de Bach, Sibelius, Liszt e Chopin.

O Círculo das Artes acollerá a penúltima actuación o día 29, coa presenza do contratenor español Carlos Mena, que ofrecerá o Concerto 1700, con música sacra de Vivaldi.

A semana rematará con dúas actuacións no auditorio Fuxan Os Ventos. O 30 de maio, a Orquestra Gaos, dirixida por Fernando Brione e co violinista Daniel Vlashi, ofrecerá un concerto con música de Falla, O sombreiro de tres picos. E o último día, de novo no auditorio, actuará a Orquestra Sinfónica Vigo 430, con Nancy Zhou ao violín e Isabel Rubio na dirección, cun programa que inclúe dous clásicos: o Concerto para violín de Chaikovski e a Sinfonía nº 6 de Beethoven.

Os organizadores do Caudal Fest presentan o cartel por xornadas

O Caudal Fest 2025 xa deu a coñecer a distribución por días do seu cartel artístico, consolidando a súa próxima edición como unha das citas musicais máis destacadas do calendario galego. O festival celebrarase os días 19 e 20 de setembro na cidade de Lugo, que volverá converterse nun punto de referencia para as persoas amantes da música en directo.

Entre os nomes confirmados previamente atópanse figuras destacadas do panorama estatal como Melendi, Carolina Durante, Love of Lesbian, Dani Fernández e Duncan Dhu. A estes súmanse agora novos artistas que reforzan a variedade e calidade do cartel deste ano.

Entre as novas incorporacións destacan a cantante de pop alternativo Zahara, a cantautora Vega, a nova promesa Yarea e o proxecto musical Lisdexia, que aposta por unha proposta innovadora e rompedora. O talento galego tamén estará representado polo artista Kike Varela e a banda Músculo!, achegando identidade local ao evento.

A organización anunciou que as en-



tradadas por día estarán dispoñibles a partir do vindeiro 29 de abril ás 13:00 horas, a través da páxina web oficial do festival.

Con unha programación diversa e unha combinación de artistas consolidados e emerxentes, o Caudal Fest reafirmase como un dos festivais de referencia en Galicia, atraendo cada ano milleiros de asistentes tanto do interior como de fóra da comunidade autónoma.

A sala de Novas Tecnoloxías do Concello de Lugo acolleu a presentación do evento, que contou con Miguel

Fernández, alcalde de Lugo; Xosé Manuel Merelles, director de Turismo de Galicia, da Xunta e Esteban Girón, director de Comunicación de Bring The Noise, promotora de Caudal Fest.

Turismo de Galicia dá cobertura un ano máis a este evento multitudinario, unha das citas musicais máis grandes de Galicia, con valoracións sempre moi positivas para a contorna, como amosan as súas cifras, cunha ocupación hoteleira do 100 % e máis de 40.000 asistentes en 2024”.

INFANTA ELENA

A Deputación transforma o principal acceso á cidade cun investimento de 1,3 millóns

As obras que acaban de arrancar permitirán completar 2,7 km cunha actuación moderna, sostible e pensada para a veciñanza

O novo tramo mantén o modelo xa implantado nas fases anteriores, cun deseño urbano que prioriza a seguridade e a mobilidade sostible

A cidade de Lugo continúa a súa transformación urbana cara un modelo máis sostible, accesible e orientado ás persoas, grazas ao impulso decidido da Deputación de Lugo, que vén de poñer en marcha unha nova fase das obras na Avenida Infanta Elena, a principal vía de entrada e saída da cidade pola súa zona norte. Esta nova actuación suporá un investimento de 1,3 millóns de euros, que permitirá completar os últimos 456 metros da avenida, entre a Glorieta de Garaballa e a de Benigno Rivera. Con este novo tramo, a Deputación culmina un ambicioso proxecto no que leva investidos 2,445 millóns de euros, e que abrangue a renovación integral dos 2,7 quilómetros de lonxitude da avenida, converténdoa nun acceso moderno, funcional e seguro, adaptado ás necesidades da cidade actual.

“Será un acceso espectacular, o mellor que vai ter a cidade de Lugo e onde máis falta fai



pola afluencia de tráfico. Unhas actuacións que eu espero que estean rematadas nos meses de outubro ou novembro”, afirmou o Presidente da Deputación, José Tomé Roca, durante a visita institucional que realizou acompañado do Alcalde de Lugo, Miguel Fernández Méndez, coincidindo co arranque das obras.

Un deseño pensado para as persoas e o futuro

O novo tramo mantén o modelo xa implantado nas fases anteriores, cun deseño urbano que prio-

riza a seguridade e a mobilidade sostible. A intervención contempla dúas plataformas de calzada de 10,25 metros de ancho cada unha, que permitirán tres carrís de circulación por sentido, o que facilitará o tráfico fluído nunha das zonas con maior densidade de vehículos da cidade. Ademais, incluírase un carril bici de 3 metros de ancho, beirarrúas de máis de 4 metros a ambos lados, e tamén mobiliario urbano moderno, árbores, zonas verdes e iluminación LED, favorecendo un espazo público máis amable, accesible e integrador para a cidadanía. Outro dos puntos destacados do proxecto é a renovación completa das redes de abastecemento, saneamento e alumeadado público, tendo en conta as necesidades actuais e futuras da contorna, que podería acoller desenvolvementos urbanísticos máis adiante. “Esta era unha obra moi necesaria para ter unha cidade máis accesible, aberta e dinámica”, destacou o presidente provincial, incidindo na importancia desta actuación nunha área estratéxica da cidade, con gran peso comercial e industrial, pola súa proximidade a espazos como o centro comercial As Termas ou os polígonos industriais da zona. Pola súa parte, o Alcalde de Lugo, Miguel Fernández, puxo en valor o impacto positivo que esta obra terá para a cidadanía: “Estas obras significan seguir avanzando

cara ese modelo de cidade que defendemos: un Lugo aberto, onde se gañan espazos públicos para a veciñanza, e onde se prioriza a seguridade tanto dos peóns como do tráfico rodado”.

Un compromiso firme coa veciñanza

O rexedor municipal agradeceu o compromiso da Deputación de Lugo cun investimento que permitirá dar un salto cualitativo en termos de mobilidade e calidade urbana: “O remate do desdoblamento de Infanta Elena será clave para a mobilidade na zona norte da cidade. Agradecemos o compromiso, a sensibilidade e o esforzo inversor da Deputación nesta actuación”. Con este proxecto, a Deputación de Lugo reafirma o seu papel como institución clave para o desenvolvemento sostible dos concellos da provincia. A aposta por infraestruturas modernas, seguras e pensadas para as persoas é unha das liñas prioritarias de actuación do goberno provincial. O desdoblamento da Avenida Infanta Elena é un exemplo claro de colaboración institucional e de investimento público transformador, que mellora non só a mobilidade e a conectividade da cidade, senón tamén a calidade de vida da súa veciñanza e das persoas que se desprazan diariamente pola zona.



EN BREVE



ARTE NA RÚA. O CPR Divina Pastora-Salesianos puxo en marcha *Arte na rúa*, un proxecto artístico e educativo que transforma os espazos cotiás nun museo ao aire libre. Este culminou cunha exposición colectiva nos espazos do centro educativo, onde cada etapa contribuíu con obras inspiradas en artistas de diferentes épocas, estilos e lugares.



BIBLIOTECA. A nova biblioteca do Colexio CEIP A Ponte, BiblioPonte, foi inaugurada coincidindo coa Semana do Libro. O colexio desenvolve varios dos proxectos impulsados pola Consellería de Educación na súa estratexia de bibliotecas escolares, o Plan Lía. Forma parte do Plan de Mellora, participa en Radio na Biblio e mantén un Club de Lectura con actividades asociadas.



MURAL. O artista lucense Tirso Paz Sans, Buble gum, vén de rematar un mural na rúa Armónica, no barrio de Fingoi. A obra, titulada *Raiña da Carballeira*, forma parte do proxecto cultural Urban Cores, que cada ano transforma a paisaxe urbana de Lugo a través da arte contemporánea. O mural representa unha figura feminina que encarna a alma do bosque galego (parte meiga, parte gardiá silenciosa da Carballeira).

“Queremos seguir atraendo xente á cultura tradicional galega”

Senén Montero, presidente de A Volta do Agro, que cumpre 30 anos de vida

Jessica Fernández

A asociación fai 30 anos desde que comezou a súa andaina en favor da cultura tradicional galega e o seu presidente, Senén Montero, mantén a ilusión por seguir moitos anos máis neste camiño.

“Un séntese moi cheo cando traballa pola cultura galega”. Con esta frase, o presidente de A Volta do Agro resume estes 30 anos de percorrido da asociación, mirando con ilusión o futuro, no que queren “seguir cumprindo anos e atraendo a maior cantidade de xente a este mundo tan bonito e divertido que é a nosa cultura”.

Actualmente, 22 persoas forman parte deste colectivo cultural, aínda que “foi pasando xente moi distinta, pero sempre coa mesma idea: dignificar a cultura tradicional”, destaca Montero, que recoñece que houbo que irse adaptando aos tempos. “Ao longo de 30 anos pasamos por épocas nas que o folclore estaba en voga e logo houbo momentos máis baixos. Agora estamos nun momento bo, pero nos malos momentos tampouco pensamos en abandonar, non desistimos no traballo e sempre mantivemos as ganas de facer cousas, por iso chegamos aquí”.

Con respecto ao bo momento que se vive de concepción da cultura tradicional galega, desde o colectivo cren que as novas xeracións tamén están subidos nesa onda de gusto pola música e o baile galego. “Non só está de moda a música tradicional galega, senón tamén están de moda os artistas que usan bases de música tradicional e fan outro tipo de música, como rock, hip hop, rap... en galego, e defendida pola xente nova, algo que nos alegra moito”.

Por todo isto e con motivo da celebración dos 30 anos que fai A Volta do Agro, o vindeiro 24 de maio promoven o Festival Zumbanocoiro, unha iniciativa que xa se celebrou hai anos pero que agora recuperan polo aniversario e que queren que se manteña de maneira anual na programación cultural da cidade de Lugo. “É un festival de música tradicional que aposta por grupos de música emerxentes que actuarán na Praza Horta do Seminario de Lugo. Estes grupos son Ailá, Tiruleque e Xosé Lois Romero & Aliboria, que esperamos que enchan de público a Praza, xa que son recoñecidos en Galicia e tamén fóra dela. Estamos moi ilusionados”, explica Senén, e engade: “Queremos que a música tradicional galega se escoite en Lugo e non só no San Froilán”.

MÁIS ACTIVIDADES. Desde A Volta do Agro sosteñen que este ano, ademais do Festival, tiveron a iniciativa de organizar, ademais dos obradoiros



que imparten de baile, canto, pandeireta e gaita; monográficos impartidos por figuras recoñecidas dentro da cultura tradicional galega. Así, xa participaron Xisco Feijoo, Fran Sieira, Vanesa Castro, e houbo unha charla mascaradas de entroido impartido por Xose Manuel Seixas. Ademais, durante o verán terán lugar as actuacións do grupo, onde ensinan o traballo que fan durante todo o ano nos obradoiros que imparten, e, a partir de setembro, haberá “algunha sorpresa que aínda non podemos desvelar”, sosteñen.

Por outro lado, en A Volta do Agro continúan no proceso de recollida de mostras da cultura tradicional galega, xa que “é un traballo que nunca remata. Ter un arquivo de música, de bailes, de roupa é algo moi importante porque o usamos nos nosos obradoiros e nas nosas actuacións. Hoxe en día, cada vez hai máis conciencia entre a xente da importancia de gardar esas testemuñas dos nosos antepasados e facelo de maneira conxunta, polo que tamén compartimos entre asociacións e así creamos un arquivo digno para todos e todas. Se queremos facer que a cultura tradicional estea no punto de mira e estea considerado como se merece, temos que traballar na mesma dirección. Cada asociación ten a súa peculiaridade e non temos por que taparnos uns aos outros, pero é bo traballar conxuntamente”, explica Senén. En concreto, preguntado polos pasos que se dan nesa recuperación da tradición, o presidente pon como acción principal o contacto coa xente maior: “Nós temos a misión de recuperar todo o que nos queiran transmitir e despois transmitilo. Traballamos con iso para que hoxe en día moita xente, bebendo desa tradición, poi-

da facer música nova, pero con esa base da música tradicional dos nosos maiores. Os nosos obradoiros e o que ensinamos vén de aí as musicas e sentímonos orgullosos. Así como tamén vemos que a quen llo ensinamos disfruta. Hoxe en día a xente non quere ir a un concerto ou a unha foliada cos brazos cruzados, quere bailar e participar, por iso está moi demandado.

AS NECESIDADES. Con respecto ao futuro, desde A Volta do Agro piden que os organismos oficiais “sigan tendo en conta a música e o baile tradicional na súa programación anual, e que estean abertos as propostas das asociacións como a nosa. Que teñan en conta o que lles queiramos propoñer e que eles escoiten e estean abertos. Xa o están facendo, xa que o Concello de Lugo e a Deputación nos axuda nas nosas actuacións e no caso do Festival tamén contamos ademais coa colaboración da Xunta de Galicia, así que estano facendo ben. Tendo en conta a demanda que hai destas iniciativas culturais por parte da xente, o normal é que as administracións queiran estar do lado da xente e abertos a todas as propostas”, comentan. Ademais, recoñecen que houbo momentos nos que non eran capaces de atender a todo, por iso tiveron que deixar de organizar o festival que agora queren recuperar. Por iso esperan poder seguir contando con subvencións, ademais dos ingresos que obteñen pola organización de obradoiros, co que pagan o alugueiro do local no que se imparten. Con todo, conclúen que “o proxecto futuro é seguir facendo anos e seguir atraendo a maior cantidade de xente a este mundo bonito e divertido e co que un se sente moi cheo ao traballar pola cultura galega”.



¿QUIERES QUE TE AYUDEMOS CON TUS DOLENCIAS Y PREOCUPACIONES?

DESCUBRE NUESTRAS TERAPIAS NATURALES

- Par Biomagnético
- Terapia físico vascular Bemer
- Endocrino-Psicología
- Flores de bach...

...Y LA MEJOR NATUROPATÍA

Montero Rios, 41 27002 - Lugo
Tel.: 982 251 827 josemanuel@verxel.es www.verxel.es

Pisando a historia

A arqueoloxía urbana revolucionou a comprensión das cidades antigas, permitindo reconstruír o pasado a través dos restos de escavacións

A arqueoloxía urbana en España nace como consecuencia da guerra civil española, debido ao mal estado das cidades a causa dos bombardeos. Ao rematar a guerra, realizáronse intervencións arqueolóxicas aproveitando os espazos baleiros. A partir dos anos sesenta, co boom inmobiliario, xorde unha nova preocupación: os novos sistemas de cimentación son máis profundos e iso conleva o deterioro do subsolo, dificultando así a súa intervención. As cidades son territorios que mostran a evolución da historia a través dos distintos substratos do solo. No mundo occidental, ningunha civilización fomentou tanto o desexo de identificación como a clásica, especialmente o Imperio Romano. Tivo un grande impacto en achados como o de Lugo, unha das urbes máis antigas da península ibérica, cuxa fundación remóntase á época romana.

A muralla de Lugo convértese no emblema e orgullo da cidade, pola súa envergadura e o seu perímetro completo, o que a fai única no mundo e merecedora do recoñecemento como monumento Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Tamén ten un valor sociolóxico polo esforzo constante de mantemento que require unha estrutura destas características. Por desgraza, non todas estas cidades compartiron esta devoción polas súas murallas. Moitos dos nosos monumentos romanos en España, como as murallas de Barcelona, Burgos ou Xixón, desapareceron. Moitas destas estruturas están hoxe en espazos públicos, como aparcadoiros ou restaurantes, pero tamén en espazos privados, como é o caso do Hotel Mercer en Barcelona, privatizando un espazo cultural. No caso de Xixón, créanse



DATOS

En Guías Lugo queremos reconectar a identidade de Lugo coa súa historia.

Cando: De mércores a domingo

Onde: Lugo, saídas polo casco histórico e catedral

Horario e reservas: 10:15-14:00 e 16:15-20:00

Teléfono: 644 419 975

Empresa: Guías Lugo

Guía turística: Lucía Estévez Muñoz

Web: <https://guiasbierzo.com/guias-lugo-turismo-y-visitas-guias-en-lugo/>

recreacións para non perder esa memoria histórica do que foron as nosas cidades, impulsadas pola arqueoloxía urbana. Porén, a muralla non será o único tesouro que gardan as nosas cidades, e Lugo é unha pequena Pompeia aínda por descubrir, desde o foro ata un posible anfiteatro. Parte destes tesouros descubertos atópanse baixo o subsolo, divididos en estratos de distintas épocas da humanidade. Moitos destes achados ás veces pasan desapercibidos nos nosos paseos polo casco histórico, encapsulados en vitrinas de vidro integradas no chan, inadvertidas para turistas e veciñanza, en canto á súa función e historia. Convertendo a cidade de Lugo nun pequeno anticuario urbano. Como sociedade, debemos achegarnos ao noso pasado e estudalo, continuar incentivando a nosa cultura



e cidade. Porque unha cidade é un museo vivo e gratuito ao alcance de todas e todos a día de hoxe. Se buscamos a autenticidade, debemos interesarnos polo entorno que nos rodea e revalorizar o seu patrimonio a través de intervencións que non só conserven, senón que tamén contén historias.

Por iso é moi importante a súa divulgación tanto a turistas como á xente local, e un bo intermediario é o guía turístico como mediador do coñecemento. A arqueoloxía non pode falar por si soa: precisa voces que a traduzan. Un guía pode axudar ás persoas visitantes a ver máis alá da superficie, a ler os signos invisibles do pasado e a despertar o interese pola conservación. Tanto do noso patrimonio pasado como tamén do futuro. Cuxo propósito consiste en conectar emocionalmente ao viaxeiro ou residente co territorio.

O PP instala un código QR para dar acceso a unha guía turística


O Grupo Popular de Lugo instalou un código QR de grandes dimensións nunha das fiestras do local que ocupa na Casa do Concello. A través deste código, veciños, veciñas e visitantes poden acceder directamente a unha guía dixital sobre Lugo, elaborada coa colaboración de persoas vencelladas ao turismo, a historia e a cultura local. A voceira popular, Elena Candia, explicou que a iniciativa pretende ofrecer “unha ferramenta útil, feita con rigor e cariño, para que quen visite Lugo estes días poida coñecer mellor o que temos: patrimonio, historia, cultura, gastronomía e natureza”. Tamén sinalou que a escolla da data non é casual: “Queremos poñer en valor a Semana Santa lucense e recoñecer o traballo da Xunta de Confrarías, que está loitando pola declaración de Interese Turístico Nacional. Nós, desde a oposición, achegamos o que temos: medios propios e vontade de sumar”. Candia insistiu na necesidade de

coidar e promocionar Lugo como destino turístico: “Se queremos que Lugo deixe de ser unha cidade de paso, hai que contala como merece. Esta guía é un pequeno paso nesa dirección”. Desde o Grupo Popular tamén se criticou a falta de iniciativa do goberno local en materia de promoción turística. “Lamentamos que o Concello non estea á altura do que Lugo precisa e careza dunha estratexia para prolongar a estancia media dos visitantes ou potenciar a cidade como un destino atractivo”, afirmou a voceira. O traballo, que xa fora presentado hai uns meses e estaba dispoñible na web do grupo municipal, é descrito como “un documento vivo e aberto á participación” para incorporar melloras de forma continua. Pola súa banda, o concelleiro Agustín Gallego puxo o foco na falta de planificación do executivo: “Temos unha cidade cun enorme potencial, pero sen unha estratexia sería nin vontade real de poñela en valor”.


Arde Lucus xa ten cartel

Arde Lucus 2025 xa ten cartel anunciador despois de ser escollido entre máis de 60 propostas e tras a deliberación dun xurado formado por Ramón Cabarcos, director da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón; Enrique González, arqueólogo do Concello de Lugo e Christian Gutiérrez, deseñador gráfico. O

cartel escollido foi *Saxa et Gloria* da deseñadora Marieta Orol Chao, que ideou e deseñou unha obra “digna dos deuses, que nos representará nesta viaxe ao pasado”, din desde o Concello. Este deseño representa desde xa a imaxe de estas festas, que reviven cada ano a maxia, lume e o espírito da antiga Lvcvs Avgvsti.



COORDINAN:



A mostra fotográfica de Ana Gil Rodríguez pode visitarse no Museo Provincial

O Museo Provincial de Lugo acolle a mostra fotográfica *A porta fechada* de Ana Gil Rodríguez (Ourense, 1973), que representa o fogar como espazo de submisión e desasosego, ata o vindeiro 15 de xuño.

A mostra, que poderá visitarse no Refectorio do Museo, recolle o froito dun traballo de investigación sobre o espazo doméstico que a artista desenvolve desde 2006 e que reflexiona sobre o fogar como espazo de submisión e desasosego.

A técnica empregada, a impresión fotográfica sobre aluminio brushed dourado, reforza a intencionalidade perturbadora deste proxecto artístico.

A exposición encádrase no programa (Re)coñecer, (Re)presentar e (Re)distribuír da Rede Museística Provincial, que impulsa a presenza da creación artística e o comisariado feminino nos museos provinciais.

A responsable provincial valorou “a singularidade da proposta artística de Ana Gil Rodríguez, que conectou coa filosofía doutros proxectos expositivos promovidos pola Rede Museística que procurar representar e recoñecer historias soterradas ou silenciadas”.

Carme Pedrouzo recibe unha mención especial nos Premios Stephen Hawking

Un proxecto STEM desenvolvido por Carme Pedrouzo Martos, alumna do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes de, foi recoñecido cunha mención especial nos VII Premios Stephen Hawking, celebrados recentemente no IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.

O traballo, titulado *Catálogo de identificación e observación de aves de Lugo*, foi coordinado por Paula Fernández Moure, bióloga ambiental do proxecto #LugoNaturalMente da UNED de Lugo e experta en conservación da biodiversidade e ornitoloxía. A proposta destacou entre os 54 proxectos presentados pola súa calidade, enfoque interdisciplinar e alto valor divulgativo.

O catálogo combina ciencia e arte mediante ilustracións científicas elaboradas pola propia autora, co obxectivo de dar a coñecer a riqueza ornitolóxica da contorna de Lugo e fomentar tanto a súa observación como a súa conservación.

Nesta edición, tamén foi recoñecido Yago López Núñez, estudante do mesmo instituto, polo seu proxecto *Influencia da arquitectura orgánica no contexto da cidade de Lugo*.

Academia JM Rivas repite o seu curso intensivo en maio adaptado á nova PAU

Os estudantes de Segundo de BAC ultiman o curso estes días coa mirada posta xa na PAU, a proba que abre o camiño á Universidade desexada e que este ano foi reconvertida por parte da Consellería de Educación.

Sen dúbida trátase dunha proba crucial e que terá moito que dicir no futuro profesional dos aspirantes, xa que a nota media coa que rematen a proba acotará as carreiras ás que poderán optar. Superar esta fase cunha nota alta é importante polo que en JM Rivas realizan un curso intensivo que axuda a todos os que participan a elevar a súa media e ter así máis opcións de futuro.

Este curso intensivo realizarase este ano entre o 19 de maio e o 2 de xuño e ten como obxectivo repasar as materias que eles desexen, de forma totalmente individual e personalizada, adaptándose tamén ao ritmo de cada alumno.

Un dos enfoques da nova PAU é o competencial, que prioriza a aplicación práctica dos coñecementos, polo que os novos exames deste ano incluírán máis preguntas contextualizadas e prácticas, onde se debe amosar a capacidade de análise, pensamento crítico e resolución de problemas.

O importante é que todos os días realizan un exame para medir a súa aprendizaxe e son simulacros, xa que están feitos exactamente igual aos que lles porán durante os tres días nos que se desenvolverá a proba, que este ano será do 3 ao 5 de xuño. As clases desenvolveranse de luns a sábado pero os domingos tamén disporán do apoio que necesiten e ademais terán acceso en liña a todo o material na aula virtual 24/7.

TRABALLO DIARIO. Durante esta formación intensiva traballarase



nas materias comúns e tamén nas específicas e o alumno poderá escoller en cales necesita máis reforzo.

Ademais de resolver dúbidas e repasar os temas fundamentais, realizarán esquemas cos conceptos básicos, prepararán as probas de fonética e redacción do exame de inglés, e traballarán coa gramática e os comentarios de textos, a base

das probas da PAU.

O equipo de profesores é especialista nas materias que ensinan e contan con material propio elaborado polo equipo docente, entre os que se atopan exercicios de exames, conceptos fundamentais, esquemas, resumos, etc. Ademais realizan clases individuais.

“O importante do curso é manter ao

alumno centrado no estudo e que non deixe o repaso das materias para o último día. Así garantimos que no momento do exame estean ao día do máis importante”, explica o director do centro, José Manuel Rivas Bande.

Este ano haberá recompensa para os matriculados, xa que a mellor nota da PAU levarase unha tableta Lenovo de agasallo e unha segunda sortease entre os matriculados.

EN DETALLE

- ▶ Impartirase do 19 de maio ao 2 de xuño
- ▶ As clases serán de luns a sábado e os domingos resolveranse dúbidas en liña
- ▶ Atención personalizada con material didáctico propio
- ▶ Preparación de todas as materias comúns e específicas
- ▶ Aula virtual con todo o material a disposición do alumno 24/7
- ▶ O alumno poderá escoller o número de materias que quere
- ▶ Elevada porcentaxe de éxito do alumnado

- ▶ Farase un simulacro de exame todos os días coa mesma estrutura e contido que os da PAU
- ▶ Clases individuais en materias como historia, bioloxía, filosofía, xeografía ou historia da arte.
- ▶ Contan con profesores especialistas nas materias que imparten
- ▶ Preparación específica da proba de fonética e redacción do exame de inglés
- ▶ Repaso da gramática e mellora do comentario de texto
- ▶ Premio de dúas tabletas, unha para a mellor nota e outra a sorteo

EXPERIENCIA. JM Rivas é unha academia de gran tradición e experiencia en Lugo. Comezaron no ano 1986 pero desde 2005 ocupan as instalacións actuais na rúa Doutor Fleming. Empezaron dando apoio aos estudantes de ESO e Bacharelato pero pouco a pouco foron ampliando o seu campo de acción e agora traballan tamén co alumnado universitario e preparan as oposicións, entre outros servizos.

As principais liñas de traballo desta academia son as clases en grupos reducidos, para garantir a aprendizaxe, ou individual si a materia así o require.

Miyu Shindo ofrecerá un recital de piano o 8 de maio no Círculo das Artes

A prestixiosa pianista xaponesa Miyu Shindo, gañadora do 1º Premio no VII Concurso Internacional de Piano Cidade de Vigo (2023), ofrecerá un recital no Círculo das Artes de Lugo o xoves, 8 de maio, ás 20.00 horas.

O concerto forma parte da súa intensa xira internacional e será unha ocasión única para gozar do talento dunha das figuras emerxentes máis destacadas do panorama pianístico.

No programa, centrado exclusivamente na obra de Frédéric Chopin, Shindo interpretará unha coidada

selección de pezas que amosan a riqueza expresiva e técnica do compositor polaco. O repertorio inclúe obras emblemáticas como o Nocturno en Re bemol maior, Op. 27 nº 2, a Balada en Fa menor, Op. 52, a Sonata nº 2 en Si bemol menor, Op. 35 e o Scherzo en Si bemol menor, Op. 31, entre outras.

Nacida en 2002 en Xapón, Miyu Shindo trasladouse aos 16 anos a Moscova para estudar con Valery Piassetsky. Ao longo da súa carreira obtivo numerosos galardóns.

CONSERVATORIO



O Conservatorio Profesional de Danza de Lugo (CDAN) celebrou unha nova edición do seu xa consolidado Concurso Coreográfico, que este ano estivo dedicado á recoñecida bailarina, coreógrafa e actual directora do San Francisco Ballet, Tamara Rojo. O evento tivo lugar no Auditorio Fuxan os Ventos e contou cunha notable participación de bailaríns e bailarinas, que ofreceron ao público unha mostra da súa creatividade e talento sobre o escenario.

GREEN FIBER

O 70 por cento da superficie de Altri na vila de Palas de Rei será verde

A fábrica de fibras téxtiles só ocupará o 30 % da parcela; o cinturón verde, incluíndo as áreas de compensación, manterase no estado actual

Nas plantacións que se leven a cabo, xa sexan de árbores ou arbustos, empregaranse exclusivamente especies autóctonas

Co obxectivo de minimizar o impacto visual do proxecto GAMA na súa contorna, favorecendo ademais a preservación do ecosistema natural desta, Altri, a compañía que impulsa a fábrica de fibras téxtiles en Palas de Rei a través da súa filial en España, Greenfiber, desenvolverá un minucioso proxecto paisaxístico nun total de 99 hectáreas. A intervención nesta superficie contempla non só un cinto perimetral de especies autóctonas, senón tamén unha serie de áreas de compensación para protexer e favorecer o crecemento de especies endémicas protexidas, ademais dunha zona tampón respecto da ZEC Serra do Careón.

Deste xeito, das 366 hectáreas de superficie total da parcela: a fábrica ocupará 112 ha, o 30 %; 155 ha manteranse no estado ac-



tual, o 42 %; e 99 ha, é dicir, o 28 %, serán o cinto verde e a área de compensación de especies protexidas.

Cinto verde

O cinto verde terá unha anchura media de entre 20 e 30 metros, podendo acadar os 200 metros nas zonas próximas a áreas como a ZEC Serra do Careón ou a Lagoa de Quintas. Neste senti-


do, o anel perimetral permitirá “a súa funcionalidade como zona refuxio e corredor ecolóxico”. Para iso, o proxecto aposta por especies autóctonas tanto de arborado como de matogueira, e contempla a zonificación da superficie verde que rodeará a área industrial, propoñendo en cada zona actuacións específicas en función da vexetación existente na actualidade, das características do solo, potencial, etc.

Ademais, o deseño foi formulado para cumprir unha serie de obxectivos, como servir de zona de amortecemento co medio natural circundante, integrar paisaxisticamente as edificacións da industria, preservar os valores culturais da zona como o Camiño de Santiago, e protexer os valores naturais como flora protexida, hábitats de interese e espazos naturais de interese local. Nas plantacións que se leven a cabo, xa sexan de árbores ou arbustos, empregaranse exclusivamente especies autóctonas, como o carballo; sobreira; bidueiro; castiñeiro; acivro; érbedo; herba salgueira, etc. Ademais, naquelas zonas nas que se considere viable e no caso de existir sementes potencialmente viables de especies protexidas, valorarase a súa sementeira para favorecer a po-

sibilidade de implantación destas con maior rapidez.

Plan de conservación de especies protexidas

Pola súa banda, o plan sobre especies protexidas foi deseñado non só para garantir a conservación e protección destas especies no seu hábitat; senón tamén para conservar e mellorar as poboacións, incluíndo a súa implantación en espazos nos que non se rexistrou a súa presenza na actualidade, pero nos que hai indicios de que existiron noutro tempo, minimizando as dificultades específicas naturais que se producen. Realizarase un seguimento anual das poboacións de Santolina melidensis, Leucanthemum gallaecicum e Armeria merinoi para avaliar o estado de saúde das distintas zonas, a evolución, taxa de crecemento e reprodución. Así mesmo, levarase a cabo unha retirada selectiva da terra vexetal en todas as superficies directamente afectadas polas obras, antes de que se produza o movemento de terras, co fin de conservar e manter vivo o solo serpentínico para a súa posterior reextensión sobre os terreos afectados, de modo que se poida buscar a implantación das especies endémicas tamén nestas zonas.



LETRAS GALEGAS 2025

Cantareiras

O Día das Letras Galegas de 2025 está dedicado ás mulleres que contribuíron á lírica popular cun número elevado de cantigas, melodías e letras

As mulleres elixidas para representar as cantareiras son unha mostra representativa daquelas transmisoras

O Día das Letras Galegas 2025, que se celebra o vindeiro 17 de maio, estará dedicado á poesía popular oral, segundo decidiu a entidade promotora desta efeméride, A Real Academia Galega. Así, este ano as Letras Galegas terán o obxectivo honrar a aquelas mulleres que dedican a súa vida a poñer en valor a música tradicional galega, empregando a súa voz e as pandeiretas como principais acompañamentos musicais. O fonsagradino Antón Santamarina, que é académico numerario da Real Academia Galega, explicou no portal académico que “cando presentamos esta candidatura para dedicarlle un Día das Letras Galegas á lírica popular, sabíamos que había por toda Galicia, e mesmo fóra, moitas candidatas posibles, pero reducimos o número a seis mulleres que representasen a todas cantas mulleres cumpriron un papel parecido, moitas con nomes coñecidos e outras anónimas. Todos os etnógrafos salientaron que as mulleres foron as principais transmisoras da lírica popular,

pero non podemos esquecer que o fenómeno non é exclusivo delas e que nos cancioneros tamén hai con frecuencia informantes homes. Todos eles, mulleres e homes, estean na nómina dos lembrados como dos omitidos (non esquecidos), serán protagonistas festexados nesta celebración”, explicou. Así, o Día das Letras Galegas 2025, dedicado á poesía popular oral, está personificado en Adolfinia e Rosa Casás Rama, de Cerceda, Eva Castiñeira Santos, de Muxía, e Manuela Lema, Teresa García Prieto e Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda, integrantes estas catro das Pandeireteiras de Mens (Malpica). É unha representación colectiva, como xa se fixo na elección dos trobadores da ría de Vigo en 1998, cos que se rendeu

homenaxe á poesía medieval. A académica Ana Boullón, sostivo que “un dos factores que dificultou a elección concreta das personaxes que ían encarnar esta candidatura non foi o seu número, senón o carácter anónimo propio da transmisión popular. As mulleres non eran coñecidas fóra dos límites das súas aldeas; os grupos que se constituían nin adoitaban recibir nome nin se axustaban a formatos fixos; non buscaban gabanzas máis alá da súa contorna. Enténdase, pois, que non están todas as que son, senón que se buscou unha mostra representativa destas figuras que coidaron, arriqueceron e transmitiron esta tradición centenaria”, contextualiza a académica. A RAG recoñece ademais o labor das asociacións culturais que desenvolveron un labor fundamental, non só co traballo de campo de recollida de letras e música, senón tamén coa súas clases de canto, música e baile. “Así, foise espallando entre a xente nova ese tesouro con tan pouca visibilidade social antano e que aínda hoxe require de maior protección institucional como parte do noso patrimonio inmaterial”, enfatiza Ana Boullón, que cita, entre outras, propostas contemporáneas que van desde as levadas ao escenario por Mercedes Peón, Leilía ou Xabier Díaz ata as de Antía e Ameixeiras ou Fillas de Cassandra. “A tradición vólvese vangarda. O folclore, conxunto de tradicións, costumes e manifestacións artísticas dun pobo, non debe ser contemplado de forma arqueolóxica, senón que na súa propia esencia está a evolucionar e cambiar, é zume que nutre novas

formas de expresión”, conclúe Ana Boullón. **UNHA SERIE DOCUMENTAL.** Co obxectivo de recoñecer a importancia da poesía popular oral, a Real Academia Galega estreou a serie documental ‘Se canto é porque quero’. Esta proposta recolle testemuños e experiencias que relatan o mundo das cantareiras e da poesía oral a través de tres capítulos baseados en Rosa e Adolfinia Casás Rama, veciñas de Cerceda; as Pandeireteiras de Mens, de Malpica de Bergantiños; e Eva Castiñeira, de Muxía. Ademais, aparecen na produción tamén Mercedes Peón, Fuxan os Ventos, Felisa Segade e as rapazas do Regueifa Tour. A produción audiovisual afonda nas ideas centrais destas Letras Galegas, nas que a RAG quere reivindicar “a fala do pobo que mantivo vivo o galego ao longo dos séculos, a enorme creatividade da poesía feita anonimamente e a súa vixencia”, salienta o presidente da Academia, Henrique Monteagudo. “Quixemos resaltar a forza viva da tradición dun pobo que segue a cantar porque quere, como di a copla que lle dá título á serie. Como a mocidade está a abrírlle novos camiños con grande éxito”, prosegue. “A natureza colectiva desta festa é outro dos seus esteos”, sinala a secretaria da Academia e promotora da candidatura, Ana Boullón. “Por iso, animamos a que cada vila, cada aldea lembre este 17 de maio as súas propias cantadoras, e que lles dea igualmente voz aos netos e netas que fan seu con orgullo este legado, como reflicte tamén a





serie”, engade.

A serie arranca na Vila da Igrexa, rememorando o encontro entre Schubarth e Rosa e Adolfinha Casás Rama. Relátan na propia aldea das homenaxeadas Richi Casás, neto e sobriño neto de ambas as cantareiras.

“No primeiro episodio, Rosa e Adolfinha. ‘As recollidas onte e hoxe’, quixemos insistir na importancia de documentar e recoller as coplas e as músicas populares, e mais a necesaria complicidade entre as persoas informantes e quen realiza estes traballos”, explica Alba López Álvarez. É un traballo que iniciou Sarmiento hai trescentos anos e que ten a súa biblia no Cancioneiro de Schubarth e Santamarina, realizado entre finais dos anos 70 e principios dos 80 do século pasado. Pero Se canto é porque quero recorda tamén o labor xeneroso de moitas outras persoas que percorreron o país, de rueiro en rueiro, rexistrando a memoria de milleiros de versos. O segundo capítulo, ‘As pandeireteiras de Mens. Da aldea á cidade’, conta cos testemuños de Isabel García Quintela e Manel Fernández Pensado, presidenta e presidente de honra da Agrupación Folclórica Aturuxo da Coruña, da que formaron parte as cantareiras de Malpica de Bergantiños. A narración prosegue coas intervencións das cantareiras da Asociación Cultural Raigañas de Cerqueda (Malpica de Bergantiños), que lembran o papel das agrupacións nas vilas e aldeas onde se recuperaron os cantos e os bailes; e máis Carme e Uxía da Pontragha, que tras aprender das súas maiores en Tordoia hoxe son mestras de canto e pandeireta nun ambiente urbano. Tamén intervén nesta segunda entrega a cantadora e tocadora Antía Vázquez,

membro de Alana, que explica de modo didáctico a estrutura dunha cantiga. No terceiro episodio, ‘Eva Castiñeira. A necesidade de perdurar’, Martín Mondragón (Mondra) e Sabela Caamaño e Antía Ameixeiras (Caamaño&Ameixeiras) manteñen un encontro co alumnado do CEIP Os Muíños para lle aprender a crear novas coplas e músicas partindo da tradición. Tereixa Novo, Carmen Vázquez e Pedro Lucas, de Fuxan os Ventos, e Felisa Segade, de Leilía, lembran pola súa parte as achegas de ambas as formacións á recuperación das letras e da música popular nun episodio que remata ollando ao futuro coas regueifeiras adolescentes do Regueifa Tour.

A PALABRA DO ANO 2024.

Ademais de dedicar o Día das Letras Galegas ás cantareiras, a palabra ‘Cantareira’ foi a escollida como Palabra do Ano 2024. Cantareira, con 25 por cento dos votos, foi a palabra que obtivo máis apoios das persoas participantes nunha elección na que o público se decantou maioritariamente polas opcións patrimoniais. Na primeira acepción do dicionario da RAG, cantareiro, -a define a persoa que sabe cantar ou afeccionada a facelo e ten como sinónimos cantadeiro, -a, cantador, -a e cantaruxeiro, -a. Como adxectivo, esta voz ten unha segunda acepción similar, “que emite un son agradable e melodioso”, pero a Palabra do Ano 2024 refírese á forma substantivada cantareira, que se aplica á muller que canta cantigas populares. O termo créase en todos os casos sobre o verbo cantar, que procede do equivalente latino ‘cantare’.

A Palabra do Ano escóllese a través do Portal das Palabras, un proxecto

da RAG e a Fundación Barrié para a modernización do traballo lexicográfico e a divulgación da lingua galega que cada semana ofrece xogos e outros contidos divulgativos que conectan o léxico galego coa realidade cotiá e a actualidade dun xeito ameno. Dende 2014, o Portal das Palabras convida ademais a todas as persoas que o desexen a participar na escolla da Palabra do Ano. A última incorporación non é a primeira que alude á forza das coplas e da música popular galega. No ano 2021 a voz elixida foi tanxugueiras, o topónimo que lle dá nome ao grupo formado por Olaia Maneiro, Aida Tarrío e Sabela Maneiro, un referente dos novos camiños que está a abrir con grande éxito a nosa música tradicional. As demais palabras do ano son ata o momento cibercarracho (2023) comadre (2022), nós (2020), sentidiño (2019), deseucaliptización (2018), afouteza (2017), irmandade (2016) —coincidindo co centenario das Irmandades da Fala—, refuxiado, -a (2015) e corrupción (2014).

Víctor F. Freixanes, expresidente da RAG, sostén que “as cantareiras representan ese pulo

vital, esa enerxía histórica que fixo que a lingua galega puidese pasar de xeración en xeración, de nais a fillas, de avoas a netas. A súa transmisión oral tamén é literatura. As letras, a lingua, son algo que ferve na sociedade, que levamos dentro, que transmitimos construíndo o futuro a partir desa memoria. Cada vez que falamos galego cos nosos netos e netas estamos transmitindo a ilusión de construír país entre todos, porque a lingua é algo que nos une, é o cemento que nos une”, concluíu.

En Lugo, a Tenencia de Alcaldía do Concello organiza cada ano un acto para homenaxear este recoñecemento á Palabra do Ano e para engadir a palabra ‘Cantareira’ ao Paseo das Palabras do Ano de Lugo, situado na rúa Mallorca. Así o destacaba Rubén Arroso, tenente de alcalde de Lugo: “Cada ano realizamos esta intervención artística que xa converteu a rúa Mallorca nun atractivo turístico máis de Lugo”, explicou Arroso, quen tamén subliñou o valor desta iniciativa para poñer en valor a lingua galega.

E, pola súa parte, Víctor Freixanes, que tamén participou no acto, xunto con Diego Rodríguez, académico e bibliotecario da Fundación Barrié, afirmou que a palabra ‘Cantareiras’ representa “a enerxía do pobo que fixo que a lingua galega puidese pasar de xeración en xeración a través desa tradición de transmisión oral”.



'Cantareiras'
representa
a enerxía
do pobo
que posibilitou
transmitir a
tradición oral
de xeración
en xeración

CERTAME DA TRADESCOLA

A Tradescola, en colaboración coa Área de Cultura da Deputación de Lugo, pon en marcha o XII certame de debuxo O baile e os Instrumentos da Música Tradicional Galega - As Cantareiras e a tradición oral.

Esta iniciativa está dirixida a todos os escolares de 1º, 2º e 3º de primaria dos centros de ensino da provincia. A finalidade do certame de debuxo é potenciar e difundir entre os máis pequenos a nosa música e a cultura tradicional galega, incidindo nesta ocasión na tradición oral, nas cantareiras homenaxeadas no día das Letras Galegas 25. “En definitiva, axudar a que coñezan os nosos instrumentos, a nosa historia e costumes dun xeito natural dende os primeiros anos, fomentando actitudes de respecto e valoración da mesma”.

Os debuxos e os dorsos dos debuxos deberanse enviar (escaneados ou fotografados) por correo electrónico á Tradescola (tradescola@gaiteirosgalegos.gal) ata o 16 de maio de 2024.

O xurado do certame estará composto por membros do profesorado da Tradescola, que seleccionarán un total de 10 debuxos finalistas que serán premiados cun lote de material didáctico.

Dos 10 debuxos finalistas, seleccionárase un gañador, que recibirá un premio consistente na matrícula de balde nunha materia na Tradescola no curso 2025/2026. O centro educativo ao que pertenza o gañador terá tamén un agasallo a maiores, consistente nun concerto didáctico de música tradicional a cargo da Tradescola.

“Quero seguir cantando moitos anos e actuar en Lugo”

Lucía Iglesias García, cantante de ópera lucense de 25 anos, explica o seu proceso de evolución como artista e adianta as súas próximas actuacións

Jessica Fernández

Como xurdiu a súa historia de amor coa música?

Realmente, xurdiu por casualidade. Cando tiña oito anos, meus pais e eu vimos un anuncio no xornal no que buscaban figurantes infantís para a ópera Werther de J. Massenet que se representaba no Festival Mozart de A Coruña. Presenteime a esa audición e seleccionáronme, e aí descubrín o mundo da ópera desde dentro: o proceso de ensaios, o equipo, e, sobre todo, o que hai detrás do escenario. Quedei tan fascinada pola figura do cantante e todo o que envolve o canto, como a actuación, o vestuario, o maquillaxe, a danza... que decidín que quería ser cantante de ópera cando fose maior. Así, comecei os meus estudos de piano no Conservatorio Profesional da Coruña e compaxineino tamén co Coro Xoven da Orquestra Sinfónica de Galicia, que tamén traballaba na produción. Durante 10 anos estiven nese coro, que me axudou a medrar como persoa, como músico, como artista, como todo, porque traballei con profesionais importantísimos e alí fixen as miñas primeiras prácticas. Despois, comecei co canto lírico aos 15 anos e, da man de Manuel Burgueras, que me acompañou moitos anos e sabe moitísimo de ópera e de voz, guioume na dirección correcta; e xunto co mestre Daniel Muñoz seguen sendo os meus guías vocais.

Cóntenos como foi o seu debut con 19 anos e a súa evolución ata agora. Comecei aos 8 anos, pero ata os 19 non fixen o meu debut profesional, pero era moi nova. Ademais, foi por casualidade, xa que estaba na Escola de Ópera en Sabadell aprendendo e traballando durante meses e xurdiu que tiven que cubrir a unha compañeira que non podía cantar, polo que o meu debut foi coa ópera rossinia-

na La Cenerentola, de G. Rossini en Cataluña coa Fundació Òpera a Catalunya (FOC). Tamén interpretei o papel de Musetta en La Bohème de G. Puccini; a miña ópera favorita. Logo, fixen o meu debut internacional en Italia tamén con La Cenerentola, de G. Rossini. Estes papeis abríronme moitas portas, aprendín moitísimo e, ademais, sentínme moi orgullosa de poder debutar con 24 anos en Italia.

Foi un camiño duro?

Foi un camiño duro no sentido do traballo, xa que hai que estudar moitas horas. Tiven que sacrificar a vida social na miña nenez e adolescencia, polo que o pasei mal, xa que mentres os meus compañeiros quedaban para xogar, eu tiña que estudar e pensar en como mellorar, escoitando cantantes... Igual saía de casa ás 8 da mañá e non volvía ata as 10 da noite, pero coa paixón que sempre tiven por isto e o moito que me gustaba, realmente non me custaba tanto traballo e mereceu a pena porque estou a cumprir o meu soño. Cando un ten amor por algo, todo se fai máis fácil e máis levadeiro.

Canto é importante o apoio familiar nun sector coma este?

É importantísimo. Vin moitos compañeiros que comezaron, que tiñan un don, que tiñan unha paixón, pero por non estar apoiados polos seus pais, tiveron que dedicarse a outras cousas que non lles gustan e que non lles fan felices. Eu tiven a sorte de ter o apoio incondicional dos meus pais, e da miña familia en xeral, que son os que máis cren en min, moitas veces incluso máis que eu mesma. Ademais, eles avisáronme de que este non era un camiño sinxelo no que tería que traballar moito, ter desgustos... pero eu asumín todo isto porque é o que quero e sempre me sentín apoiada.

Como é o mundo da ópera desde

dentro?

O mundo da ópera é un mundo moi internacional, no que coñeces a xente de todas as partes do mundo, e iso créache moita apertura mental, incluso respecto ás amizades, porque, aínda que pareza que non tes nada en común, son persoas coma ti que fan o que aman. Por outra parte, desde a visión do cantante, é un mundo incerto e difícil no sentido de que hai moita xente que quere facer isto e non hai tanto traballo, entón un ten que ser o mellor continuamente. E coma ti, todos os que están, xa que aman a ópera, a música, a arte... entón hai moita competencia, pero a maior é a que tes contra ti mesmo.

Viaxades moito, como es leva?

A vida do cantante é unha vida chea de cambios repentinos. Eu fai un mes non tiña nin idea de que ía estar agora mesmo en Madrid. Tiven que mudarme para traballar no Teatro Real. E igual que che digo isto, seguramente no futuro haberá outras cousas que pasen das que agora mesmo non teño nin idea. Ti tes que ser unha persoa flexible, porque se es unha persoa pechada de mente é imposible que che vaia ben este traballo. Non sabemos o que vai pasar no futuro, e por iso estamos máis acostumados que o resto da xente aos cambios. O que pasa é que non sempre tes a alguén que che siga o ritmo, que poida ir contigo a todas partes. Pero tamén creo que é positivo, porque a soidade é importante para medrar. Ademais, eu teño a sorte de ter unha familia que cando pode, sempre está.

Outra das vantaxes de viaxar moito é que sei moitos idiomas: castelán, galego, catalán, inglés, italiano, francés e alemán. No mundo da ópera, o inglés está aí, pero a verdade é que cando estás nunha produción, nor-



malmente fálase en italiano. E despois tamén o alemán e o francés son moi importantes porque hai moitas óperas en alemán e moito traballo en Alemaña; e, concretamente, a min a ópera francesa encanta.

Actuou algunha vez en Lugo?

Nacín en Lugo e toda a miña familia é de Lugo, pero dende pequena vivín na Coruña, así que estiven entre as dúas cidades e sempre que vou a Galicia, vou á Coruña e a Lugo. Porén, nunca actuei en Lugo e tanto eu como a miña familia estamos desexando que iso ocorra porque sería moi bonito actuar na miña terra.

Cree que fai falta máis cultura musical entre a xente?

Eu creo que o problema real é educativo, xa que non se transmite o amor pola música de pais a fillos. En Austria, por exemplo, é súper habitual que os avós leven aos seus netos aos concertos, ás óperas, e lles expliquen de que vai. É tamén unha maneira bonita de conectar coa familia e coa cultura, e é algo que aquí non temos. Non é que un teña que saber de música para entender unha ópera. A ópera no seu tempo era o que é o cine ou o teatro hoxe en día; a ópera é o antecedente do musical. Ademais, creo que a xente podería atopar a súa paixón, algo que lle ilusionase fóra do traballo e que o sacara da monotona do día a día. Así, sería xente moito máis chea, máis feliz e que ten como un propósito fóra do traballo. Tamén vexo un problema na sociedade, e é que parece que todo o mundo teña que escoitar o mesmo, e debería haber diversida-

de de gustos e opcións.

Finalmente, cales son os seus proxectos de futuro?

Actualmente, estou no Teatro Real, onde fixen o meu debut recentemente, representando a Nadine Sierre e Lisette Oropesa nas árias ‘Ah! Je veux vivre’ da ópera Romeo et Juliette e ‘Tu del mio Carlo’ de Verdi: I Masnadieri. Agradezo moito a confianza do programa Crescendo de mozos artistas, do que formo parte, e estou moi contenta, xa que farei tamén un concerto cos meus compañeiros. E xa me preparo para os meus próximos compromisos en Italia, xa que volvei interpretar o papel de Adina e debutarei como Nannetta de Falstaff de Verdi no Teatro Mancinelli de Orvieto; que tamén é outro papel principal, así que estou encantadísima. O meu obxectivo de vida, ademais de cantar en lugares con moito renome, é seguir cantando moitos anos. Non vexo tanto as metas, senón o proceso en si, a carreira en si. Quero cantar moitos anos, subirme a moitos escenarios, debutar moitos papeis, evolucionar o repertorio, e transmitir á xente; que haxa unha persoa que logre emocionar ao público e que este poida admirala. Para min iso é a miña meta. E despois, se un canta nun teatro máis importante, pois mira, eu non tiña nin idea de que ía cantar agora mesmo no Real. Pero creo que co traballo e coa dedicación, estas cousas chegan. Un non pode andar planificando antes de tempo, sabes? As cousas pasan. E pasan cando non as esperamos. E iso tamén é bonito.

Celebran a primeira reunión para perfilar as festas de San Froilán

A concelleira de Cultura e responsable das festas de San Froilán, Maite Ferreiro, mantivo unha xuntanza coas persoas concesionarias das casetas e caldeiros do polbo instalados na zona do parque durante as celebracións patronais de Lugo. O encontro tivo como obxectivo comezar os preparativos para a edición 2025 das festas, garantindo o bo funcionamento dunha das tra-

dicións gastronómicas máis emblemáticas do San Froilán. Ferreiro destacou que “os lugares previstos para as casetas e caldeiros do polbo eran catro, pero xa levamos anos nos que o Concello saca este cuarto espazo a concurso sen que ninguén se presente”. Polo momento, son tres os caldeiros e casetas que se instalan cada ano nas costas do Parque de Rosalía de

Castro, a cargo de Aurora do Carballiño, Ramiro López e Nadela, cunha longa traxectoria no evento. Durante a reunión abordáronse aspectos como os prezos dos produtos básicos, regulados polo Concello con tarifas públicas que se manterán este ano: a ración de 250 gramos de polbo continuará a 14 euros, a de 200 gramos de pan a 1,50 euros, os cachelos a 2 euros



e o viño de mesa (3/4 de litro) a 6 euros. A edil explicou tamén que “os contratos de casetas e caldeiros poden

ser prorrogados este ano 2025, e esta foi unha primeira toma de contacto para que as festas sexan un éxito en todos os aspectos”.

José Tomé, reelixido secretario xeral dos socialistas da provincia

A Comisión Executiva Nacional Galega do PSdeG felicitou a José Tomé, novo secretario provincial de Lugo, escollido ao rematar o proceso de eleccións primarias. Este supón a última cita antes dos congresos provinciais que se celebrarán escalonadamente ao longo do mes de maio en Pontevedra, o día 3, seguido de Lugo, o día 10, A Coruña o 11 e, finalmente, o 18 de maio en Ourense. A dirección socialista salienta o exemplo de democracia interna ofrecido polos aspirantes de Lugo, onde se presentaron Tomé e Iván Castro, durante o proceso de eleccións primarias. “Este mecanismo consolídase como a máxima representación dos principios socialistas, como son a soberanía popular e o sufraxio universal, neste caso para escoller aos líderes provinciais”, din. “Este é un partido que aposta sen reservas pola democracia como fórmula óptima para representar o sentir da sociedade, que garante uns liderados solventes, competentes e fortalecidos polos votos de todos e cada un dos militantes, que deron unha lección maxistral de madurez institucional. A participación nos procesos internos consolida o proxecto e reforza a estrutura do partido como ferramenta para transformar a sociedade e dar resposta aos problemas e as ilusións da cidadanía”, engade a dirección do PSdeG. Afirmar que os candidatos e a militancia teñen ofrecido neste proceso “un exemplo de respecto polos valores socialistas e unha lección de responsabilidade e de autonomía decidindo percorrer xuntos o camiño da transparencia e da participación na busca dun obxectivo compartido”.



O alcalde de Monforte de Lemos e presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, foi reelixido como Secretario Xeral do PSdeG-PSOE na provincia, tras recibir o apoio maioritario da militancia nas eleccións primarias celebradas esta fin de semana. Tomé logrou 801 votos fronte aos 585 obtidos por Iván Castro, deputado provincial e voceiro en Paradelo. A participación no proceso foi do 75%, cun total de 1394 votos emitidos sobre un censo de 1862. Nada máis coñecer os resultados, José Tomé trasladou o seu agradecemento “a todas as compañeiras e compañeiros que decidiron participar con liberdade, ilusión e responsabilidade nun momento importante para a nosa organización, e que elixiron a miña opción”. Asegurou que esta reelección supón “un novo impulso para seguir traballando con forza, con humildade e cun compromiso profundo co noso partido e con todos os lucenses”. Ao tempo, que tamén tivo un agradecemento especial cara o equipo que organizou o proceso.

O líder provincial reafirmou a súa intención de consolidar os gobernos municipais socialistas, recuperar espazos perdidos, gañar novos concellos e seguir mantendo o goberno da Deputación de Lugo. “Gobernamos nas vilas máis grandes, a máis da metade da poboación, como Monforte, Lugo ou Vilalba”, detallou, ao tempo que avanzou que isto contribuirá á construción dun PSdeG en Galicia con José Ramón Gómez Besteiro á cabeza que sexa “máis forte”. Subliñou que a súa candidatura representa unha continuidade necesaria, pero tamén “renovación, impulso e apertura a novas ideas. “Vamos elixir unha nova Executiva que sexa representativa, paritaria para dirixir esta nova etapa do Partido Socialista na provincia”, afirmou ante os medios coa vista posta no Congreso do 10 maio. Unha Executiva que, adiantou, estará presente nas agrupacións para darlles apoio, asesoramento e facer o labor político necesario. Este é un compromiso que adquire e un sentimento que teño eu”, confirmou Tomé Roca.



Lugo viviu o gran apagón do día 28 sen incidencias

O luns 28 de abril, ás 12:30 horas, produciuse un apagamento eléctrico xeral que afectou amplamente a España, Portugal e de maneira puntual tamén a Andorra e ao sur de Francia. Este corte masivo, que xa se coñece como un apagón histórico, foi o primeiro deste alcance na era dixital, e tivo un forte impacto tanto no subministro eléctrico como nas comunicacións telefónicas.

En Galicia, o fenómeno afectou de forma desigual segundo o territorio. A reposición da luz comezou xa na tarde do luns en zonas das provincias de Lugo e Ourense, avanzando progresivamente durante a noite e a madrugada. A cidade de Lugo e a maior parte das capitais dos concellos contaban xa con subministro desde a tarde do luns, xa que Lugo foi a primeira cidade galega en recuperar o subministro, aínda que non sería ata a mañá do martes que se recuperou en algunha zona como A Ulloa. En xeral, foron poucos os incidentes rexistrados durante o apagamento en toda a comunidade, quitando

algún rescate de persoas encerradas en ascensores..

O presidente do Goberno, Pedro Sánchez, compareceu arredor das 18.00 horas para informar sobre a situación. Explicou que o corte estivo relacionado cunha “oscilación moi forte nos fluxos de potencia nas redes”, o que provocou a desconexión do sistema eléctrico español do europeo. Xa preto das 23.00 horas, tras a terceira reunión extraordinaria do Consello de Seguridade Nacional, o presidente volveu comparecer para confirmar que, ás 12.33 horas do día 28 desapareceron 15 gigavatios en cuestión de segundos, o que supón o 60 % de todo o subministro que consumía España nese momento. Porén, reiterou que as causas desta desaparición seguen a ser descoñecidas.

Ás 07:00 horas da mañá do martes, segundo Red Eléctrica e o Ministerio para a Transición Ecolóxica, xa se recuperara o 99,95 % da demanda enerxética da Península, con todas as subestacións da rede de transporte operativas.

HAMBURGUESAS GOURMET
(Cachena, Porco Celta...)

ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

- DESAYUNOS
- RACIONES
- PLATOS COMBINADOS
- COMIDAS A LA CARTA

NUEVA CARTA ¡Visítanos!

MENÚ DEL DÍA 14 €

TODOS LOS PARTIDOS de FÚTBOL y C.B. Breogán S.A.D.


Rafael de Vega, 10 bajo
Tel. 982 59 38 92 LUGO

COMPRAMOS TUS JUGUETES
(Playmobil, lego, maquetas de coches,

koleccioname
C/ San Pedro 28

Conversa con Ángeles, María e José Urbano, invidentes e traballadores

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Cada ano, ao redor do 18 de maio, ten lugar a celebración do Día Internacional dos Museos, un evento coordinado polo Consello Internacional de Museos (ICOM) que este ano pon de relevo o tema: «O futuro dos museos en comunidades en constante cambio».

Por iso, a Rede Museística Provincial de Lugo leva a cabo unha museoloxía social, achegando os museos á comunidade; dando acceso a todas as persoas, coa incorporación dos colectivos máis vulnerables, entre eles, o das persoas con diversidade funcional. Un exemplo disto foi a actividade inclusiva “a fotografía a cegas”. Non se poderá ver, pero sempre se poderá ter unha visión das cousas.

Porén, é imprescindible que todas as súas actividades sexan accesibles, tanto fisicamente como tamén eliminando as barreiras de comunicación e sensoriais, fomentando a igualdade de oportunidades á hora de participar na vida cultural, cunha perspectiva de normalidade da diversidade.”

E outra maneira de facer máis inclusiva a Rede é ter persoal con diversidade funcional traballando nela. Un dos principais obxectivos da súa xerente, Encarna Lago, é acadar a reserva do 10 % de prazas que se contempla normativamente nas administracións públicas. Un exemplo disto son estes tres traballadores con discapacidade visual:

Ángeles Miguélez Martínez, estando o seu actual posto de traballo no Museo Provincial de Lugo.

Ángeles desde cando téis a discapacidade?

Cando estaba no Bacharelato, con dezaseis anos, quedei cega por un tumor cerebral. Debido as miñas continuas ausencias, a causa do tratamento, perdín ese curso escolar. Pero, despois puiden seguir estudando no meu instituto, Virxe dos Ollos Grandes, rompendo unha barreira, xa que fun a primeira persoa con discapacidade visual que, en Lugo, rematou os seus estudos de Bacharelato no ensino ordinario.

Fuches á universidade?

Sí, fixen Dereito na Coruña. Empecei no curso 91-92, e como non había ordenadores, tiña que gravar ás clases en cintas cassette e na casa pasábaas a limpo para outras. Lembro que algún profesor dicíame que apagara a grava-



dora cando contaban anécdotas. Tamén tiña gravacións dos libros, feitas pola ONCE. Co tempo ás gravacións pasaron das cintas aos cd e logo aos MP3. Agora todo é moito máis doado coas Apps do móbil.

Cando empezaches a traballar na Rede Museística?

No ano 2011. Eu tiña trinta e nove anos e era o meu primeiro traballo xa que antes de rematar a carreira, entrei nunha etapa de desánimo e quedei na casa. Daquela a Rede quixo contratar a catro persoas con diversidade como auxiliares de sala durante seis meses, unha para cada museo. E eu entereime por unha amiga que xa coñecía á Rede por participar en varias actividades. Prepareime para o exame coa axuda da miña irmá que me mercou un ordenador para recoller a maior información posible dos museos. E aprobei, sacando o número un.

E fúchestes ao Museo do mar?

Eu pensaba quedar en Lugo, pero aconselláronme escoller o do Mar en San Cibrao porque era o máis pequeno e accesible e como xa estivera fóra da casa elixín este, superando algún que outro medo. Para min foi unha moi boa experiencia, na que me adaptei moi ben, tanto no traballo coma na vila. Incluso, gustábame tanto que cheguei a facer visitas guiadas de hora e media por mor dos meus comentarios froito das miñas investigacións sobre as pezas contidas no mesmo. Ao fin do primeiro contrato, obtiven, por exame outra vez, a praza de interina como vixiante guía, permanecendo alí once anos. **Na actualidade, traballas en Lugo?**

Sí, xa que en 2023 paso a ser fun-

cionaria de carreira e pido traslado ao Museo de Lugo, ocupando o posto de encargada dos auxiliares de sala da Rede. E paso dun museo pequeno de douscentos e pico metros a outro de sete mil no que teño que manexarme co bastón. Aínda que fago algunha visita concreta, o meu traballo actual é máis de despacho, coordinar a máis de vinte traballadores. Aquí todo é máis complexo e para as persoas con diversidade funcional nada está feito, téis que demostralo cada día.

Entre eses traballadores que coordina Ángeles está María Ramil Iglesias, tamén invidente e auxiliar de sala interina da Rede Museística.

María, concretamente, onde traballas?

Dende o 1 de xuño do ano pasado traballo no Museo Provincial do Mar de San Cibrao. Entrei alí porque me enterei, por casualidade, dun proceso selectivo para a ampliación da listaxe de auxiliares de sala e pareceume unha boa oportunidade laboral.

Como chegaches á Rede?

Pois eu coñecía a Ángeles como afiliada a ONCE e faloume do obradoiro de fotografía a cegas e sentíame moi a gusto. Ademais, fun coñecendo algúns dos outros proxectos que se fan.

E que supuxo esta oportunidade laboral?

Fíxome moita ilusión xa que é o meu primeiro traballo. Tras terminar a carreira, son graduada en Administración e Dirección de empresas, pasei uns anos complicados animicamente xa que fun perden-

do a vista, condicionando moito a miña vida cotiá. No ano 2023, comezara a preparar oposicións para a Xunta.

A túa perda de visión foi sobrevinda?

Sí, por unha enfermidade xenética herdada, Dexeneración Macular Xuvenil. Vai evolucionando e, na actualidade, o meu resto de visión é moi pequeno, só no ollo dereito no que vexo luces e sombras coma se fose a través dun tubo con moi pouca nitidez aínda que leve lentes.

E como che afecta á hora de desempeñar o teu traballo?

As miñas funcións como auxiliar, atendendo ao público, son moi gratificantes e como o Museo do Mar é pequeniño, sendo moi práctico para a miña mobilidade e, tamén, xa se fixo moito esforzo pola accesibilidade, por exemplo os nomes das pezas están en Braille, hai maquetas que se poden tocar e teño puntos de referencia para moverme sen utilizar o meu bastón de invidente. E un feito moi bonito foi que os nenos dun campamento de verán tiveron como actividade axudarme a atopar eses puntos de

catro anos e audífono dende os oito. Daquela década dos oitenta, na escola non había axudas técnicas e tiña que apañarme como podía, sentándome adiante de todo para levantarme xunto ao encerado e escoitar ao mestre. É a través dunha veciña que levaba unha nena ao colexio da ONCE de Madrid, cando contacto cos seus técnicos que me falan de lupas, de minitelescopios de peto, de escribir con letra azul no ordenador...

E chegaches a estudar unha carreira?

Sí, fixen tres anos de Historia e logo me pasei a Antropoloxía Social e Cultural. Interesábame acadar un título máis específico coma o de antropólogo.

E por que viñestes a Lugo?

Nunha das actividades da ONCE coñecín á miña muller que é de aquí e como foi ela a primeira en atopar traballo, decidimos vivir en Lugo. E encántame porque é un museo toda ela: a Muralla, a Catedral, as Termas Romanas...

E como entras en contacto coa Rede?

De rebote. Xa tivera o meu primeiro traballo, participando nunha guía de accesibilidade turística en Madrid. Deste xeito, fun adquirindo coñecementos de eliminación de barreiras en hoteis, museos, etc. Ao seu remate, viñen para Lugo e vin un recorte de prensa pedindo un Vixiante-Guía para o Museo, ofrecendo un contrato de reforzo de seis meses polo setenta e cinco aniversario do Museo, no ano 2008. E saquei o número dous nas probas. Co tempo, encadeei contratos temporais ata cubrir unha vacante longa de catro anos en 2019, ata que obtiven a praza de funcionario de carreira por concurso. E nas épocas de paro segúin formándome, por exemplo, fixen un Máster en Servizos Culturais.

Tés unha enorme capacidade para memorizar, verdade?

Ben, teño moitos coñecementos, grazas aos meus diversos estudos, vanme moi ben para traballar no Museo e semella que estou feito para el. Teño o edificio na cabeza e levaría unha visita virtual cos ollos pechados.

E tamén falas en galego?

Claro, teño que falalo porque vivo en Galicia.

Última pregunta aos tres: queredes engadir algo máis?

Os museos da Rede son de toda a xente de Lugo e aquí atoparán todo un patrimonio ligado a un territorio, onde residen unhas comunidades cunhas formas de vida propias e singulares. Hai que achegarse a elas para coñecelas moito mellor, ademais tendo en conta que son accesibles.

“Nunha das actividades da ONCE coñecín á miña muller que é de aquí e como foi ela a primeira en atopar traballo, decidimos vivir en Lugo”

referencia para que eu puidese sinalar ben os esqueletos de animais que hai colgados no teito.

Ti vivías en Lugo cidade, pero agora viveches que desprazarte a San Cibrao?

Sí, tamén foi un cambio moi significativo porque era a primeira vez que vivo soa e de xeito independente. Ademais o pobo é moi cómodo e xa hai moita escola feita por Ángeles na integración das persoas invidentes.

Outro Auxiliar de Sala, dependente de Ángeles Miguélez, no Museo Provincial de Lugo é Xosé Urbano, oriúndo de Getafe (Madrid), pero afincado en Lugo dende hai anos e, tamén, con discapacidade visual grave.

Xosé a túa perda de visión cando se produce?

Nacín de forma prematura aos sete meses, causándome problemas de vista e oído. Levo lentes dende os

A Xunta iniciará o Plan de Cirurxía Menor no CIS antes do verán

O Consello da Xunta aprobou o primeiro Plan de Cirurxía Menor en Atención Primaria, que permitirá realizar operacións sinxelas nos centros de saúde antes deste verán. O obxectivo é “evitar desprazamentos e hospitalizacións aos pacientes” e que poidan solucionar o problema sen acudir ao hospital non seu servizo de atención primaria con plenas garantías.

Este Plan vai dirixido a “cirurxías de curta duración e que precisan anestesia local” coma furúnculos, verrugas, quistes epidérmicos ou feridas abertas sen complicación.

O Plan —“que busca normalizar e homoxeneizar estas prácticas nas sete

áreas sanitarias”— recolle un investimento de 1.715.200 euros para a adquisición do material necesario para as cirurxías e para a formación dos profesionais de medicina e enfermaría de atención primaria.

Os primeiros centros sanitarios en poñer en marcha o plan, antes do verán, serán o centro de saúde Virxe Peregrina, en Pontevedra, e o Centro Integral de Saúde (CIS) de Lugo.

En particular o Plan de Cirurxía Menor atenderá infeccións da pel (furúnculos, molusco contagioso, verrugas ou papilomas); afeccións das uñas (unlleiros e paroniquias ou panadizo); lesións traumáticas (ferida cutánea e ferida aberta sen com-

plicación, hematoma subungueal, onicocriptose e outras feridas non especificadas); reaccións a corpos estraños (granuloma por corpo estraño); e quistes (quiste epidérmico e quiste tricolémico).

Os protocolos e procedementos previstos para as necesidades de maiores de 16 anos con estas patoloxías foron elaborados por un grupo de traballo con enfoque multidisciplinar. Participaron de xeito activo no deseño do plan perfís da atención primaria (médicos de familia e persoal de enfermería) e da atención hospitalaria (dermatólogos, anatomopatólogos, cirurxiáns xerais e hematólogos).

O Círculo das Artes acollerá o XI Maratón de Mus

A Xunta de Galicia colabora co XI Maratón de Mus Muralla de Lugo – Memorial Luciano Sánchez, que se celebra o 10 de maio no Círculo das Artes.

LugoMuseiros, asociación organizadora do evento, agarda a participación de parellas procedentes de Galicia e doutras comunidades, como Asturias e Castela e León.

Xa hai apuntadas 106 e o límite está establecido en 112, aínda está aberto o prazo para formalizar as inscricións ata cubrir o número máximo de prazas.

Haberá numerosos premios e trofeos para repartir entre os gañadores e tamén estarán en xogo prazas para os campionatos de España 2025 de Ourense e A Coruña. Este torneo que “está consolidado como un dos mellores do circuíto nacional.

Galicia terá festivos o 19 de marzo, 24 de xuño e 25 de xullo

A proposta para o calendario laboral de Galicia no 2026 inclúe como festivos propios de Galicia os días de San Xosé (19 de marzo), o día de San Xoán (24 de xuño) e o Día Nacional de Galicia (25 de xullo).

As festas do calendario laboral para Galicia no 2026 serían tamén Aninovo (1 de xaneiro), Epifanía do Señor (Día de Reis - 6 de xaneiro), Xoves Santo (2 de abril), Venres Santo (3 de abril), Festa do Traballo (1 de maio) Día Nacional de Galicia (25 de xullo), Asunción da Virxe (15 de agosto), Festa Nacional de España (12 de outubro), Inmaculada Concepción (8 de decembro) e Natividade do Señor (25 de decembro).



A cidade de Lugo firma o protocolo para integrarse no sistema VioGén

O Concello de Lugo avanza na súa integración no sistema VioGén, de protección e seguimento das vítimas de violencia de xénero, mediante a sinatura do protocolo de colaboración entre as policía Local e Nacional.

O acordo remitirase a VioGén, quen autorizará a sinatura entre o alcalde de Lugo, Miguel Fernández, como máximo responsable da Policía Local, e o secretario de Estado de Seguridade do Ministerio de Interior.

O rexedor municipal sinalou que “aínda que este tipo de asistencia xa se estaba a prestar, a adhesión de Lugo ao VioGén aglutinará ás institucións competentes nesta materia, incidindo na prevención e reforzando a atención ás mulleres maltratadas”.

Pola súa parte, a subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, valorou a incorporación de Lugo e reafirma o compromiso do Goberno de España para impulsar políticas de prevención e reforzar a atención ás vítimas da violencia machista en todo o territorio.

O rexedor municipal mostrou a súa

satisfacción pola aprobación e a sinatura deste procedemento de colaboración que permitirá, dixo, “a integración de Lugo no sistema VioGén do Ministerio do Interior para o seguimento e protección de vítimas de violencia de xénero. Isto vai permitir aglutinar ás diferentes institucións públicas que teñen competencias en materia de violencia de xénero”.

Pola súa banda, a edil de Muller e Igualdade, Ángeles Novo, lembrou que “despois de moitos meses de traballo, hoxe dimos un paso determinante para a integración de Lugo no VioGén. Isto suporá o establecemento dunha rede para unha atención máis rápida, integral e efectiva das mulleres maltratadas e tamén dos seus fillos e fillas. Cumprimos así un dos principios compromisos que se fixo Paula Alvarellos na súa chegada á Alcaldía e polo que tanto traballou”.

Tres axentes locais integrarán o equipo ou Unidade de Enlace, previa formación e cun período de traballo nas dependencias da Policía Nacional, para familiarizarse cos procedementos comúns.

Regresa a Distinguished Gentleman's Ride o 18

As rúas de Lugo serán de novo un dos escenarios da Distinguished Gentleman's Ride (DGR), a ruta solidaria en moto que se celebrará o vindeiro 18 de maio en máis de 1.000 cidades de todo o mundo.

Os participantes na DGR deben pilotar motocicletas de estilo clásico e vintage e levar vestimenta de gala e Lugo é a única cidade galega entre a trintena que secundan a convocatoria en España.

O obxectivo do evento é concienciar sobre a saúde masculina e recadar fondos para a organización

benéfica Movember, que financia iniciativas contra o cancro de próstata e testicular e os problemas de saúde mental nos homes.

Os organizadores prevén reunir unhas 150 motos, como nas edicións anteriores, que farán un percorrido en horario de tarde polas rúas da cidade e rematarán cunha concentración na praza Maior.

O pasado ano uníronse ao evento máis de 115.000 moteiros e moteiras en todo o mundo, conseguindo recadar arredor de 7 millóns de euros.

EN BREVE



USC. A Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Fundación Campus Universitario de Lugo deron un paso decisivo para garantir a continuidade do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos no Campus de Lugo, coa sinatura dun protocolo que permitirá a integración destes estudos nun centro propio da USC a partir do curso 2026/2027.



HORTOS. A Tenencia de Alcaldía a través da Concellería de Educación e Difusión do Coñecemento retoma un ano máis as actividades de hortos escolares nos centros de ensino públicos para as e os estudantes de sexto de infantil. Rubén Arroxo e Iria Buide visitaron o colexio Luís Pimentel, o primeiro dos centros de ensino nos que se comezou a realizar a actividade este curso.



CRAVOS. A cidade de Lugo sumouse á celebración do 25 de abril, Día da Revolución dos Cravos, cun canto popular aberto do Grándola, Vila Morena, dirixida por Bruno Villamor e Fernando Gómez Jácome, referentes no ámbito coral da cidade. Na celebración, as persoas que se achegaron recibiron un caravel vermello, símbolo da revolución portuguesa que este ano celebra o seu 51 aniversario, así como copias da letra da canción.

“O feminismo ten que impregnar a sociedade de forma transversal”

Ana Torrón, voceira da Plataforma Feminista de Lugo, explica as accións que levan a cabo na sociedade

Jessica Fernández

Cando e como xorde a Plataforma Feminista Lugo?

A Plataforma Feminista de Lugo xorde sobre a infraestrutura das activistas que nos precederon na loita a favor do dereito ao aborto, e das diferentes reivindicacións doutras décadas, coma a equiparación dos dereitos laborais. Baixo o nome de Plataforma Feminista, levamos traballando dende o ano 2010.

Como foi a evolución deste colectivo?

Actualmente, son a membro máis antiga. Descubrí a PFL hai moitos anos, unha noite de inverno cando vin a tres mulleres, Bego, Sara e Patri, ao pé do Concello, suxeitando un cartel, escrito por elas, en contra da violencia contra as mulleres. Eu ía coa miña amiga Inma, e achegámonos a charlar con elas. A acollida que nos deron e a súa forza e determinación namorunos, e de seguida convidáronos a participar nas súas reunións, e aquí seguimos. Agora mesmo, no grupo duro de traballo, o de acción real, somos 14 mulleres, pero temos moitas que van e veñen, condicionadas pola precariedade laboral e os seus destinos, pero sempre estamos abertas a novas achegas, sempre hai sitio para unha máis.

Como é a acollida da sociedade lucense da plataforma?

Esa parte tamén evolucionou para ben. Lembro hai moitos anos unha noite de protesta polo asasinato dunha muller, achegáronse dúas mulleres maiores para insultarnos. Dende aquela, a cousa mudou bastante. Hoxe, hai moita máis conciencia de igualdade, e a xente xa nos coñece, despois de estar nas rúas tantos anos, Lugo xa sabe o que facemos, porque o facemos, por quen o facemos e sabe que traballamos de balde, sen esperar nada máis que esperar o espírito crítico, motivar ás mulleres a que non se resignen, a que loiten, a que saiban que non están soas, a tecer rede con todas e para todas, a remover conciencias, e a loitar sen descanso contra o patriarcado e as súas múltiples formas de someter e explotar á muller. Por outra banda, sentímonos moi respectadas e reconfortadas cando nos chegan as mostras de alento e de agradecemento. Iso para nós é o noso motor e a nosa forza para seguir na loita. Non coñecemos nada máis gratificante nin fermoso que sentir unha ollada de cariño ou unha aperta de agradecemento dunha muller, maior ou moza á que puidemos axudar, ou podemos motivar.

A Plataforma Feminista en que bases se sustenta a día de hoxe?

A Plataforma recolleu o xerme do traballo invisible e impagable das



nosas precursoras, pero evolucionou e segue a facelo en torno ás diferentes demandas sociais, laborais e humanas que seguen xurdindo. O mundo está en constante evolución, e agora sabemos moito máis, máis aló da existencia de lesbianas, gais, transexuais e persoas bisexuais, hai tamén, intersexuais, moita xente que rexeita o binarismo e moita tamén que non se identifica con ningunha das siglas do acrónimo. Agora tamén coñecemos e loitamos contra novas violencias como as dixitais, como o cyberbullying, sexting, stalking, grooming, o shaming, ou o doxing, que están na orde do día da nosa mocidade. O noso posicionamento firme no apoio as mulleres transexuais é motivo de orgullo na nosa Plataforma, que se autodefine como transincluínte, transversais, decoloniais, anticapitalistas, antirracistas, antifascistas e apartidistas. Somos libres e soberanas para militar ou simpatizar individualmente co que cada unha en calquera momento lle pareza axeitado, mais como Plataforma non temos amo nin dono, tampouco recibimos prestación, subvención ou prevenda de ningún tipo material ou inmaterial que nos condicione, polo que as nosas decisións sempre se fan en base a consensos e disensos, libres de presións ou doutrinas externas.

Fálenos das grandes citas do feminismo: o 8M e o 25N.

Nós traballamos todo o ano en diferentes eidos, non sempre programados, porque por desgraza é a actualidade a que marca moitas veces a nosa axenda. As barbaridades cotiás que xorden van enchendo a folla de ruta do noso traballo: asasinatos machistas, violencia vicaria, violacións interfamiliares, violencia na parella, acoso, violencias dixitais. Sen desatender o traballo diario, e aínda que a vida non dá tregua, sempre afrontamos con toda a forza que temos ás dúas grandes citas do feminismo, o 8M e o 25N, o que para nós supón un gran reto cada ano, porque o damos todo en cada ocasión. Cada ano tentamos dar un novo enfoque, unha nova luz para facer ben as cousas,

para chegar a máis xente, para concienciar máis. Coidamos moito os espazos de reunión, creamos sitios seguros onde poidan fluír libremente os sentires de todas nós, tecemos o máximo de redes das que somos capaces, sabedoras de que a diversidade é a nosa forza e maior grandeza que temos. Acollemos a todas en Asembleas Abertas e escoitamos tódalas voces, todos os sentires. Cada día somos máis, e somos moi e distintas, diversas e únicas e a nosa diferencia fainos máis abertas e mellores. Aprendemos unhas de outras, e nese ambiente é como xorden todas

“O posicionamento firme no apoio as mulleres transexuais é motivo de orgullo na nosa Plataforma”

as consignas, os lemas, as faixas coas mensaxes, as arengas, os Manifestos. Escollemos con gran consenso cada frase, cada tema, e ás mulleres ás que lles propoñemos ler os manifestos.

En que consiste o traballo da Plataforma, máis aló do 8M?

A través das nosas redes sociais, chégannos todo tipo de consultas, demandas, peticións de axuda de todo tipo, que, coa precariedade de medios que temos, resulta materialmente imposible dar atendido, aínda que tentamos dar resposta a todas. Ás veces necesitan expertos profesionais en diferentes aspectos, legais, sociais, económicos, etc., que as administracións non cobren. Esa é a parte máis frustrante do noso traballo. Ao longo da historia da Plataforma, temos feito todo tipo de talleres e infinidade de xuntanzas específicas para tratar temas concretos que chaman a nosa atención ou inducen ao debate, polo que convidamos a outras mulleres profesionais dos temas en cuestión, para autoformarnos e educarnos no que nos preocupa, que é o que lle preocupa ás mulleres en xeral. Face-

mos accións de rúa, con mesas informativas sobre temas de actualidade. Temos feito ciclos de cine feminista, recomendacións de literatura feminista, e talleres moi diversos, como os de Empoderamento Feminista, ou outros máis prácticos como de Defensa persoal, temos tido Talleres de Teatro Feminista, e infinidade de charlas de todo tipo. O 28 de xuño, celebramos xunto cos compañeiros de Avante LGTBQ+ Lugo o día o orgullo. O 28 de Setembro, reivindicamos o Día Internacional para o Acceso ao Aborto Legal e Seguro, para lembrar que cada ano morren máis de medio millón de mulleres, a maioría en países en vías de desenvolvemento; e no que respecta ao noso país, lembramos coa nosa presenza, que seguimos viviantes para que non se dea un so paso atrás, nos dereitos conquistados. Ademais, no verán, asistimos a Festivais feministas, onde nos relacionamos con outros colectivos do país, e partillamos sentires e experiencias, onde tamén aproveitamos para levar o noso merchandising, dos nosos propios deseños, algúns deles amplamente recoñecidos e buscados pola xente, como as que levan o noso lema de Mulleres Bravas. Isto supón a única fonte de ingresos que temos, e grazas á cal podemos acometer eventos tan multitudinarios como o 8M ou o 25N, porque somos autoxestionadas.

Teñen colaboración con outras entidades para desenvolver os seus proxectos?

Si, por suposto, é unha das nosas prioridades, tecer lazos e tender

pontes, cremos que, escoitándonos, aprendemos unhas de outras. Temos unha estreita relación de colaboración con colectivos como Aliad Ul-treia, máximo representante da loita contra a explotación sexual e a trata; con Impunidade Carioca, con Arelas, a Asociación de Familias de Menores Trans de Galicia; con Avante LGTBQ+ Lugo, coa Plataforma Lugo por Palestina, coa Rede Asociativa de Lugo, á que pertencemos xunto con outros Colectivos como o Centro Social Madia Leva, Centro Social A Hedreira, Vagalume, Semente, ou Adega. Tamén formamos parte do Convivio Feminista Lucense, que é unha Rede onde conviven e partillan colectivos feministas de toda a provincia, do norte ao sur, como o Observatorio da Mariña Lucense, Mulleres de Raíz de Sarria, FemForte de Monforte de Lemos, Feministas de Vilalba, Feministas da Terra Chá, PolaMiuda de Chantada, ou o Colectivo Feminista das Pontes. Admiramos moito o traballo incansable do Sindicato Labrego Galego, que é para nós son un referente, polo que calquera colaboración con elas para nós é unha honra.

Cales son as necesidades da Plataforma?

Necesidades temos moitas, mais a nosa filosofía é seguir sendo autoxestionadas, a través dos deseños do noso propio merchandising e grazas á xente que colabora adquirindo os nosos paraugas, as nosas cuncas e camisetas. Non pedimos axudas de ningún tipo á Xunta, á Deputación ou ao Concello, porque entendemos que iso coartaría a nosa liberdade á hora de esixir que se cumpran as leis e as normativas aplicables. Non estamos hipotecadas á hora de reclamar, polo que preferimos a precariedade económica para dispoñer de toda a liberdade de acción.

Cales son os proxectos de futuro?

A prioridade é estar viviantes das políticas públicas, especialmente daquelas que nos afectan máis ás mulleres e denunciar o que non funciona ben ou o que non se está cubrindo, e, por suposto, seguir formándonos e informándonos, seguir a tecer lazos e pontes en aras de conseguir a meta de que o feminismo sexa un, diverso, variado, con todas as cores, pero cunha motivación principal, o inimigo non somos nós, o inimigo chámase Patriarcado, polo que seguiremos nutríndonos de xeito constante todo o ano das voces implicadas nos procesos, nas historias



persoais, para poder mudar e denunciar o que funciona mal, o que haxa que corrixir. Polo menos na nosa cidade, aspiramos a ser a voz de todas, por iso facemos asembleas abertas e coloquios onde reforzamos os nosos proxectos e medramos na aprendizaxe colectiva. Seguir mantendo o compromiso cos outros colectivos cos que colaboramos estreitamente e apoiar as causas que nos parecen xustas e importantes, como por exemplo Altri. Tamén queremos traballar en aprender a coidarnos, porque o activismo tal e como o sentimos e o expresamos é moi devastador. Despois de escoitar as historias que nos chegan, é moi difícil conciliar o sono. Síntese moita impotencia cando unha e outra vez se suceden os casos de violencia machista, desgasta e fire profundamente. Por outra banda, imos iniciar no próximo trimestre, unha nova Rolda de Traballo itinerantes, que nos van levar a lugares nos que aínda non chegáramos, e que prometen ser moi interesantes.

Queda moito por facer polo feminismo en Lugo e, en xeral, na sociedade?

Somos conscientes de que queda case todo por facer, mais é certo que cada día somos máis, e máis fortes, chegamos a máis mulleres e homes, porque o feminismo ten que impregnar a sociedade de forma transversal. Botando a ollada atrás puidera parecer que avanzamos algunhas cousas, máis as desigualdades estruturais seguen estando presentes en tódolos eidos da sociedade, pois permanecen ancorados nun sistema capitalista e patriarcal. A igualdade é a día de hoxe unha falacia, dicir que avanzamos cando a maioría das mulleres seguimos a traballar gratis máis de dous meses ao ano, debido as diferencias salariais polos mesmos traballos, que acaparamos tódolos traballos de coidados, os máis precarizados, sen estabilidade laboral e infravalorados, non é moi acaído. Compre lembrar os miles de millóns de riqueza que se “aforra” o Estado a costa de que miles de mulleres traballen gratis, permi-



tindo que a carga dos coidados caia sobre nós, que temos que renunciar á nosa formación e a abandonar os nosos traballos total ou parcialmente, na procura da conciliación, para facerse cargo dos dependentes do noso entorno, cando é o Estado o competente para asumir estas cargas, provocando, con todo isto, que ao chegaren á vellez, teñamos as pensións máis pírricas, as máis baixas da escala nacional, por non ter “cotizado o tempo

“O patriarcado permea por toda a sociedade, polo que afecta a tódolos niveis”

suficiente”. Especial dano fai ver esta mesma situación no mundo rural, resulta demoledor ver que na maioría das casas é a muller a que carece de pensión algunha, despois de toda unha vida de sacrificios e traballos dentro e fóra da casa, unha vez máis, explotadas, maltratadas e invisibilizadas. A resposta, é si, efectivamente, queda todo por facer.

Empeorou a visión do feminismo actualmente debido aos discursos que se escoitan?

Pode ser que a visión do feminismo empeorara debido a que a loita femi-

nista non para de medrar, ocupando cada vez máis espazos, o que loxicamente vai en contra dos partidos e colectivos de ultradereita que non reparan en medios para atacar ao movemento feminista. Cremos que a desinformación e os bulos son o principal problema que temos que abordar. As novas xeracións edúcanse sobre as bases patriarcales, polo que reflicten unha situación que xa ven de antes.

Pode explicar que é o patriarcado?

O patriarcado permea por toda a sociedade, polo que loxicamente afecta a tódolos niveis, social, político, cultural e económico. Este sistema perpetúa un poder e uns privilexios que exercen os homes fronte a outras identidades de xénero, principalmente, sobre as mulleres. É doado entender que, despois de séculos de opresión e de ostentación deste poder dos homes sobre as mulleres, se dean reaccións e se neguen a entender o noso discurso, pero o feito mesmo de que un home poida sentirse “ameazado”, reflicte a comodidade coa que se atopa no sistema Patriarcal. Pedimos que se nos escoite, e que eles mesmos busquen formación e se informen directamente entre as mulleres máis próximas, e escoiten as súas experiencias. Chegará o día en que os homes entendan que o feminismo non vai de quitar dereitos aos homes, senón de conseguir a plena igualdade entre persoas.



Entregados en Lugo os vinte premios aos Milagrosistas do Ano

Un ano máis celebrouse a entrega dos galardóns Milagrosistas do Ano, organizada pola Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa, unha cita que tivo lugar o venres 25 no restaurante Manuel Manuel. De novo, entre os vinte premiados atópanse desde políticos, membros de asociacións, médicos, artistas ou veciños da zona aos que recoñecen o seu compromiso social e que teñen “un claro obxectivo común: o compromiso coa xente, coa veciñanza, coa mellora do común”, afirmou o presidente da Deputación, José Tomé, que entregou sete dos galardóns. A asociación entregou premios a Pedro Blanco Lobeiras, delegado do Goberno en Galicia; á Moexmu quen recolleu o galardón a presidenta, Ana Iglesias Lozano; Montse González Álvarez, responsable de Normalización Lingüística no Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo; Laureano Isidro Alonso Fernández, veciño do barrio da Milagrosa; Francisco García Novio, urólogo e escritor; José Antonio Roldán Lozano, comandante Militar de Lugo e Xefe do Campo de Maniobras e Tiro de Parga; José Antonio Hernández Hernández, ca-

pitán da Garda Civil; Ángeles Novo Martínez, concelleira de Muller, Igualdade e Inclusión do Concello de Lugo; Jorge Bustos Atanasio, concelleiro de Xuventude, Deportes e Urbanismo no Concello de Lugo; Rosa Abelleira Fernández, interventora da Deputación de Lugo; Rosa Romero Franco, directora da Escola Politécnica de Lugo; Juan Manuel López Labrada, enxeñeiro industrial; María Belén Santiso Felpeto, inspectora da Policía Local; Chema Núñez Losada, locutor da Cadena Cope; Miriam Pérez Souto, de Peluquería Miriam Souto; María Núñez Otero, presidenta do Ilustre Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo; Café Candelas, que recolleu o premio Alejandra Alonso Álvarez; José Luis Agra Sánchez, presidente do Club Piringalla; Miguel Tomé López, coordinador provincial de Unións Agrarias en Lugo; e á Asociación Española Contra o Cancro de Lugo, que recolleu o presidente José Manuel Rozas.

A cada un dos galardoados fíxoselle entrega do seu premio ao ritmo da súa canción preferida, un feito que dá boa mostra do ambiente festivo e de proximidade desta gala.

SI QUIERES REFORMAR TU HOGAR...

LEYDAK
cocinas

MUEBLES DE COCINA Y DE BAÑO A MEDIDA
MAMPARAS · ARMARIOS EMPOTRADOS
ELECTRODOMÉSTICOS
REFORMA INTEGRAL DE VIVIENDA
INTERIORISMO Y DECORACIÓN

VEN Y CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO. ¡¡¡NOS ENCARGAMOS DE TODO!!!

Rúa da Liberdade 88, bajo. 27600 Sarria - Tel.: 646 606 335

EXCLUSIVAS

APOL

¡NOS TRASLADAMOS!

MUY PRONTO NOS
ENCONTRARÉIS EN

PRAZA DA MILAGROSA, N.º 7

PAPELERÍA - LIBROS DE TEXTO
MATERIAL ESCOLAR - REGALOS ORIGINALES
ENMARCAÇÃO PROFESIONAL

WWW.NOVARUA.ES 982217101 | CORREO@NOVARUA.ES @NOVARUA_APOLO

Impulsan as axudas para libros e material escolar con vales de cen euros

O Goberno local aprobará o inicio do proceso para adxudicar os vales da Concellería de Educación destinados a libros de texto e material escolar.

“Un ano máis, traballamos con tempo para que a entrega destes vales coincida co inicio do curso escolar escolar”, declarou Arroxo, que engadiu “desde a concellería de Educación esforzámonos en facilitar ás familias, no menor prazo de tempo posíbel, esta axuda que serve para garantir o acceso ao material a moitas nenas e nenos”.

A concellería de Educación entregará 400 cheques de 100 euros, ata completar un total de 40.000 euros dedicados a esta liña de axudas.

O criterio único de baremación para a concesión da axuda é a renda per cápita anual da unidade fa-

miliar quedando este ano establecido o tope no 85% do IPREM.

A información poderá consultarse nos vindeiros días, unha vez se publique a convocatoria no BOP.

Arroxo anunciou que a Tenencia de Alcaldía aprobará tamén o inicio de contratación da produción e dos medios técnicos (iluminación, sonorización, infraestruturas e equipamento) para as distintas actividades culturais a realizar na rúa durante o verán.

Arroxo afirmou que “cada ano, as rúas de Lugo éñchense de cultura nos meses de verán con actividades como Tarde e Tardiña, Versos na Barraca ou o Muralleando, o ciclo de concertos que converte a praza da Mosqueira nun gran escenario para as agrupacións de Lugo”.

O novo contrato dos comedores incluírá condicións esixentes

A concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento de Lugo, Iria Buide, avanzou que o prego de condicións técnicas que rexerá o novo contrato dos comedores escolares municipais incluírá esixencias “superiores ás lexisladas polo Goberno do Estado e publicadas no BOE esta mesma semana”.

Buide destacou que desde a concellería trabállase cun “firme compromiso por promover hábitos de vida saudables”, apostando por menús elaborados con produtos de calidade e de proximidade. Neste sentido, subliñou tamén outras iniciativas complementarias, como os Vieiros Escolares, que fomentan a actividade física entre o alumnado.

Entre as diferenzas máis destacadas entre o novo decreto estatal e o prego municipal atópanse cuestións como o tipo de aceite permitido: mentres o decreto do Estado autoriza o uso de aceite de xirasol,



o documento municipal limita a utilización ao aceite de oliva virxe extra. Así mesmo, en canto ás técnicas culinarias, o texto estatal recomenda priorizar métodos saudables fronte ás frituras, mentres que o prego do Concello restrinxe aínda máis o seu uso, limitando as frituras a dúas veces ao mes.

Outra das novidades do contrato será a obrigatoriedade de que os menús sexan deseñados por unha

persoa graduada en nutrición e dietética, fronte á falta de especificacións do decreto estatal sobre a formación necesaria.

Sobre os prazos da licitación, Iria Buide explicou que “nas vindeiras semanas enviarase á Xunta de Goberno a apertura do procedemento, unha vez os distintos servizos municipais implicados realicen todas as comprobacións previas ao inicio deste trámite”.

As educadoras da Escola Infantil Gregorio Sanz denuncian “unha situación insostible”

As educadoras da Escola Infantil Gregorio Sanz denuncian “unha situación insostible”: a falta de cobertura dunha vacante clave no centro, “cuxa ausencia está a provocar unha sobrecarga inasumible de traballo e afectando gravemente á nosa saúde física e emocional”, explican.

Ademais, din que esta situación súmase un feito aínda máis grave: a reincorporación dunha traballadora que previamente denunciou a todas as compañeiras, xerando un clima de tensión, desconfianza e inseguridade laboral “que fai imposible desenvolver o noso labor educativo coa serenidade e o respecto que os nosos nenos e nenas merecen”.

Dende o inicio do curso, a falta de resposta por parte das administracións responsables “evidencia unha deixadez absoluta de funcións e unha alarmante falta de sensibilidade e compromiso co benestar das traballadoras e, por extensión, co dos nenos e nenas usuarios do centro. Esta actitude de abandono institucional pon en grave risco a calidade da atención educativa que reciben os máis pequenos, vulnerando o seu dereito fundamental a ser coidados e educados en condicións dignas e seguras”, aseguran.

Denuncia a Monbus por “vulneracións” en materia laboral e de seguridade

O sindicato CCOO vén de interpoñer unha queixa diante da Inspección de Traballo contra a compañía Monbus Urbanos en Lugo por graves vulneracións en materia laboral e de seguridade no servizo que proporciona.

Esta medida prodúcese tras a verificación por parte da Inspección de que a empresa acumula unha débeda superior aos 200.000 euros en horas extraordinarias e preto de 100.000 euros pendentes coa Seguridade Social, incluíndo recargas do 20 %.

“Estes datos poñen de manifesto

unha violación evidente dos dereitos laborais do persoal condutor, o que tamén compromete a seguridade dos usuarios e dos traballadores”, afirman desde CCOO. Nese sentido, aseguran que “a veciñanza e o persoal non poden continuar sufrindo esta realidade mentres as autoridades permanecen impasibles”.

O sindicato tamén sinala que a empresa non respecta o convenio colectivo, que establece a obriga de compensar os festivos traballados mediante remuneración ou días libres, e que a carencia destes de-

reitos impide que os condutores e condutoras disfruten dos descansos establecidos.

Isto supón un “perigo serio” para a súa saúde e benestar, e incrementa a posibilidade de fallos e sinistros. Tamén se critica a falta de aseo para o persoal, malia as peticións formuladas ao longo de 2024. Reclámase unha actuación urxente e firme, xa que a situación esixe “accións inmediatas para asegurar condicións laborais dignas e seguras para o cadro de persoal, así como un servizo público de calidade para a cidadanía”.

Prorrógase o contrato de mantemento de vías na zona urbana

Aprobouse a primeira prórroga do contrato de mantemento e conservación das vías públicas na zona urbana, contrato que permitirá facer un investimento anual de ata 200.000 euros, e que permite realizar intervencións que a brigada pública de Vías e Obras non pode asumir. A prórroga terá vixencia desde o 7 de maio de 2025 ata o 6 de maio de 2026, existindo a posibilidade dunha nova prórroga no futuro.

Arroxo lembrou a importancia de que a veciñanza faga chegar as súas necesidades ás distintas áreas do goberno municipal. “As veciñas e veciños de cada zona saben de primeira man as necesidades da súa zona”, explicou Rubén Arroxo, que engadiu “moitas veces trátanse de pequenos arranxos, que a brigada municipal de obras trata de resolver no menor tempo posíbel para garantir o bo estado da cidade”.

Outro dos puntos aprobados foi a concesión das autorizacións para a venda ambulante de tres postos de produtos téxtiles e calzado no mercado de Frígsa. Estas autorizacións foran denegadas inicialmente debido a débedas pendentes co Concello. Unha vez regularizada a situación tributaria das persoas solicitantes, procédese a autorizar a súa instalación, permitindo así que continúen coa súa actividade comercial.

Destinarán máis de 35 millóns de euros á licitación de contratos de escudo social

O Concello destinará máis de 35 millóns de euros nos próximos anos á licitación de contratos de escudo social, como o Servizo de Axuda no Fogar e Xantar na Fogar, co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos maiores. Esta decisión vai ligada á denuncia pola que lle pide á Xunta de Galicia que asuma as súas responsabilidades na xestión de competencias, especialmente en ámbitos tan sensibles como a atención ás persoas maiores e ás persoas en

situación de vulnerabilidade.

As declaracións de González Abelleira veñen despois da publicación do informe do Consello de Contas, que revela que a Xunta deixou de ingresar case 100 millóns de euros aos concellos no 2023, ao mesmo tempo que critica a escasa participación dos municipios nos fondos europeos xestionados por esta Administración.

A voceira do goberno municipal asegurou que moitos concellos galegos, como o de Lugo, están a sufrir unha

“situación de asfixia” ao verse obrigados a asumir competencias que, segundo a lei, son responsabilidade da Xunta de Galicia. “Esta situación afecta moi directamente ás persoas, ao coidado das e dos maiores, ou á atención de lucenses en situación de vulnerabilidade”, afirmou González Abelleira, quen engadiu que a Xunta debería “compensar o gasto” que están a realizar os concellos en áreas que lle corresponden á Administración Autonómica.

DEPUTACIÓN

Tomé anuncia un segundo paquete de obras para 120 quilómetros de estradas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, avanzou no Pazo de San Marcos a posta en marcha do segundo paquete de actuacións que se acometerán na rede viaria provincial cun investimento de 3,5 millóns de euros. “Neste caso serán un total de 16 proxectos que servirán para arranxar, mellorar e acondicionar máis de 120 quilómetros de estradas da nosa provincia ao seu paso por 20 concellos”, detallou Tomé Roca.

“Sabedes que temos un compromiso moi importante coa mobilidade. Non son palabras, son feitos”, valorou o mandatario provincial. Recordou que ese compromiso tradúcese en 27 millóns de euros -máis do 21%- dos Orzamentos 2025 destinados a conservar, manter e mellorar a rede viaria da provincia, “a máis extensa de toda España, temos que recordalo, con 4.217 quilómetros de lonxitude e tres veces maior que a da Xunta de Galicia na provincia de Lugo”.

Este novo investimento, que se enmarca no Plan de mellora das estradas 2025, súmase ao primeiro paquete de obras para acadar un investimento conxunto que supera os 15 millóns de euros para acondicionar 400 quilómetros de vías por todo o territorio lucense.

Destacou o presidente que dos 80 proxectos iniciais, a institución provincial xa ten en proceso de contra-

tación o 65 % das obras e que varias están en marcha. Puxo o exemplo das actuacións que está a acometer a Deputación na Avenida Infanta Elena en Lugo ou no Cinto Comarcal á altura do Corgo.

As novas actuacións serán “diversas en todas as comarcas da provincia. Traballamos como fixéramos xa no primeiro paquete, da man do equipo técnico da área de Vías e Obras da Deputación de Lugo para a análise e a diagnose das prioridades. Así establecemos novamente unha folla de ruta sobre as actuacións máis necesarias nas estradas provinciais que non ten que ver cos intereses partidistas nin persoais que si motivan a outras Administracións”.

“Dos 20 concellos polos que pasan as estradas que imos arranxar neste segundo paquete hai 10 gobernados polo PP”, apuntou José Tomé. E puxo algún exemplo das actuacións previstas pola Deputación:

Na Mariña, a Deputación mellorará seis estradas, nos concellos de Lourenzá, Mondoñedo, Riotorto, Trabada e O Vicedo. Neste último municipio a institución provincial actuará na LU-P-6401 e na LU-P-6402, que conectan entre si e que comunican no Vicedo varias parroquias como Suegos, Falcoeira -no límite provincial coa Coruña- e o Cristo de Portapena.

As comunicacións da Montaña mellorarán con catro novas actuacións



da Deputación nas estadas provinciais ao seu paso polos concellos de Ribeira de Piquín, Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna ou Castroverde.

En Pedrafita, o presidente anunciou que a institución provincial investirá preto de 400.000 euros nun novo tramo da LU-P-1301 que conecta con Seoane do Courel polas parroquias de Hospital e Vilela. “Unha vía vital para as comunicacións da Montaña e na que levamos investido máis de 1M€ para o seu ensanche, drenaxe e mellora do firme en diferentes tramos”.

Na Terra Chá a Deputación mellorará estradas en Guitiriz e Castro de Rei. En Castro de Rei acondicionará a LU-P-1107, que é a estrada que conecta con Rábade desde a autonómica LU-115 á N-VI e que dá servizo a recursos importantes para a provincia como a Casa das Ínsuas.

“Tamén seguiremos mellorando o

Cinto Comarcal á altura do Corgo, como sabedes esta é unha vía moi extensa, con 131 quilómetros. Xa no paquete anterior reserváramos cinco proxectos á altura do Corgo, Castro de Rei, Castroverde e Begonte, varios deles xa en marcha”, explicou o presidente, que avanzou que grazas a este segundo paquete a Deputación investirá outros 150.000 euros para mellorar outro quilómetro e medio desta vía vital para as comunicacións da provincia.

Na Ribeira Sacra a Deputación acondicionará con cargo a este segundo paquete do Plan de mellora das estradas 2025, vías ao seu paso pola Pobra do Brollón e Sober. Puxo o presidente como exemplo a LU-P-5903, “melloraremos máis de seis quilómetros da estrada que une Sober e Doadé, unha vía importante para a comarca e para toda a provincia que dá servizo a veciños, turistas e bodegas”.

Triplicarán as axudas ás asociacións das Reservas da Biosfera

A Deputación de Lugo triplicará este ano as axudas destinadas ao tecido asociativo das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares Lucenses. Concretamente, achegará un total de 340.000 euros ás entidades e colectivos sen ánimo de lucro que traballan nestes territorios a través de diferentes convocatorias.

A entidade provincial sacou unha nova convocatoria de axudas para financiar investimentos e outra para actividades.

Serán 150.000 euros para investimentos que promovan a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios. Concretamente, serán 100.000 euros para repartir en proxectos que se enmarquen na Reserva da Biosfera Terras do Miño e outros 50.000 euros para iniciativas que teñan que ver coa Reserva dos Ancares. Os solicitantes poderán recibir unha contía de entre 2.000 a 12.000 euros.

Ademais, refórzase economicamente a liña de axudas destinada a financiar as actividades impulsadas por estas entidades.

Este ano incrementase esta liña de axudas para as dúas Reservas nun 72 %, ata os 190.000 euros. Concretamente, serán 120.000 euros a repartir entre os colectivos que propoñan actividades para que se desenvolvan na Reserva da Biosfera Terras do Miño; e outros 70.000 euros para actividades que teñan lugar na Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses.

Lanzada unha aplicación gratuíta de emprego

A Deputación lanza a APP móbil gratuíta DeputaciónLugo Emprego, co obxectivo de facilitar o contacto entre persoas que buscan traballo e empresas que precisan incorporar persoal na provincia. A ferramenta está xa dispoñible e supón un avance na modernización dos servizos públicos de intermedación laboral que a institución ofrece a través da súa Axencia de Colocación.

A APP permite aos demandantes de emprego xestionar os seus perfís profesionais de forma áxil e acceder de maneira inmediata ás ofertas de traballo publicadas pola Axencia de Colocación. Ao mesmo tempo, esta ferramenta axuda ás empresas a axilizar a publicación das súas ofertas e mellorar os pro-

cesos de selección, adaptándoos mellor ás súas necesidades para atopar o persoal máis adecuado.

Esta aplicación tamén responde a dous dos grandes retos do mercado laboral: o desemprego e a falta de persoal cualificado nas empresas. Permite ás persoas atopar traballo en Lugo e facilita que as empresas cubran as súas vacantes con candidatos cualificados, favorecendo a fixación de poboación no territorio. A APP xa está dispoñible para a súa descarga gratuíta tanto para iOS como para Android.

As persoas que buscan traballo poden rexistrarse facilmente, subir o seu CV e configurar o seu perfil profesional, recibindo alertas personalizadas.

O Pleno demanda apoio para os afectados polos aranceis de Trump

O Pleno sacou tamén adiante unha moción do PSdeG para pedirlle á Xunta de Galicia que poña en marcha un plan de medidas de apoio para os sectores máis afectados pola política arancelaria de Estados Unidos que inclúa a mobilización de fondos e a apertura de novos mercados. O texto saíu adiante cos votos a favor dos socialistas e do BNG e os votos negativos do PP. Tomé Roca explicou antes do Pleno que “diante dunha situación para algúns sectores galegos que van ter dificultades, a Xunta non moveu ficha”, que o Estado puxo xa financiamento encima da mesa e que outros gobernos autonómicos tamén están actuando.

A Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, defendeu que esta iniciativa axudaría a paliar os efectos

dos sectores que se están a ver afectados, como o vinícola, agrogandeiro e industrial. Neste sentido Pleno deu luz verde a un texto que reclama á Xunta que deseñe un plan de medidas de apoio para os sectores afectados pola política de aranceis de Estados Unidos.

Ademais, o Pleno acordou por unanimidade a adhesión á rede de entidades locais Gandeiro-cárnica, impulsada pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), que permitirá á institución provincial reforzar a colaboración con outras entidades para impulsar iniciativas conxuntas coa finalidade de fortalecer o sector. O Goberno levou a Pleno esta proposta tendo en conta o papel “vital” da actividade gandeira e cárnica no desenvolvemento eco-

nómico, social e ambiental.

O grupo provincial do BNG denunciou “unha estafa en toda regra” da Xunta en relación coa redución das ratios das aulas, tras coñecerse unha instrución da Consellería de Educación para eludir o compromiso que o propio goberno do Partido Popular anunciou hai ano e medio como “histórico” para reducir o número de alumnas e alumnos por clase a 20 alumnxs, comezando por infantil.

O pleno tamén aprobou, a iniciativa do BNG e cos votos do goberno provincial, unha proposta de apoio á mobilización convocada pola Plataforma Queremos Galego para o vindeiro día 17 de maio de 2025 en Santiago de Compostela baixo o chamamento “Lingua viva xa! Paremos a emerxencia lingüística!



O centro de atención ao TEA abrirá as súas portas a finais do ano 2026

O centro integral para a atención a persoas con trastorno do espectro autista (TEA) situado en Friol abrirá as súas portas a finais do ano 2026. Así o anunciou a directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, na Comisión de Sanidade, en resposta ao PPdeG. Explicou que está previsto que as obras rematen en xuño de 2026 e unha vez completado o equipamento do centro, espérase que poida comezar a súa actividade nos últimos meses do ano. Este novo recurso, pioneiro en España, suporá, segundo Abeijón, unha verdadeira “revolución” na atención ao autismo, tanto polos recursos dispoñibles como polos “novos enfoques” que se introducirán. Por iso, será un centro “referente a nivel estatal neste ámbito”. O proxecto, que estará xestionado

por Aspanane, contará cun edificio de 3.200 metros cadrados distribuídos en catro plantas. O soto albergará os servizos comúns, como a cociña, lavandería, vestiarios, garaxe e salas de instalacións. Na planta baixa situaranse os talleres, unha aula de psicomotricidade, salas de reunións e as áreas administrativas. As dúas plantas superiores acollerán tres módulos autónomos de oito persoas por planta, cunha capacidade total para 48 usuarios, e algúns módulos estarán destinados ao respiro familiar. Durante a presentación deste edificio, no mes de febreiro, déronse a coñecer datos sobre a incidencia do autismo. Así, en Galicia estímase que hai unhas 27.000 persoas con este trastorno, e segundo estudos recentes, unha de cada 50 persoas en España pode presentar trastorno do espectro autista.

As Olimpíadas Rurais de Galicia volverán no mes de xuño

Xa está aberto o prazo para que os equipos se poidan inscribir na segunda edición das Olimpíadas Rurais de Galicia, que será os días 20, 21 e 22 de xuño en Friol. Despois do éxito acadado na primeira edición, a intención do Concello é seguir impulsando esta cita que consistirá en tres días de xogos tradicionais, deporte, gastronomía, música e sobre todo moita diversión. Este ano incorporaranse novos xogos, novos equipos e moitas outras novidades. Cando se presentou a primeira edición explicouse que se considera desde o Concello que Friol é a localización idónea para este evento, xa que, “ademais de ser un concello rural, tamén ten un núcleo urbano marcado, coas instalacións perfectas

para organizar este tipo de actividades: piscina, pavillón, campo de fútbol ou espazo para acampada”. Habilitarase unha ampla zona de acampada e unha zona camper para furgonetas e autocaravanas, aínda que cada equipo é libre de xestionar o aloxamento pola súa conta. A comarca de Friol ten capacidade hostaleira suficiente para dar servizo aos visitantes, contando ademais coa cidade de Lugo a 20 minutos en coche para poder dar hospedaxe a visitantes que non o atopen no propio municipio ou nas casas rurais próximas. Para a primeira edición oficial de Galicia púxose un máximo de 24 equipos, coa idea de ir aumentando cada ano ata un máximo de 48 equipos en futuras edicións.

Friol acolle a sétima edición do Friulio, a festa castrexo-romana

O Concello de Friol e a Asociación de Recreación Histórica A Castronela organizan unha nova edición do Friulio, un encontro entre asociacións castrexas e romanas que recrearán durante a fin de semana do 10 e 11 de maio os modos de vida, costumes e crenzas de ámbalas dúas culturas. Nesta sétima edición volverán participar diferentes asociacións castrexas e romanas chegadas de toda Galicia e tamén de outras comunidades de España, que forman parte activa en eventos de interese turístico galego, nacional ou internacional, como o Arde Lucus ou as Guerras Cántabras. En total este VII Friulio contará coa participación de máis de 30 asociacións de recreación histórica, música tradicional e divulgación cultural, coa colaboración das asociacións culturais de Friol, contando coa participación directa de máis de 500 persoas entre figurantes e outras funcións arredor desta festa de recreación histórica. As actividades principais da festa volverán estar situadas en torno ó paseo fluvial, onde se establecerán o asentamento galaico e o campamento romano, grandes reclamos do Friulio e poderán ser visitados desde as 11 da mañá do sábado ata as 8 do serán do domingo. O programa de actividades inclúe desde a recreación da vida nun castro ata a elaboración do pan e queixo, desfiles de tropas romanas, ou demostracións e obradoiros de



teares castrexos, orfebrería, fiado, coiro, tintes tradicionais, peiteados, tiro con arco, xogos populares e gastronomía castrexa. E pola parte romana tamén veremos obradoiros de medicina, cuñado de moedas e comercio. O Asedio ao Castro volverá ser un dos momentos máis agardados e espectaculares do Friulio, no que se recreará o asalto das tropas romanas aos castros que existían nas terras de Friol. A continuación deste, o sábado pola noite, celebrárase “A loita dos gladiadores”, unha das grandes novidades desta edición, xunto con outras actividades como o “Adestramento dun Gladiador”, a explicación da indumentaria lexionaria ou a exposición de tintes tradicionais. Outras representacións que se repiten cada ano serán as tradicionais Escaramuza Castrexo-Romana e o Descenso en balsa do río Narla o sábado pola tarde; ou a Liorta polo Tesouro do Castro o domingo pola mañá. Todas estas actividades levaranse a

cabo integramente na vila de Friol, ocupando diferentes ubicacións como as inmediacións do centro e do paseo fluvial, a avenida de Santiago ou a praza de Andón Cebreiro. Para incentivar a ambientación da vila, desde o Concello de Friol vólvese convocar o concurso de escaparatismo e fachadas entre os establecementos públicos e os balcóns das vivendas. Os premios entregaranse durante os actos de clausura o domingo a mediodía, nos que ademais terá lugar un acto moi especial, co nomeamento como “Persoeiro de Honra” deste VII Friulio de Arturo Vaquero, recoñecido compositor e produtor musical, que xestiona en Friol o estudio de gravación ‘Abrigueiro’. A música volverá ter unha grande importancia, coa actuación de diferentes grupos folk en distintos puntos da vila, como Xesta Verde, Tympana Gallaica, Son de Lugh ou Bloco Meigallo. Na noite do sábado celebraranse as actuacións dos grupos Malditos Pendejos e The Nunzias.

Preto de 60 nenos e nenas están en idade de acceder á nova EEI

Un total de 59 nenos e nenas son os que están rexistrados en Friol en idade de poder optar a unha praza na nova escola infantil que desde o Concello se está promovendo. Por este elevado número de poboación máis pequena é que dende o Equipo de Goberno se decidiu que había que crear unha Escola Infantil, que o Concello xa está tramitando a execución do proxecto á maior brevidade posible, debido a este aumento de nacementos nos últimos anos. As familias interesadas en que os seus fillos e fillas accedan a unha praza na Escola Infantil no vindeiro curso teñen todo o mes de abril para facer a prescrición, tendo preferencia, como en cursos anteriores, os nenos

e nenas que xa están matriculados no presente curso. O número de nacementos contabilizados no que vai de este ano e ata a data neste municipio do centro da nosa comunidade é de nove, quedando moitos meses por diante para seguir aumentando a poboación seguindo a liña ascendente dos últimos anos. O aumento de servizos e a mellora da calidade de vida no municipio fan que os datos demográficos continúen mellorando con respecto a anos anteriores. Outro indicativo do aumento de xente máis nova que está a vivir o Concello de Friol é a subida considerable do alumnado matriculado no

CPI Plurilingüe Dr. López Suárez, que sufriu un incremento considerable nas matrículas, e tamén o alumnado que está en idade de comezar neste centro no vindeiro curso 25-26, que serán máis de 20. O padrón municipal de Friol indica que hai rexistrados 212 nenos e nenas nos últimos dez anos, o que fai unha media de 21,2 nenas e nenos por cada curso, un dato moi positivo tendo en conta a tendencia á baixa da maioría dos concellos rurais do país. O alcalde de Friol, Jose Á. Santos, indicou que “estes datos son un claro indicativo de que os nosos veciños e veciñas deciden formar aquí as súas familias”.

O Ministerio reanudará en maio as obras da N-540 tralas protestas

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, anunciou a continuidade das obras de rehabilitación do firme na estrada N-540, durante unha visita técnica realizada ao punto quilométrico 57 da vía, no termo municipal de Chantada. A actuación, impulsada polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, entrará nunha nova fase a partir do mes de maio, coa renovación completa do tramo entre Chantada e Lugo. Este anuncio vén tras varias protestas de usuarios en demanda dunha solución polo mal estado da vía.

“O Goberno continúa a apostar pola modernización da rede viaria estatal na provincia de Lugo. Esta obra é fundamental para garantir unha mobilidade segura e eficiente, especialmente nunha estrada con tanto tránsito como a N-540”, asegurou a subdelegada, engadindo que “sabemos da necesidade dos usuarios da vía por acometer estas actuacións, pero insistimos no compromiso do Goberno con feitos para dar resposta e solución a este problema”.



A obra abrangue a rehabilitación integral do firme entre os quilómetros 0,000 e 68,900 da N-540 ao seu paso pola provincia de Lugo. Inclúe a renovación estrutural e superficial do firme, así como actuacións complementarias destinadas a manter os niveis de servizo da infraestrutura. O proxecto contempla o fresado do firme existente, recrido con capas sucesivas e aplicacións de adherencia. Nas zonas máis deterioradas

executarase a demolición completa do paquete de firmes e a escavación dun metro de profundidade para repór as capas dende a base. Tamén se regularizarán as beiravías e mellorarase a sinalización horizontal e vertical.

A actuación prevé tamén a reposición de elementos técnicos clave, como as estacións de aforo e as xuntas de dilatación das pontes do tramo.

A Deputación adxudica melloras en vías de Guntín e Portomarín

A Xunta de Goberno da Deputación acordou aprobar a adxudicación de estradas ao seu paso por Portomarín e Guntín. A institución provincial adxudicou á empresa Francisco Gómez y Cía SL por 314.910 euros a contratación das obras de mellora en dous tramos da LU-P-4902, entre Portomarín e Guntín, na vía que conecta o Alto do Valiño con Valdepo-

rrás por Vilaxuste.

Os traballos afectarán ao primeiro quilómetro da estrada e ao treito comprendido entre o punto quilométrico 4,100 e 11,315 e consistirán na reapertura das cunetas, pavimentación con aglomerado en quente e sinalización horizontal. O prazo de execución é de 2,5 meses unha vez iniciadas as obras.

25 ANIVERSARIO



A Banda e Escola Municipal de Música iniciou o seu Ciclo de concertos con motivo do seu 25 aniversario con In Memoriam, rendendo homenaxe a todos aqueles que xa non están. Contou coa participación especial da formación vocal lucense Solo Voces e a Coral Polifónica Guntín-Taboada.

Celebrarán a Festa dos Maiores na honra a San Isidro o día 10

Portomarín celebrará o vindeiro 10 de maio a Festa dos Maiores en honra a San Isidro, patrón dos agricultores e gandeiros, cun evento especialmente dedicado ás persoas maiores do municipio e a quen desexen acompañalas neste día.

O programa de actividades comezará ás 13:00 horas cunha misa na Igrexa de San Xoán. A continuación, ás 14:00 horas, ofrecerase un xantar de balde no Pavillón Municipal de Portomarín, onde os asistentes poderán desfrutar dun menú tradicional galego de forma gratuíta.

O menú incluírá entrantes variados, empanada, carne ao caldeiro con cachelos e torta, acompañados de viño, auga, café e unhas pingas de augardente da terra.

Durante a tarde, a xornada estará amenizada por un grupo musical en directo, que porá o ambiente festivo a esta cita xa consolidada no calendario local.

O Concello agradece que as persoas interesadas en asistir fagan a súa inscrición previamente, ben nas oficinas municipais ou a través dos teléfonos 682 633 936 ou 982 54 50 70, o antes posible, por motivos de organización.

Santalices, nomeado cabaleiro da Orde Serenísimas da Alquitara

O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices, foi nomeado cabaleiro da Orde Serenísimas da Alquitara na celebración da 53ª edición da Festa do Augardente de Portomarín, unha das celebracións máis antigas de Galicia.

O xefe do Lexislativo foi o encargado de pronunciar o pregón no que agradeceu a devandita distinción e destacou esta celebración como “un exemplo de honra ás máis vellas tradicións”.

Por outra banda, na súa intervención, Santalices, referiuse a Portomarín como unha etapa “imprescindible nas lembranzas dos peregrinos” do Camiño de Santiago que remata na praza do Obradoiro, e gabou a súa historia, arquitectura, paisaxe e gastronomía como principais atractivos turísticos para os visitantes.

A cita, que este ano levou por lema Camiños de Auga e Soños, desenvolveu un amplo programa de actividades para todos os públicos ao longo da xornada, nun ambiente festivo amenizado pola charanga Louband. A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, acompañada do de-



legado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, asistiu á 53ª edición da Festa da Augardente e destacou que se trata dunha cita idónea para celebrar estas bebidas “tan vencelladas á nosa tradición e cultura”.

Gómez lembrou que o Goberno autonómico impulsa selos de calidade específicos para as bebidas espirituosas galegas, que engloba as indicacións xeográficas de Augardente, Augardente de Herbas, Licor de Herbas e Licor Café. Sinalou que baixo estes distintivos conéganse 134 produtores, 13 destiladores e 21

elaboradores e envasadores. No ano 2024 producíronse máis de 298.000 litros cualificados, cun valor económico estimado de 3,67 millóns.

A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, participou este domingo tamén nos actos da Festa da Augardente de Portomarín.

García Porto salientou o apoio da institución provincial a este evento, co que colabora a través do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025 cunha achega de 6.000 euros.

portomarín

O PP denuncia que a Deputación tardou en comunicar o arranxo dunha estrada

O Partido Popular criticou ao goberno provincial pola súa tardanza de ano e medio en comunicar ao alcalde de Guntín, Ángel Pérez, o arranxo da estrada LU-P-2403, que conta cun treito de arredor de 30 metros no aire tras perder o seu asentamento. Esta situación supón un grave risco para a seguridade viaria, especialmente tendo en conta que por esa vía circulan a diario numerosos vehículos pesados.

O voceiro provincial do PP, Antonio Ameijide, e o propio alcalde de Guntín revisaron recentemente o estado da estrada e coincidiron en sinalar “o enorme risco” que representa. Ameijide aproveitou para insistir na “necesidade de mellorar de forma urxente o mantemento das estradas provinciais, xa que son un verdadeiro perigo para a seguridade dos seus usuarios”.

Pola súa parte, Ángel Pérez amosouse preocupado pola situación e reclamou unha solución inmediata: “Agardamos que se corrija esta situación no menor tempo posible para garantir a seguridade de todos os veciños, xa que se trata dunha estrada moi empregada ao comunicar núcleos de poboación importantes como Lousada ou Grolos”.

A Deputación aproba novos investimentos na vía que une o termo municipal con Pol

A Deputación de Lugo aprobou destinar preto de 3 millóns de euros para seguir mellorando a mobilidade da provincia a través da licitación e a adxudicación de diferentes contratos. Así o avanzou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, tras a reunión semanal da Xunta de Goberno. Por unha banda, Rivera Capón explicou que “licitamos novos proxectos para acondicionar dúas estradas ao seu paso polos concellos de Pol, Castroverde e Pedrafita do Cebreiro cun investimento conxunto de máis dun millón de euros”.

Entre Pol e Castroverde mellorase cun investimento de máis de 650.000 euros a un tramo de algo máis de 1,3 quilómetros do cinto comarcal, a LU-P-1611. “Trátase dunha actuación que supón unha gran mellora en materia de seguridade para os veciños e veciñas que empregan diariamente esta estrada e que é unha verdadeira arteria de comunicación para a comarca de Lugo”. Sobre este proxecto tamén avanzou que “por cuestións alleas á Deputación e por causas da empresa que resultou adxudicataria no seu momento, vémonos na obriga de sacalo a licitación novamente”. Os traballos afectarán ao treito que vai do punto quilométrico 106,5 ao 107,8 e consistirán na reconstrución da ponte que está situada no río Azúmara, na pavimentación con aglomerado en quente e na sinalización da vía mediante marcas reflexivas brancas. Ademais, tamén se realizará a plantación de árbores, entre outras medidas ambientais. O prazo de execución destes traballos é de 9 meses desde o inicio das obras.

PARTIDO POPULAR. Os deputados do Grupo Provincial Popular demandan á Deputación a instalación de medidas de contención para mellorar a seguridade viaria na estrada LU-P-1205. O punto específico no que se concentraron as súas peticións é unha curva situada nun tramo con desnivel, un lugar no que xa se produciran varios accidentes debido ás condicións da vía. O voceiro provincial do PP, Antonio Ameijide, xunto co voceiro do grupo, Pablo Figueiras, e varios concelleiros populares de Castroverde, visitaron a zona para revisar as condicións da estrada e avaliar as posibles melloras. Ameijide lembrou que o mantemento das estradas provinciais continúa sendo unha das tarefas pendentes no goberno provincial.



Castroverde acolle a segunda edición da proba ciclista A Fortaleza

Celebran a segunda edición da proba ciclista A Fortaleza o vindeiro 17 de maio en Castroverde, que contará con 350 persoas inscritas nas tres modalidades de participación pola Asociación Cultural e Deportiva A Fortaleza Sport, organizadora da proba. A iniciativa deportiva, que conta co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo a través dunha achega de 3.000 euros, consistirá nunha ruta de BTT curta de 31 quilómetros, unha ruta de BTT longa de 49 quilómetros e a ruta de gravel de 67 quilómetros. Así, tras o éxito do ano pasado,

manterase no calendario de eventos deportivos da primavera coa súa aposta polo BTT e o gravel, unha modalidade na que foron pioneiros na provincia. A organización ultima o acondicionamento dos circuitos nas semanas previas a celebración da proba, que tivo unha grande acollida, ampliándose as prazas de 300 a 350 pola alta demanda. A deputada Iria Castro explicou que “reforzamos o apoio a esta iniciativa, que ademais do seu interese deportivo, dá un gran impulso á difusión do patrimonio de Castroverde e moi especialmente á Torre da Fortaleza”.

Convocado o V Concurso de Microrrelatos polo día das Letras Galegas

O Concello de Castroverde convoca a súa quinta edición do Concurso de Microrrelatos, que nesta ocasión terá como temática central ‘O Xardín de Catuxa’. Este certame ten como obxectivo fomentar a escritura en lingua galega entre a poboación, así como incentivar a creatividade dos participantes, permitindo que todas as persoas interesadas a partir dos 12 anos poidan formar parte desta iniciativa cultural. O prazo para presentar os microrrelatos estará aberto desde o 17 de abril ata o 17 de maio de 2025. Durante ese período, os participantes deberán enviar as súas obras, que deberán adecuarse á temática proposta, mantendo un estilo narrativo conciso e cargado de significado. Un microrrelato é un texto breve

que debe expresar algo pequeno, pero con gran carga emocional ou simbólica. A súa composición debe evocar imaxes ou sentimentos sen caer en explicacións ou xuízos de valor, permitindo que o lector se sinta identificado ou sorprendido co que se narra. O xurado do concurso estará formado por profesionais especializados en linguaxe e literatura, quen valorarán os microrrelatos atendendo a criterios de ortografía, gramática, claridade do texto, adecuación ao tema e, por suposto, a creatividade e orixinalidade das obras presentadas. Os mellores microrrelatos serán recompensados cun total de catro premios: o primeiro premiado recibirá 400 euros, o segundo 200 euros, o terceiro 100 euros e o cuarto 60 euros.

Organizan para os meses de xullo e agosto o campamento de verán

O Concello de Castroverde abre o prazo de inscrición para o seu Campamento de Verán 2025, que terá lugar durante os meses de xullo e agosto, cunha ampla oferta de actividades deportivas, educativas e recreativas pensadas para favorecer a aprendizaxe e a socialización entre os máis pequenos. As inscricións poderán realizarse do 1 ao 15 de maio, e o campamento está dirixido a nenos e nenas en idade escolar. O obxectivo principal é ofrecer unha alternativa lúdica e formativa durante as vacacións, axudando a conciliar a vida familiar e laboral das familias. As actividades desenvolveranse en diferentes instalacións municipais, como o Pavillón Polideportivo A Ferrería, a Área Recreativa Veiga do Olmo ou as piscinas municipais.

O campamento terá lugar do 1 de xullo ao 31 de agosto, en horario de 8:00 a 14:00 horas, de luns a venres (excepto festivos). A entrada dos participantes será de 8:00 a 10:30 horas no pavillón polideportivo municipal, e a saída entre as 13:30 e as 14:00 horas, tamén dende o mesmo lugar, salvo indicación expresa dos monitores. O custo da actividade será de 120 euros ao mes por neno/a, aínda que os menores empadroados en Castroverde como mínimo tres meses antes do inicio do prazo de inscrición beneficiaranse dunha subvención do 50 %, polo que o prezo neste caso será de 60 euros ao mes. Con esta iniciativa, o Concello de Castroverde aposta por ofrecer un verán activo, educativo e divertido para a infancia do municipio.

Complétase o cartel do festival Entrepontes, que se celebra o día 24

O colectivo Fillos do Chaira de Rábade presentou o cartel da terceira edición do festival que se desenvolverá na localidade en maio baixo o título Festival Entrepontes. A data escollida foi o día 24 de maio para unha cita coa música que será gratuíta para os asistentes e que tivo un gran éxito nas dúas edicións pasadas e que mantén a data de celebración. A primeira confirmación do festival foi o grupo Biznaga, unha das bandas máis contundentes e influentes do punk-rock nacional, que chega a Rábade para arrasar coa súa enerxía e converter o escenario de Entrepontes en pura adrenalina. Tamén estaba confirmada xa a participación de Catuxa Salom, caracterizada por unha fusión do folk, a electrónica e os ritmos tribais latinoamericanos. Nesta ocasión subiranse ao escenario Hermana Furia, co seu rock salvaxe, que desborda enerxía e un son demoledor. Xunto a eles estarán tamén Jorobados del Miño, que chega a Rábade desde



Portomarín cunha música que combina o rock co blues clásico. A quinta confirmación do festival é Vimbio, a nova faciana da escena metal. Segundo avanzou a organización, o festival contará cunha xornada chea de actividades, entre as que figuran as infantís. Así destaca un taller de graffiti infantil a cargo de Diego As. Os rapaces crearán un mural guiados polo artista. Tamén repetirase a festa Holy.

O Castro de Viladonga volverá acoller un campo de voluntariado

O Diario Oficial de Galicia publicou a convocatoria da nova edición do programa Conecta co Voluntariado en Galicia, unha iniciativa da Secretaría Xeral da Emigración, en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, destinada á mocidade galega do exterior co obxectivo de facilitar o contacto coa realidade galega, o coñecemento da súa contorna e a convivencia con outras persoas de distintas procedencias, a través da participación en actividades de voluntariado cultural e medioambiental.

Nesta edición de 2025, a Xunta convoca un total de 50 prazas, das cales 40 resérvanse para mozos galegos residentes no exterior e 10 para residentes en Galicia. O programa desenvolverase entre o 26 de agosto e o 6 de setembro, e as persoas

participantes poderán elixir entre dous campos de voluntariado: un de carácter ambiental e outro cultural. En todo caso, tamén poderán manifestar o seu interese en participar na opción non elixida no caso de non resultar adxudicatarias dunha praza no campo escollido e quedar vacantes no outro.

O campo de voluntariado ambiental desenvolverase na ría de Arousa, na provincia de Pontevedra, e estará centrado na adecuación do espazo ambiental mariño e costeiro. Pola súa parte, o campo de voluntariado cultural levarase a cabo no castro de Viladonga, no concello lugués de Castro de Rei, onde as persoas participantes colaborarán co equipo de escavación e conservación deste xacemento.

As persoas interesadas deberán ter entre 21 e 30 anos a 20 de xullo de 2025, ter nacido en Galicia ou ser

descendentes de persoas emigrantes galegas, posuír nacionalidade española e estar vinculadas a un concello galego a través do Padrón de Españoles Residentes no Estranxeiro (PERE) cunha antigüidade mínima de tres meses contados desde o día da publicación da convocatoria no DOG. Ademais, deberán carecer de discapacidades que lles impidan viaxar ou participar con normalidade nas actividades.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 26 de maio de 2025. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, aínda que tamén se poderán tramitar a través das entidades colaboradoras nos países de residencia, nos consulados ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

O día 10 será a Noite dos Museos con actividades

O vindeiro sábado, 10 de maio, o Museo do Castro de Viladonga únese á celebración da Noite dos Museos cun programa repleto de actividades pensadas para todos os públicos. A xornada comezará ás 17:00 horas con xogos tradicionais da man de Xotramu, seguidos ás 18:00 horas polo espectáculo Rekalde do grupo A Casa da Troula, que promete encher de cor e alegría o recinto.

A música será tamén protagonista coa actuación, ás 19:00 horas, de Branca Villares e as cantareiras no seu proxecto consoante, unha proposta que combina sonoridades tradicionais cunha visión contemporánea da música galega. Para poñer o broche de ouro á celebración, ás 20:30 horas ofreceranse petiscos, bebidas e queimada, mantendo viva a tradición e o bo ambiente



ata o final da noite.

A actividade está organizada polo Museo do Castro de Viladonga, coa colaboración da Asociación de Amigos do Museo e o Concello de Castro de Rei. A entrada é libre e está dirixida a todo tipo de público, converténdose nunha excelente ocasión para descubrir ou redescubrir o museo nunha das súas noites máis especiais.

o corgo

O PP denuncia que o Goberno se nega a mellorar a seguridade na N-VI

Os senadores lucenses do Partido Popular, José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano, denunciaron que o Goberno de Pedro Sánchez non contempla ningunha actuación para mellorar a seguridade viaria na estrada N-VI ao seu paso polo núcleo urbano do Corgo.

Acompañados polo alcalde do municipio, Felipe Labrada, os parlamentarios deron a coñecer a resposta oficial do Executivo ás preguntas formuladas no Senado para saber se estaba previsto adoptar medidas como unha rotonda ou outra fórmula técnica que contribuíse a reducir o perigo para os peóns na zona.

Segundo explicou Barreiro, o Goberno considera que a intersección situada no punto quilométrico 487+500 “funciona correctamente e non presenta ningunha problemática de seguridade viaria ata a data”. Para o senador popular, esta resposta “é para enmarcar”, pois ignora completamente a realidade dun punto “que carece de pasos de peóns, sinais de regulación ou elementos de calmado do tráfico”, a pesar de atoparse moi preto do centro de saúde, outros servizos públicos e ser escenario dunha feira mensual que atrai a numerosos visitantes.



Agader convoca as bases do Leader e as axudas do 2025 por 600.000 euros

Agader publicará nos vindeiros días as bases reguladoras do programa Leader 2023-2027, así como a correspondente convocatoria de axudas para o ano 2025. Así se anunciou este mércores durante a reunión da Xunta Directiva do GDR Terra Chá. O prazo para presentar as solicitudes será ata o 30 de maio (que é dun mes desde a súa publicación no DOG).

Na convocatoria de 2025, o GDR Terra Chá disporá dun orzamento próximo aos 600.000 euros. Estes fondos repartiránse en tres tipoloxías de proxectos. Por unha parte, os proxectos produtivos, dirixidos a empresas, persoas autónomas e coopera-

tivas, contarán cunha partida de arredor de 417.000 euros. Os proxectos non produtivos públicos, para iniciativas promovidas por entidades públicas, disporán de 149.000 euros. Finalmente, os proxectos non produtivos privados, destinados a asociacións ou entidades sen ánimo de lucro, terán asignados 30.000 euros. As persoas interesadas dos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Xermade e Vilalba poden solicitar máis información nas oficinas do GDR Terra Chá, situadas na Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n, 27800 Vilalba, ou chamando ao teléfono 982 51 23 69.



Margarita Ledo recibe en Barcelona o premio Letras Galegas Vivas

A Biblioteca Sabela Labraña, pertencente á Asemblea Cultural Galega de Barcelona, homenaxeou a figura da cineasta, xornalista, feminista e activista Margarita Ledo Andión coa entrega do II Premio Letras Galegas Vivas, recoñecemento que destaca o compromiso coa lingua e a cultura galegas.

Como parte das actividades arredor do galardón, o pasado 25 de abril proxectouse no cinema Maldà de Barcelona a película de non ficción *Nación* coa presenza da directora, Margarita Ledo. A proxección dedicouse postumamente a Nieves Pérez Lusquiños, protagonista do filme, falecida o pasado 16 de abril. Estreada no ano 2020, *Nación* relata a incansábel loita laboral das traballadoras da fábrica de cerámica da Pontesa (Pontevedra), que pechou no ano 2001, e a súa perseveranza na de-

fensa dos seus dereitos. O documental complementase con innúmeros fragmentos de memoria colectiva das mulleres silenciadas.

A película foi premiada no Festival de Cinema Europeo de Sevilla en 2020 e distinguida polo Instituto da Cinematografía e Artes Audiovisuais (ICAA) como obra “especialmente recomendada para o fomento da igualdade de xénero”. Varias dúcias de persoas asistiron á proxección e participaron nun coloquio coa directora, que permitiu afondar nas motivacións e no contexto da obra.

O día 26 no Ateneu Roig, sede da asociación, realizouse o acto de entrega do premio nun ambiente de emoción e compromiso coa lingua. A xornada abriu cun debate coa propia Margarita, quen reflexionou sobre a situación actual do galego e os desafíos que afronta.

Abre a inscrición para os campamentos urbanos

O Concello de Outeiro de Rei abre o prazo de inscrición para os Campamentos Urbanos, que se realizarán do 30 de xuño ao 4 de xullo para os nenos e nenas de 4 a 7 anos e do 7 ao 11 de xullo para os nenos e nenas de 8 a 12 anos. Este ano haberá unha nova actividade, Mocidade en Acción, para mozos e mozas da ESO e 1º de Bacharelato, onde está previsto ir o día 26 de xuño ao Aquapark de Cerceda e o día 8 de xullo a Viveiro. Esta actividade terá un total de 25 prazas e unha cota de 15 euros. Ao ser limitado o número de prazas (30 por campamento e 25 no caso da iniciativa Mocidade en Acción) estas cubriranse por rigorosa orde

de solicitude tendo preferencia os nenos e nenas empadroados no concello e o alumnado do CEIP Laverde Ruíz. O prazo para anotarse permanecerá aberto do 6 de maio ao 6 de xuño ou ata cubrir prazas. Nos campamentos realizarán actividades como obradoiros, xincanas, xogos de equipo, irán ao parque acuático de Cerceda, etc. Teñen un custe de 30 euros o primeiro, de 40 o segundo e de 15 Mocidade en Acción, que deberán aboarse sempre antes de rematar o prazo de inscrición. Pódense reservar as prazas nas oficinas municipais da Casa da Cultura de 10:00 a 14:30 horas ou chamando ao 982 393 408.



Aprobada a terceira modificación da RPT para unha praza de tesoureiro

Este xoves celebrouse ás 12:00 horas na Casa Consistorial de Outeiro de Rei un pleno ordinario no que se trataron varios asuntos relevantes para o funcionamento do Concello. Na sesión aprobouse, con 11 votos a favor e 1 abstención, a acta da sesión anterior. Ademais, formalizouse a toma de posesión de Noelia Fompedriña como nova concelleira do BNG en substitución de Xosé Ferreiro Fernández, quen presentou a súa renuncia por motivos persoais. Fompedriña, natural da parroquia de Cela, persoa vinculada ao mundo do asociacionismo estréase así nunha corporación na que estará acompañada por Miguel Vieito e Elvira Lombao. “Representa unha nova xeración comprometida e con ganas de mellorar o futuro de Outeiro de Rei”, expoñen dende o BNG. “Asumo reto de entrar no grupo municipal con ilusión e con ganas de achegar ideas para conseguir que o concello de Outeiro de Rei sexa un concello mellor”, expuxo Noelia. Entre os temas destacados, apro-

bouse por unanimidade a terceira modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT), que inclúe a creación da praza de tesoureiro de habilitación nacional. Esta medida ten carácter preventivo, ante a próxima xubilación do actual titular do posto, co obxectivo de garantir a continuidade e o bo funcionamento da administración municipal. Tamén se aprobou por unanimidade a modificación do Anexo de Persoal funcionario I, no marco do expediente de elaboración e aprobación do orzamento municipal. Por último, debateuse o expediente do convenio de contratación para a recollida do lixo, co fin de realizar unha delegación de competencias no Concello de Begonte. Deste modo, Begonte encargárase da tramitación da contratación deste servizo. O convenio abrangue os concellos de Castro de Rei, Cospeito, Friol, Guntín, Mondoñedo, Rábade e Outeiro de Rei. A proposta foi aprobada con 12 votos a favor e 1 abstención.

A Feira do Libro local recadou 600 exemplares para Pediatría do Hula

A I Feira do Libro de Outeiro de Rei organizada desde o Departamento de Biblioteca do CEIP Laverde Ruíz e coa colaboración de toda a comunidade educativa e o Concello de Outeiro de Rei foi todo un éxito. Desde ás 10.00 horas, cando comezou a xornada coa inauguración a cargo do alcalde, José Pardo, e coa lectura dun poema de Manuel María por parte de Toño Núñez, os nenos e nenas do colexio puideron desfrutar da experiencia de achegarse a autores recoñecidos de libros infantís e desfrutaron dun gran contacontos da man de Ana Meilán. Durante a xornada, ademais dos autores dos libros, estiveron presentes tres librarías, unha de Rábade, outra de Castro Riberas de Lea e outra de Lugo, fomentando así a participación de diferentes entidades de concellos limítrofes; así como tamén estivo presente o Centro Ocupacional de Vilalba coas súas rosas de papel, que se agasallaban con cada compra dun libro. “Esgotáronse á metade da tarde, o que nos fixo ver que se venderán xa 300 libros”, explicaba unha das promotoras do evento. Unha das propostas máis interesan-



tes da xornada foi a materialización dun punto de doazón de libros dirixido a recoller libros que nenos ou maiores tiveran en casa e que xa non quixeran para poder doalos á Aula Pediátrica do HULA. Esta iniciativa tivo tanto éxito que as profesoras organizadores non o crían: “Cando vimos a cantidade de libros que había dentro, non o podíamos crer. Case 600 libros doados para os nenos e nenas do HULA. A xente foi moi xenerosa”, sostiveron. Con todo, tamén destacou na I Feira do Libro a participación das escritoras Rocío López e Sabela Núñez, o artista Anxo Moure, o mago David Méndez, o guía turístico Guido Ál-

varez, a presidenta de Aspace e escritora Fernanda Arroxo, a escritora Marisol Bravos; o bicampión de oratoria do Parlamento Xove, Daniel Vázquez, o escritor Jordi Cicely e a ilustradora e debuxante Milena, que deleitou aos máis pequenos coas súas creacións no papel. Ademais, a I Feira do Libro de Outeiro de Rei rematou coa actuación da Escola de Música local, que puxo o broche de ouro unha xornada inesquecible. Desde o Concello de Outeiro de Rei, que organizaron tamén un sorteo entre as persoas presentes, recoñeceron o éxito deste evento e aseguran que “xa estamos pensando na feira do ano que vén”.



Iníciase o trámite para acoller a primeira escola de kárting de Galicia

Este luns celebrouse no salón de plenos de Outeiro de Rei, a reunión oficial para o pacto de convenio entre Escuela Rácing e o concello de Outeiro de Rei para a apertura e creación da primeira escola de kárting de Galicia. Este convenio está firmado con duración de 2 anos e terá dispoñible o circuito de Outeiro de Rei. Esta escola estará destinada a nenos de entre 5 e 12 anos. Funcionará como actividade extraescolar

dous días á semana, de martes a xoves, de 16:00 a 20:00. O sistema de actividades estará organizado por niveis de dificultade dependendo da experiencia de cada neno. Para niveis de iniciación, prestarase todo o material necesario. Os nenos e nenas pertencentes ao concello de Outeiro de Rei contarán con un desconto do 50 %. Ofrécese máis información en squadracin-gaoficial@gmail.com ou nos teléfonos 633 693 060 e 636 708 527.

O PP reclama compensacións para os concellos que teñen cárceres

O PP levará ao Congreso dos Deputados dúas iniciativas centradas en defender os intereses dos Concellos que acollen centros penitenciarios e en promover o desenvolvemento económico dos municipios a través do apoio ao comercio local. A primeira das iniciativas solicita que o Goberno de España compense economicamente aos municipios nos que se sitúan cárceres dependentes do Ministerio do Interior. Os populares denuncian que estes concellos están obrigados por lei a prestar servizos básicos como o subministro de auga, a recollida de lixo ou o mantemento viario, sen recibir contraprestación algunha por parte do Estado. Ademais, estes centros están exentos do pagamento do Imposto de Bens Inmóveis (IBI), o que supón unha importante perda de ingresos para as arcas municipais. A segunda PNL diríxese ao Ministerio do Interior cunha proposta para que se prioricen, sempre que sexa posible, as compras públicas nos comercios locais. “Non pedimos ningún trato de favor, senón un trato xusto para os concellos”, conclúen.

COLABORACIÓNS

Analóxico ou dixital?

O PUPITRE



Julio Díaz

Desde o pasado 19 de marzo o debate do ensino dixital copa as conversacións entre pais, profesores e sociedade en xeral, cando a Comunidade de Madrid anunciou que o próximo curso escolar, 2025/2026, vai ser a primeira que faga desaparecer das aulas de Infantil e Primaria o uso individual de dispositivos dixitais, iso si, sen vulnerar a adquisición destas competencias. Boto en falta antes de aplicar tal decisión, un debate sereno desta medida tan intrusiva que, por outra banda, atenta totalmente contra a liberdade e autonomía dos centros educativos.

Tras toda unha vida de traballo na docencia e nas contornas escolares, teño comprobado que, en moitas ocasións, as decisións sobre a presenza ou ausencia da tecnoloxía nas nosas aulas non responde a unha reflexión pedagóxica profunda, senón a plans preventivos ou restritivos que non sempre consideran as implicacións formativas. E iso resulta especialmente relevante cando falamos de etapas como Infantil e Primaria, onde asentamos as bases da aprendizaxe autónoma, o pensamento crítico e a alfabetización dixital.

Penso que prohibir dispositivos non pode ser a saída, o que precisamos os docentes é formación, acompañamento e criterios pedagóxicos claros. Utilizar a tecnoloxía de forma lóxica, adaptada ao contexto e vinculada a obxectivos concretos.

Non se trata de aumentar a exposición ás pantallas, senón de que esas pantallas cando se usen, teñan sentido e estean ao servizo da aprendizaxe.

A educación non pode renunciar ao seu tempo. Se desexamos que a escola forme cidadáns con sentido crítico do mundo no que habitamos, non podemos seguir actuando como si a tecnoloxía fose unha ameaza que temos que evitar. Non se trata de suprimir, senón de educar. Non se trata de prohibir, senón de ensinar a elixir. Non se trata de enfrontar o analóxico co dixital, nin de converter a ensinanza nunha experiencia centrada unicamente nas pantallas. A pregunta é outra: como acompañamos aos nosos alumnos no uso ético, crítico e eficiente da tecnoloxía desde os primeiros anos.

Creo sinceramente que as vantaxes do uso da tecnoloxía nas aulas superan amplamente os posibles inconvenientes. Antes a educación baseábase na memorización de constante información, pero debemos ser conscientes que as novas xeracións son nativos dixitais, pasan o día rodeados de aparellos tecnolóxicos e, por tanto, están máis predispostos a utilizalas en actividades de estudo e aprendizaxe. Isto representa unha motivación moito maior que a que pode espertar escoitar simplemente ao seu profesor.

Ter en conta tamén que o noso mercado laboral tamén cambiou e a día de hoxe as empresas demandan competencias diferentes ás de fai anos, e as tecnoloxías poden converterse en aliados para fomentar a participación e dinamizar as clases. Ambas formas de ensinar non so poden coexistir, senón complementarse.

Para min o debate non debería ser si se prohiben os dispositivos, senón máis ben como e cando os empregamos

Ayuso recapacita: matemáticas e lingua si, pero novas tecnoloxías tamén.

Contundente resposta

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Igual non é o medio máis axeitado un xornal coma o noso para poñermonos a falar de Donald Trump, ese pintoresco home xa entrou en anos –en absoluto menosprezamos as persoas maiores– con pelo alaranxado que manda nunha das principais potencias a nivel mundial. Fíxense que dicimos unha delas, porque non está tan claro que siga sendo a primeira como o foi sempre. E de aí poden vir algunhas das polémicas decisións que vén tomando nos últimos tempos. O obxecto do Terrachaxá é centrarse no local, o que nos atinxe cotidianamente á veciñanza da bisbarra. Temos asuntos máis interesantes que tratar, polo tanto, centrarnos no presidente americano non pro-

cede demasiado, aínda que todo está interrelacionado, sen ningún xénero de dúbidas.

Mais o mencionado mandatario sempre dá xogo, abofé que si. Desde que volveu ao poder non lle tremeu o pulso, e a golpe de decreto ditou aranceis para os produtos que o resto do mundo envía a USA, polo que a consecuencia inmediata é o encarecemento dos mesmos, para as empresas que os venden, pero tamén para quen os consumen cando chegan ao seu destino. Así que os estadounidenses están a padecer nas súas economías os arrebatos do seu líder e dos compañeiros de viaxe que ten como asesores principais. Bens de diverso tipo, que van desde os electrodomésticos ata a roupa ou vehículos, e sobre todo alimentos en xeral, están a aumentar de prezo, polo que as familias daquelas latitudes teñen que incrementar o seu presupos-

to destinado a cubrir unha necesidade elemental e básica como é a alimentación.

A reacción do resto do mundo tampouco se fixo agardar e con maior ou menor celeridade, tanto a China, a Unión Europea e distintos países de América están a mover ficha. Pero falando de respostas, escollemos a dada por un chairego, Daniel Pérez, quen se dedica a elaborar queixo da denominación San Simón da Costa desde hai anos, presidindo ademais o Consello Regulador. Con contundencia e decisión, foi quen de mandarlle recado ao inquilino da Casa Branca e, cheo de razón, espetoulle que podía poñer tódolos atrancos que estimase oportuno, pero se el quería degustar un bo queixo, non lle quedaría outra que comer o queixo de San Simón. Así de claro, sen pensalo dúas veces e nin pedir permiso a ninguén. O noso paisano sabía

O RECUNCHO DE CANELINA



ben do que falaba e aínda parecendo que foi de sobrado con semellante afirmación, nada máis lonxe da realidade. O queixo de San Simón non é so unha marca, senón todo un emblema da Terra Chá. De ser vendido nas feiras locais pasou a ter un recoñecemento lonxe das nosas fronteiras, recibindo prestixiosos galardóns, abríndose camiño en numerosos mercados. Disque xa o producían

os celtas, así que atesoura un longo percorrido; de aí que sexa motivo de satisfacción para quen hoxe en día segue a producir este manxar, que abofé sería ben estimada polo mencionado dirixente. Orgullo do propio amosou o temón da Queixería Daniberto, un sentimento que deberíamos estendelo a moitas outras cousas máis. E con alegría, rematamos de escribimos o artigo cen desta columna.

LUGOXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@lugoxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 56-2021

DEPORTES

EN BREVE



PIRAGÜISMO. As integrantes do equipo das Dragonas do Cidade de Lugo de piragüismo se fixeron en Sevilla coa medalla de ouro no Campionato de España, na categoría PD3. Tralos primeiros cinco meses de adestramento se fixeron co ouro no Campionato Galego, na modalidade de Dragon Boat, e logo repetiron a xesta sobre unha distancia de 2.000 metros.



BILLAR. María Teresa Roperó, deportista do Club de Billar Adai, proclamouse campioa da 4ª Copa de España Feminina, derradeira etapa do Circuito Nacional Feminino de Pool, logrando a medalla de ouro, que asegura a súa presenza nos Campionatos Europeos de Pool 2026. O podio tamén contou con presenza galega grazas á actuación de Verónica González, integrante do Club Ourensán de Pool, que acadou a medalla de bronce.



TRAIL. O atleta lucense Federico Losada, do Club Deportivo Biosbardo, proclamouse subcampión de España na categoría M45 durante a súa participación no Campionato de España individual e por seleccións de Trailrunning. O seu éxito sumouse ao gran traballo do seu compañeiro Marcos Pascual, que contribuíu a lograr un histórico TOP10 por equipos, sendo esta a primeira vez que Galicia acada esta posición na clasificación por seleccións.



NATACIÓN. O Portamiñá celebra os resultados acadados polos seus nadadores no Campionato de España de Augas Abertas, celebrado recentemente en Eivisa, onde a lucense Inés Mourenza logrou o subchampionato de España na categoría júnior na esixente proba de 10 quilómetros, e repetiu podio con segundo posto na modalidade Knock Out 3000 metros júnior-2.

Lugo será o epicentro de diversas competicións oficiais de voleibol

O Concello de Lugo e a Real Federación Española de Voleibol (RFEVB) selaron un acordo de colaboración que consolidará á cidade como unha das principais sedes de preparación e competición das seleccións nacionais de voleibol. Este acordo converterá o Pavillón Municipal de Lugo nunha referencia para o desenvolvemento e proxección das seleccións españolas, tanto nas categorías inferiores como en equipos absolutos. Lugo será a sede durante 2025 de diversas concentracións e competicións oficiais, con participación das seleccións absolutas masculina e feminina, así como de equipos

sub21, sub25 e sub16. Entre os eventos máis destacados, o Pavillón Municipal acollerá a Golden League Europea, na que a selección española masculina xogará contra Eslovaquia e Letonia do 20 ao 22 de xuño. Ademais, a selección feminina realizará unha concentración en Lugo do 6 de xullo ao 9 de agosto, onde se enfrontará a Portugal o 6 de agosto, nun amistoso preparatorio para o Campionato de Europa. O acordo tamén inclúe a preparación da selección sub21 feminina, que se concentrará en Lugo entre o 15 de xuño e o 2 de xullo, con partidos amigables, entre os que

destaca un fronte a Portugal o 28 de xuño. Este evento culminará coa celebración do Campionato de España Júnior Feminino do 14 ao 18 de maio, co Emevé como club anfitrión e o Pavillón Municipal como sede principal. Finalmente, Bustos tamén quixo resaltar o papel fundamental do Arenal Emevé, club que forma a 500 mozos e mozas e que recentemente conseguiu manter aos seus equipos feminino e masculino na elite do voleibol nacional. “Este recoñecemento tamén é para a familia Bouza, que impulsou un proxecto deportivo que é hoxe un orgullo para Lugo”, concluíu.



Folgueiro, Riotorto e Brollón clasifícanse para semifinais da Copa Deputación

A Copa Deputación xa ten tres equipos clasificados para as semifinais da categoría, que se celebrarán unha vez rematada a Liga, xa entrado o mes de xuño. Só queda por resolverse o enfrontamento entre o San Roque e o Becerreá, programado para mediados de maio. Na xornada de cuartos disputáronse tres encontros decisivos, nos que os dous conxuntos da Terceira que aínda permanecían na competición quedaron fóra. O Folgueiro foi contundente fronte ao Cazás, cun triunfo por 0-4. O primeiro tanto chegou desde os once metros xusto antes do descanso, e o segundo nada máis comezar a segunda metade, abrindo a porta a un final cómodo para sentenciar o resultado. O outro equipo de Terceira en liza, o Goiriz, tivo unha saída complicada ante un Riotorto moi entonado. Ao descanso o marcador xa reflectía un 0-2, que se ampliou a 0-3 nada máis reanudarse o xogo. Malia o golpe, os locais non baixaron os brazos e recortaron distancias con dous goles —o primeiro de penalti— xerando incerteza nun tramo final no que ambos tiveron ocasións, pero sen máis variacións no resultado (2-3). O Paradela e o Brollón protagonizaron un encontro moi equilibrado, que rematou sen goles no tempo regulamentario, reflexo da súa semellante traxectoria na Liga, onde só os separan sete puntos. O pase tivo que decidirse na quenda de penaltis, onde os da Pobra foron máis efectivos e impuxéronse por 4-5.

Acondicionan o circuío municipal Jorge Prado para o Premio de España

O circuío municipal Jorge Prado está sendo acondicionado para acoller o Gran Premio de España do Campionato do Mundo de Motocrós os días 10 e 11 de maio. O Gran Premio de España será neste 2025 a oitava proba puntuable para o Campionato do Mundo de Motocrós, que se disputará nas categorías MXGP, MX2, o Europeo de 250cc e o Mundial feminino, o que significa que Lugo será ademais o epicentro no que se dean cita as e os mellores pilotos do mundo. Xunto aos representantes do club Motopark Lugo, entidade que se ocupa da xestión e conservación desta infraestrutura municipal, o alcalde de Lugo, Miguel Fernández, e o concelleiro de Deportes, Jorge Bustos, percorreron o circuío para determinar as inversións a realizar e as tarefas de mantemento necesarias para o desenvolvemento da proba de nivel internacional. As melloras levadas a cabo desde o

Concello incluíron labores de desbroce, ás que se sumaron os traballos de mantemento realizados polo club concesionario. Precisamente, desde o Motopark Lugo explicaron que o feito de acoller outra proba do calendario mundial non implica máis tranquilidade; senón máis responsabilidade para mellorar tanto a infraestrutura a nivel deportivo, como os servizos que se prestan aos pilotos e ás escuderías como aos milleiros de asistentes e afeccionados que se agarda acudir á proba. Ademais de con inversións económicas, desde o Goberno Local prestarase apoio para a celebración da proba, mediante efectivos da Policía Local e de Protección Civil. O alcalde de Lugo lembrou “a aposta decidida que o Concello de Lugo fixo pola creación deste circuío, que este ano coa disputa por segundo ano consecutivo dunha proba puntuable para o Mundial de Motocrós”.

“A petanca é un deporte moi divertido, pero necesitamos un espazo cuberto”

Ilduara Montero Vázquez, presidenta do Club Petanca Lugo, pon en valor este deporte e expresa a única necesidade do club para cumprir o obxectivo: seguir atraendo afeccionados

Jessica Fernández

O Club Petanca Lugo mantén a súa actividade en favor do deporte minoritario desde 2017, cando uns amigos se xuntaron en Frigsa para comezar a xogar. Así, 8 anos despois continúan a súa andaina, tendo 16 persoas federadas e moitas outras que se animan a xogar a este “serio, pero divertido deporte”, tal e como sostén a súa presidenta, Ilduara Montero Vázquez.

“O máis bonito deste deporte é que é moi familiar e interxeracional, xa que hai nenos desde os 6 anos ata maiores de 80 e moitos anos. A xente pensa que este é un deporte de avós, pero nós xa sumamos catro xuvenís, ademais de contar con persoas de 20 e moitos anos, así como de todas as idades. E é moi bonito ver como veñen avós, pais e fillos a xogar. Concretamente, na miña familia xogamos todos: eu, o meu marido e o meu fillo, que está competindo agora na parte sur de Galicia, onde están as ligas de maior nivel”, explica. Así, comenta que eles están integrados na Liga Galega da zona norte, que só ten segunda división, pero “no sur de Galicia hai primeira división e división de honra. Nesas dúas temos a dous dos nosos xuvenís, que formaron parte da canteira do Club Petanca Lugo, o que para nós é un orgullo”, destaca. Ademais, a Selección Galega de Petanca ofrece adestramentos semanais con clases específicas de técnicos aos xuvenís de toda Galicia que se animan a apostar por este deporte, o que Montero valora moito.

Na zona norte tampouco cantan cunha liga feminina, como si existe na zona sur de Galicia, así como

tamén se creou unha liga mixta de dupleta, polo que na zona norte as mulleres están integradas na liga masculina, “na que permiten xogar a unha muller en cada triplete”, explica Ilduara, que di que “é o mesmo xogar con homes que con mulleres, aínda que si é certo que hai moitas mulleres que prefiren xogar só con mulleres e incluso hai algunha que lle dá mil voltas aos homes”, comenta.

Pero, para quen aínda non saiba en que consiste este deporte, Ilduara llo explica: “A petanca é un deporte de estratexia, como pode ser o xadrez. Temos un boliche, que é unha bóla pequena que se tira ao terreo de xogo, que adoita ser de area ou grava, e logo cunhas bólas máis grandes tes que tiralas para que queden o máis preto posible dese boliche. Parece sinxelo, pero tes que pensar que xogas contra outra persoa ou equipo que vai intentar que a súa bóla quede máis preto do boliche ou incluso mover a túa bola para que perdas. Pódese xogar de maneira individual, por dupletas (parellas) ou tripletas, que son equipos de tres persoas. Na liga e nos campionatos normalmente se xoga por tripletas e repártense seis bólas, polo que cada xogador ten dúas bólas para conseguir que a bóla quede o máis preto posible do boliche”.

OS BENEFICIOS. O deporte da petanca, tal e como sostén Ilduara, é moi competitivo e serio, durante as competicións, pero moi divertido no día a día; xa que “compartes espazo e tempo con persoas coas que fas amizade e ata se converten en familia. Pasamos moitas horas xogando



á petanca porque hai que pensar, reflexionar e calcular con que forza e cara a onde tiras a bóla para que quede preto do boliche, e iso mellora a capacidade de reflexión dos nenos e tamén dos maiores. Ademais, cando xogamos por tripletas tamén hai un gran traballo de compañeirismo e comunicación para definir a estratexia a seguir desde o principio, pero tamén antes de cada tirada”, comenta a presidenta.

Engade, tamén, que a petanca supón un esforzo mental ao analizar o terreo, porque unha pedra “pode estragar o tiro”, mentres que di que hai que “adestrar moito a puntería;

así como hai que ter moita paciencia, calma e serenidade, polo que axuda ás persoas con problemas de impulsividade a controlar os nervios”, explica, e engade que “a petanca é unha forma de distraerse e relaxarse, un deporte divertido que permite formar amizades con outras persoas, xa que cando os xuvenís viaxan coa Selección por España coñecen moita xente e fórmanse lazos irrompibles”, destaca.

Por outro lado, destaca a inclusividade deste deporte: “Unha persoa cunha discapacidade tamén pode formar parte do Club Petanca Lugo. Nós contamos cun socio cunha mi-

nusvalía e que vén xogar á petanca e ten participado no Campionato de España e conseguiu grandes premios, polo que é moi bo e é todo un exemplo para os demais. Apoiámonos entre todos e somos como unha familia, xa que é un deporte moi familiar e así queremos que siga sendo”, subliña a presidenta.

O FUTURO. No Club de Petanca teñen claro o que queren no futuro: seguir sumando socios e federados para participar en máis competicións. “Agora mesmo estamos participamos na Liga Norte e estamos intentando facernos oco nas fases previas do Campionato de España. Tamén participamos en torneos, como o que tivo lugar pola Festa do Cocido de Lalín, e organizamos cada ano un torneo polo San Froilán”, comenta Ilduara.

Ademais, engade que “o noso proxecto de futuro é seguir adestrando dous días á semana e que veñan máis nenos porque é moi bonito velos xogar, ver como aprender e van mellorando; que os nenos coñezan o deporte da petanca, que non é para avós, que é divertido, e así promoveremos que o club non desapareza, porque queremos seguir estando aí e incluso poder clasificarnos para algunha previa de España”.

Para atraer máis xente e seguir sumando socios, só teñen unha necesidade: que se cubran as pistas, “porque en Lugo chove moito e nos mollamos. Adestrar chovendo é incómodo e é o que fai que moitos pais non queiran deixar aos seus fillos con nós”, sostén Ilduara, que valora positivamente toda a colaboración que reciben do Concello de Lugo, que lles cede un local e as pistas para adestrar, pero piden que lles cubran as pistas con “algún material que se poida quitar e poñer, ou deixarnos un espazo cuberto habilitado con pistas pero nun interior, xa que en Lugo en inverno vai moito frío e as normas non nos permiten usar guantes na man que tira a bóla, polo que pasamos moito frío”, conclúe.

Lugo Sala abre as portas da súa escola o día 12

A ADC Lugo Sala porá en marcha, a partir do 12 de maio, as súas tradicionais xornadas de portas abertas, co obxectivo de dar a coñecer a súa Escola de fútbol sala a nenos e nenas interesados en formar parte do proxecto na tempada 2024-2025. Esta actividade, de carácter gratuito, prolongarase ata o mes de xuño e está dirixida a rapaces e rapazas que actualmente non pertencen á Escola pero que desexen descubrir de primeira man o seu funcionamento. Durante as sesións, os

participantes poderán coñecer a metodoloxía de adestramento, ao cadro técnico e aos que poderían ser os seus futuros compañeiros, ademais de vivir unha experiencia deportiva en primeira persoa. As xornadas están abertas a todas as categorías, desde biberón ata xuvenil, o que inclúe a nenos e nenas nados entre 2007 e 2020. Lugo Sala conta con equipos masculinos, femininos e mixtos e aposta pola formación deportiva inclusiva e de calidade.

Abertas as inscricións para a Liga Sénior 3x3 da Fundación Breogán

Lugo prepárase para acoller unha nova edición da Liga Sénior 3x3 organizada pola Fundación Breogán, que este ano celebra a súa cuarta convocatoria.

Baixo o lema ‘Baloncesto en estado puro’, o evento promete combinar deporte, compañeirismo e diversión, consolidándose como unha cita imprescindible para os amantes do basket.

A competición desenvolverase os días 30 de maio, 6 e 13 de xuño no Pazo dos Deportes, coa gran final programada para o 20 de xuño. A

categoría está dirixida a persoas maiores de 30 anos e será de carácter mixto, promovendo a participación inclusiva e diversa.

As inscricións xa están abertas e permanecerán dispoñibles ata o vindeiro 1 de maio, ou ata cubrir as 8 prazas dispoñibles. O custo de participación é de 25 euros por equipo, cun desconto especial para aquelas persoas que sexan socias benefactoras da Fundación. A organización ten preparado un amplo abanico de actividades complementarias: concursos de

tripas, competición de TwoBall, o “Súper Tiro do Xamón”, con premios cortesía de Torre de Núñez, e un terceiro tempo para fomentar a convivencia entre participantes. Ademais, os equipos contarán con equipacións personalizadas e a competición será arbitrada por colexiados oficiais da Fegaba. Con iniciativas como esta, a Fundación Breogán continúa a súa labor de promoción do deporte base e sénior, fortalecendo os lazos da comunidade arredor do baloncesto.

DE RUTA EN RUTA

Navia de Suarna: Ruta Penedo da Forca

Convértese nun tranquilo paseo baixo a frondosidade dos bosques, con saída no Campo da Feira e chegada á aldea de Vilarantón

O Concello de Navia de Suarna agocha un dos segredos mellor gardados da comarca dos Ancares: unha ruta circular que percorre parroquias e aldeas tradicionais entre bosques autóctonos e memoria histórica. A ruta Penedo da Forca, con algo máis de 7 quilómetros de percorrido (7,25 km), é unha viaxe no tempo a través da natureza e o patrimonio rural galego. A ruta ten como punto de partida a capital do municipio, situada a 28 km da estrada nacional N-VI. Desde alí, iníciase a camiñada no Campo da Feira, a uns 50 metros do núcleo urbano pola estrada que conduce a Vilarpandín. O traxecto remata preto da aldea de Vilarantón, a uns 200 metros, onde existe unha estrada que comunica novamente coa vila de Navia de Suarna, permitindo así pechar o círculo da ruta de forma cómoda. Esta ruta de sendeirismo convértese nun tranquilo paseo baixo a frondosidade dos bosques que rodean a Vila de Navia de Suarna, con saída no Campo da Feira e chegada nas proximidades da



aldea de Vilarantón. Trátase dun itinerario accesible e envolto na vexetación característica da zona. Desde o Campo da Feira, o camiño afástase da vila para adentrarse nun bosque frondoso de castiñeiros, carballos e loureiros. Ao avanzar, o silencio só é interrompido polo canto dos paxaros ou o murmurio do vento nas follas, creando un ambiente máxico que acompaña ao camiñante ata a aldea de Vilarantón. Alí, como testemuña doutros tempos, atopamos unha capela situada ao final da aldea, e varios hórreos que, aínda que poucos, resisten á erosión do tempo como parte esencial do noso patrimonio etnográfico. O regreso pode realizarse polo mesmo camiño ou, para quen desexe outra perspectiva, é posible seguir pola estrada á beira do río Navia. Esta variante leva ao visitante ata a área recreativa, onde se cruza o río por unha fermosa ponte de pedra e madeira. Desde

alí, pódese continuar cara á aldea de Barcia, onde se atopa un dos principais atractivos culturais da zona: a igrexa románica de Barcia, datada no século XIII. Ao tratarse dunha ruta que comeza e remata na capital municipal, conta con diversos servizos que fan máis agradable a experiencia: merendeiros, áreas recreativas e zonas de baño ideais para unha pausa refrescante no verán. En definitiva, esta ruta é unha verdadeira xoia para quen busca unha combinación perfecta entre natureza, tranquilidade e patrimonio. A súa dificultade baixa convértea nunha opción ideal tanto para camiñantes habituais como para familias. O bosque que rodea a vila crea unha atmosfera que invita á reflexión e ao goce do silencio rural. As aldeas que se percorren conservan o encanto da Galicia máis auténtica, e o camiño, tanto polo seu valor paisaxístico como cultural, é unha experiencia que se grava na memoria.



DATOS

2h 30'

7,25 quilómetros

Dificultade moderada

3.999,00 €

2.599,00 €

Últimas unidades a este precio cómpralo agora y págalo en 12 meses sin intereses

TRACTOR CUB CADET MTD MODELO RE 130H

Motor: MTD - 439 cc.

Potencia: 15 HP.

Ancho de corte: 92 cm.

Tracción: Hidrostático.

Capacidad recogedor: 240 l.

Ajuste altura de corte: 5 posiciones

DESDE

1.199,00 €

ROBOT CORTACESPED POR GPS. INTELIGENCIA ARTIFICIAL HASTA 6.000M²

FINANCIACIÓN 12

PÁGUE EN MESES SIN INTERESES

Ctra. de Santiago Km.3 (Salida Ctra. de Friol) - 27233 - Lugo

Telf.: 982 046 047 - info@millaven.com - www.millaven.com